Sobre o coñecemento por parte do Goberno galego da situación de contaminación ambiental que está a sufrir a veciñanza dos barrios do Roupeiro e da Parada, na parroquia de Matamá, en Vigo, estremeiros coas instalacións do polígono de Balaídos
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 46119 (11/POC-008487)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a demanda de información por parte da Xunta de Galicia respecto da adxudicación e construción da infraestrutura do viaduto do Castro, na A-6
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2023
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2023 10:01:37
Nº Rexistro: 46615
Data envio: 09/01/2023 10:01:37.382

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre o continuo colapso na Área Sanitaria Pontevedra-Salnés.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre esta cuestión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza da Área Sanitaria Pontevedra-Salnés ten activado o botón vermello do pánico diante da falta de atención sanitaria que viven de xeito permantente. Está farta de que o Sergas, o PP, poña en risco a súa saúde e a súa vida. Farta de que ter atención sanitaria dependa do factor sorte, de que se dea a casualidade de que haxa profesionais nos centros de saúde ou PAC, de que non estea saturados os servizos de urxencias hospitalarias.

O BNG leva meses denunciando esta situación límite que fai quen non haxa en toda a área ningún centro de saúde, PAC ou servizo de urxencias hospitalarios que funcione con normalidade, cos cadros de persoal que lles corresponden.

Nas datas de fin de ano a Xerencia da Área Sanitaria procedeu á contratación de dúas ambulancias medicalizadas cun contrato externo para cubrir a quenda das 15:00 do

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2023 10:01:37
Nº Rexistro: 46615
Data envio: 09/01/2023 10:01:37.382

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

día 31/12 ás 08:00 do 01/01 nos PACs de A Parda e de Baltar, que estaban sen médic@. Contratación da que non tiñan coñecemento nen @s profesionais que traballaban nese fin de ano nin nos PACs nin no 061. Ambulancias dotadas de persoal técnico de emerxencias sanitarias e de persoal médico, externos ao SERGAS e sen autorización para acceder á historia clínica electrónica d@s doentes nin podían prescribirlles medicación, e tampouco potestade para traballar dentro dos centros sanitarios.

Esta contratación realizouse coa opacidade e falta de transparencia que practica sistematicamente o Sergas, xera inseguridade para o persoal da Atención Primaria e do 06 e unha evidente inseguridade das persoas atendidas.

Un auténtico despropósito e irresponsabilidade que se suma a constante a falta de profesionais facultativ@s nos PACs, obrigando á poboación a desprazarse a outros centros ou aos servizos de urxencias hospitalarios, o que derivan en saturación e colapsos, denunciados polos propios profesionais.

É evidente a falta absoluta de previsión, de planificación e de non anticipación, a pesares que esta situación leva semanas véndose vir, sen que se coñeza nen aumento de recursos nin profesionais.

O Partido Popular ten que deixar de someter ao persoal a unha presión inasumíbel que lle impide prestar unha atención axeitada e deixar de poñer en risco a saúde e a vida das arredor de 300 mil persoas desta Área Sanitaria.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

"O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2023 10:01:37
Nº Rexistro: 46615
Data envio: 09/01/2023 10:01:37.382

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Presentar de inmediato un Plan de Continxencia para a Área Sanitaria Pontevedra-Salnés cunha dotación orzamentaria suficiente para facer fronte a esta situación de desatención e dimensionar os cadros de persoal co número de profesionais precisos para prestar un bo servizo e unha boa calidade asistencial.

2.- Presentar un informe no prazo máximo dun mes coas medidas de planificación e reforzos postos en marcha polo Sergas para anticiparse a esta situación (número de profesionais contratados para reforzar os servizos, en que datas, por canto tempo, que tipos de contratos...)

3.- Informe con todos os datos referidos á contratación de dúas ambulancias medicalizadas cun contrato externo para cubrir os PACs de A Parda e de Baltar na noite de fin de ano."

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

169244

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2023 10:01:37
Nº Rexistro: 46615
Data envio: 09/01/2023 10:01:37.382

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2023 09:45:15

Iria Carreira Pazos na data 09/01/2023 09:45:24

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2023 09:45:34

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2023 11:55:56
Nº Rexistro: 46648
Data envio: 09/01/2023 11:55:56.678

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Luis Bará Torres**, **Iria Carreira Pazos** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno galego dea conta no Parlamento das actuacións que levou a cabo en relación cos danos provocados polas riadas nos últimos días de 2022 e no día de ano novo en diferentes concellos galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Os pasados días 19, 24 de decembro e 1 de xaneiro producíronse episodios de intensas chuvias que afectaron a toda a Galiza e que tiveron unha incidencia máis forte nalgunhas zonas como o sur do provincia de Pontevedra.

Como consecuencia destas fortes chuvias producíronse cuantiosos danos materiais tanto en propiedade privadas como en bens de titularidade pública. No caso dos bens públicos resultaron afectadas pontes, estradas, sendas, pantaláns, instalacións deportivas ou parques infantís, e producíronse danos en bens do patrimonio cultural de grande valor e simbolismo como a Fonte de Troncoso, no concello de Mondariz Balneario, ou a fortaleza de Goián en Tomiño.

2. Na análise dos danos débese ter en conta a situación dos ríos e das bacías fluviais, o abandono de actividades tradicionais, os cambios na ocupación e nos usos do solo ou a construción de edificacións, algunhas delas ilegais e outras de iniciativa

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2023 11:55:56
Nº Rexistro: 46648
Data envio: 09/01/2023 11:55:56.678

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pública, en zonas potencialmente inundábeis. Todas estas cuestións deben ser avaliadas e estudadas co obxecto de previr no futuro situacións de emerxencia e riscos para bens e persoas.

3. En relación coas consecuencias dos asolagamentos das pasadas semanas, e nomeadamente dos que se produciron no primeiro día de 2023, na maior parte dos casos afectaron a bens de titularidade municipal e son os concellos quen están a facer a avaliación dos danos e a reparación dos mesmos.

Mais está claro que os concellos non teñen medios nin capacidade económica para asumir os elevados custos das obras que hai que levar a cabo e que ascenden a varios millóns de euros. Nunha situación de emerxencia como esta, o goberno galego debe exercer as súas competencias e asumir o liderado na resposta, con actuacións do seguinte tipo:

-Presenza no territorio e comunicación directa coas alcaldías para coñecer o alcance dos danos, colaborar na avaliación dos mesmos e analizar as medidas para reparalos.

-Coordinación coa FEGAMP para a avaliación global dos danos e o establecemento de axudas económicas aos concellos afectados.

-Demanda de colaboración a outras administracións, nomeadamente ao goberno central, mediante a dotación dun fondo extraordinario para facer fronte aos danos.

-Establecemento de medidas preventivas en relación con posíbeis episodios de chuvias nas vindeiras semanas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta a:

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2023 11:55:56
Nº Rexistro: 46648
Data envio: 09/01/2023 11:55:56.678

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Establecer comunicación cos concellos afectados e coordinarse coa FEGAMP para colaborar na avaliación dos danos provocados polo desbordamento de ríos e para estudar as medidas para reparalos.

2. Dotar un fondo económico para colaborar cos concellos na reparación dos danos das riadas en infraestruturas e bens públicos.

3. Aprobar un plan de protección, conservación e restauración de bens culturais afectados polas riadas.

4. Dirixirse a outras administracións, como as deputacións e goberno central, para coordinar a axuda aos concellos afectados polo desbordamento dos ríos.”

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/01/2023 11:43:28

Iria Carreira Pazos na data 09/01/2023 11:43:34

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2023 11:55:56
Nº Rexistro: 46648
Data envio: 09/01/2023 11:55:56.678

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2023 11:43:46

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2023 13:59:31
Nº Rexistro: 46674
Data envio: 09/01/2023 13:59:31.444

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández**, **Alexandra Fernández Gómez** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**, sobre o anteproxecto de lei de ordenación do litoral.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre o anteproxecto de lei de ordenación do litoral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado luns 19 de decembro publicouse no DOG anuncio da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda polo que se somete a información pública o anteproxecto de Lei de ordenación do litoral de Galiza. O citado prazo é de un mes, polo que remata o día 20 de xaneiro de 2023.

Grande parte do período de información pública coincidiu coas datas navideñas, o que dificulta a participación dos sectores e colectivos afectados, así como do conxunto da poboación.

O anteproxecto de lei citado é unha norma de especial transcendencia e complexidade, na que se inclúen aspectos económicos, produtivos, sociais, de identidade, patrimoniais, paisaxísticos, ambientais, urbanísticos e de ordenación do territorio.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2023 13:59:31
Nº Rexistro: 46674
Data envio: 09/01/2023 13:59:31.444

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Existen, polo tanto, moitos sectores afectados e interesados no contido desta lei, como é o da cadea mar industria, a pesca, o marisqueo, a acuicultura, o turismo, o ambiente, o ecoloxismo, o patrimonio cultural, o mundo da investigación, a universidade, a arquitectura, o urbanismo, o paisaxismo, o municipal…

Considerando que é de máximo interese promover un amplo proceso de participación e debate social sobre os obxectivos, as competencias, os instrumentos e as estratexias previstas nesta norma. E tendo en conta que este proceso pode ser moi útil para completar e enriquecer a lei, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

"O Parlamento insta a Xunta a:

1. Abrir un proceso de participación social e institucional sobre o anteproxecto de lei de ordenación do litoral durante un período mínimo de tres meses, no que se promova a intervención de cando menos os seguintes sectores:

-Os concellos, directamente e por medio da FEGAMP

-Os organismos de ámbito académico e universitario relacionados co mar e a costa.

-O Consello da Cultura Galega.

-O Consello Económico e Social.

-As organizacións ecoloxistas, conservacionistas e de custodia do territorio.

-A cadea mar-industria.

-As organizacións do sector da pesca, a acuicultura e o marisqueo.

-Os centros de investigación sobre o mar e a costa.

-As organizacións relacionadas co patrimonio cultural do mar e a costa, incluíndo a carpintaría de ribeira.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2023 13:59:31
Nº Rexistro: 46674
Data envio: 09/01/2023 13:59:31.444

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-As organizacións empresariais e sindicais.

E todas as demais entidades e colectivos que teñan vencellos ou relación co mar e a costa.

2. En consecuencia co anterior, ampliarase o prazo de información pública do anteproxecto de lei no tempo necesario para garantir a máxima participación social na súa elaboración e tramitación.”

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Rosana Pérez Fernández

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2023 13:37:21

Alexandra Fernández Gómez na data 09/01/2023 13:37:32

Rosana Pérez Fernández na data 09/01/2023 13:37:43

Paulo Ríos Santomé na data 09/01/2023 13:37:56

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46681
Data envio: 09/01/2023 14:10:33.819

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Marta Nóvoa Iglesias, Corina Porro Martínez, Teresa Egerique Mosquera, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez, Sandra Vázquez Domínguez, Borja Verea Fraiz, José Manuel Rey Varela, María Sol Díaz Mouteira, Ana Belén García Vidal, José Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Paula Prado del Río** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6º, de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo** polo **trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade dun pronunciamento do Parlamento de Galicia en relación con esta cuestión de máxima actualidade e relevancia.

Exposición de Motivos

O sector de automoción xoga un papel estratéxico na economía de Galicia e de xeito moi especial na economía de comarca de Vigo. Segundo os datos publicados polo clúster CEAGA, a facturación das empresas en 2021 ascendeu a 11.200 millóns de euros, xerando 23.450 postos de traballo directos que equivalen ao 13,7% do emprego industrial de nosa Comunidade Autónoma. Así mesmo, o balance do pasado ano tamén reflicte que a industria de automoción galega fabricou o 23,6% dos vehículos producidos en España, liderando un ano máis a clasificación nacional, grazas á que a factoría de Balaídos de Stellantis volve ser a fábrica de coches máis produtiva.

Cómpre recordar que CEAGA aglutina un completo ecosistema de colaboración integrado hoxe en día por máis de 200 empresas que van desde a empresa tratora (Stellantis), un centro tecnolóxico (CTAG), Tiers1, pemes e 64 startups nadas no seo do Business Factory Auto (BFA), desenvolvendo un firme compromiso co impulso da competitividade, a sustentabilidade e a innovación da industria de automoción galega nos últimos 25 anos. Un excelente labor que se plasma no feito de ser a organización clúster con mellor valoración da Unión Europea e o único clúster español con este recoñecemento na categoría de “Transporte, Mobilidade e Automoción”.

Sen embargo, o Goberno segue a deixar a Galicia fóra do reparto de fondos europeos, marxinado a propósito a actividade industrial e os empregos de milleiros de galegos e galegas, especialmente na Comarca de Vigo. Só así se explica que, tras o fracaso do PERTE VEC – deixando ao redor de 2.200 millóns de euros sen adxudicar, tras a terceira resolución da convocatoria –e tentar calmar os ánimos co compromiso de

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46681
Data envio: 09/01/2023 14:10:33.819

sacar outra convocatoria de axudas – se dedique a conceder a dedo axudas directas de maneira discrecional a determinadas comunidades autónomas.

De feito, despois da decisión do Goberno de deixar fora ás Comunidades Autónomas na xestión dos fondos europeos Next Generation, é difícil entender a decisión, de novo unilateral e ao marxe da Conferencia Sectorial de Industria, de asignar 90 millóns de euros para á Comunidade Valenciana para a implementación dun instrumento de apoio a proxectos para o desenvolvemento dunha fábrica de baterías, unha axuda directa incluída no artigo 63 do Real Decreto Lei 20/2022, do 27 de decembro, logo de ter concedido 357 millóns de euros ao proxecto liderado por Seat e Volskswagen ao abeiro do PERTE VEC. Curioso tamén é a publicación no BOE do día seguinte doutra axuda de 29,6 millóns de euros á Comunidade de Cataluña para a financiación de actuacións que faciliten o desenvolvemento do ecosistema eléctrico e conectado, cando o grupo a beneficiaria principal ben.

Todo isto sucede mentres Stellantis segue sen poder optar aos fondos europeos Next Generation para poder financiar o desenvolvemento das súas plataformas de vehículo eléctrico, a pesares de que o propio Goberno se comprometese a realizar unha nova convocatoria do PERTE VEC.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia demandar do Goberno Central unha axuda directa equivalente ao peso da industria da automoción galega no conxunto de España, que en ningún caso sexa inferior ao 23,6% dos fondos destinados ao PERTE VEC que na actualidade se sitúa en 2.975 millóns de euros en subvencións e préstamos"

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46681
Data envio: 09/01/2023 14:10:33.819

PARLAMENTO DE GALICIA

Pedro Puy Fraga na data 09/01/2023 13:55:40

Marta Nóvoa Iglesias na data 09/01/2023 13:56:03

María Sol Díaz Mouteira na data 09/01/2023 13:56:24

Cristina Sanz Arias na data 09/01/2023 13:56:44

José Antonio Armada Pérez na data 09/01/2023 13:56:59

Pardo López, Adrián na data 09/01/2023 13:57:21

Rodríguez Pérez, Moisés na data 09/01/2023 13:57:36

Sandra Vázquez Domínguez na data 09/01/2023 13:57:53

Borja Verea Fraiz na data 09/01/2023 13:58:08

María Corina Porro Martínez na data 09/01/2023 14:07:55

Teresa Egerique Mosquera na data 09/01/2023 14:08:10

José Manuel Rey Varela na data 09/01/2023 14:08:31

Ana Belén García Vidal na data 09/01/2023 14:08:49

José Alberto Pazos Couñago na data 09/01/2023 14:09:01

Noelia Pérez López na data 09/01/2023 14:09:12

Paula Prado del Río na data 09/01/2023 14:09:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46683
Data envio: 09/01/2023 14:19:37.803

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Marta Nóvoa Iglesias, María Sol Díaz Mouteira, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez, Sandra Vázquez Domínguez, Borja Verea Fraiz, Carmen María Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, María Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez, Daniel Vega Pérez e María Belén Salido Maroño** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo** polo **trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade dun pronunciamento do Parlamento de Galicia en relación con esta cuestión de máxima actualidade e relevancia.

Exposición de Motivos:

O pasado 28 de decembro de 2022 publicouse, sen previa consulta pública, o Real Decreto-lei 20/2022 de medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra de Ucraína e de apoio á reconstrución da illa da Palma e a outras situacións de vulnerabilidade. Unha nova norma na que inclúe un sexto paquete de medidas que, en teoría, están encamiñadas a facilitar o despegue de renovables e o autoconsumo.

Así pois, vemos outra vez que o Goberno de España acerta cando copia á Xunta de Galicia, aínda que o faga con certo atraso de tempo. Na exposición de motivos do devandito Real Decreto Lei recóllese expresamente:

"As expectativas xeradas pola devandita orde –en referencia aos borradores do Real Decreto 1183/2020, de 29 de decembro – fan que se estean observando movementos especulativos por parte de determinados axentes que están a iniciar os primeiros pasos nas tramitacións sen dar continuidade aos mesmos, co fin de bloquear emprazamentos a outros axentes que realmente están interesados en desenvolver proxectos renovables. Estas actuacións provocaron que nos últimos meses multiplicouse a presentación de garantías e de solicitudes para iniciar as tramitacións de autorizacións administrativas, e a petición de documentos de alcance ambientais ao amparo do artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro de avaliación ambiental, tramitacións que requiren de consultas ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, así como tamén de información pública no caso das autorizacións administrativas.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estes movementos previos son prexudiciais para os axentes realmente interesados en construír instalacións de xeración renovable para a poboación onde se sitúan as instalacións e para as administracións. Para os axentes, porque se produce o bloqueo de emprazamentos con elevado recurso renovable por parte de axentes que non están interesados en construír os proxectos. Para a sociedade onde se sitúa o proxecto, porque se inician tramitacións por un número de proxectos que nin a rede, nin a zona, desde un punto de vista social e ambiental, poden absorber.

E para as administracións, porque, nun momento en que estas se atopan tensionadas polo elevado volume de proxectos en tramitación, supón un emprego ineficiente dos recursos en proxectos que non poderán ser viables.

O anteriormente sinalado fai que resulte necesario suspender as tramitacións daqueles proxectos que, pretendendo evacuar en nós de concurso, aínda non dispoñan de permisos de acceso e conexión".

Neste contexto, establece unha moratoria de 18 meses ao suspender durante este tempo todas as tramitacións "en nós suxeitos a concurso de capacidade de acceso", unha medida que foi adoptada pola Xunta de Galicia hai case dous anos na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, ao esixir, na admisión a trámite dun proxecto, que este conte con permiso de acceso e conexión.

Por outra banda, coa xustificación de lograr a redución da dependencia enerxética, a contención de prezos e a garantía da subministración, o Real Decreto-Lei 20/2022 establece a tramitación e resolución conxunta das autorizacións previa e de construción, acumulándose os trámites de información e de remisión do proxecto de execución ás distintas Administracións e organismos, decisións que a Xunta de Galicia tamén ten adoptado xa na súa lei eólica desde o ano 2017 e que tamén se estenderon ao resto de instalacións de xeración eléctrica a través da lei de reactivación económica do ano 2021.

Sen embargo, hai unha gran diferenza no relativo ao procedemento de determinación de afección ambiental para este tipo proxectos. O Goberno de España opta nesta norma estatal por substituír a avaliación ambiental por un trámite de afeccións ambientais ata finais de 2024. Polo tanto, sempre que un proxecto de enerxías renovables non estea situado en Rede Natura 2000, en espazos naturais protexidos, en medio mariño, e non implique a construción de liñas aéreas de voltaxe igual ou superior a 220 kw e lonxitude superior a 15 km, unicamente será preciso presentar o estudo de impacto ambiental, sen que este sexa sometido a informes dos organismos sectoriais competentes na materia.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46683
Data envio: 09/01/2023 14:19:37.803

Deste xeito, fronte a unha tramitación rigorosa e garantista co medio ambiente, tal e como está desenvolver a Xunta de Galicia, sometendo sempre os proxectos eólicos a unha avaliación ambiental ordinaria, o Goberno central opta por unha tramitación libre de avaliacións ambientais que non ofrece unha seguridade xurídica para a cidadanía.

Ante todo isto, cabe preguntarse se esta forma de proceder do Goberno de España, que pretende ofrecer unha barra libre aos eólicos, saltándose a tramitación de avaliación ambiental, ten cabida no Pacto por unha enerxía eólica sostible para Galicia que o PSdeG defendeu no seu momento, avogando contra o desenvolvemento indiscriminado de toda a potencia eólica.

O que si é certo é que vai en contra do modelo eólico que se está levando a cabo en Galicia, no que a ordenación, a planificación, a transparencia e a compatibilidade coa protección medioambiental constitúen as súas principais sinais de identidade.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:
>
> 1º.- Seguir defendendo unha tramitación garantista e respectuosa co medio ambiente dos proxectos eólicos na nosa comunidade, que preserve o ámbito de competencias dos organismos sectoriais e que, polo tanto, continúe coa avaliación das afeccións que na biodiversidade, na xeodiversidade, no patrimonio cultural, na paisaxe ou na saúde pública, entre outras, que estableza o órgano ambiental.
>
> 2º.- Solicitar ao Goberno de España que aplique a tramitación ambiental ordinaria aos proxectos eólicos de autorización ministerial para ofrecer as mesmas garantías que se esixen aos proxectos de tramitación autonómica, reforzando as súas medidas de simplificación e axilización administrativa tal e como se está a facer en Galicia".

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2023.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46683
Data envio: 09/01/2023 14:19:37.803

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/01/2023 14:11:36

Marta Nóvoa Iglesias na data 09/01/2023 14:12:04

María Sol Díaz Mouteira na data 09/01/2023 14:12:39

Cristina Sanz Arias na data 09/01/2023 14:14:05

José Antonio Armada Pérez na data 09/01/2023 14:14:28

Pardo López, Adrián na data 09/01/2023 14:15:15

Rodríguez Pérez, Moisés na data 09/01/2023 14:15:33

Sandra Vázquez Domínguez na data 09/01/2023 14:15:51

Borja Verea Fraiz na data 09/01/2023 14:16:11

Carmen María Pomar Tojo na data 09/01/2023 14:16:34

Ramón Carballo Páez na data 09/01/2023 14:16:53

José Manuel Balseiro Orol na data 09/01/2023 14:17:12

Rubén Lorenzo Gómez na data 09/01/2023 14:17:29

Daniel Vega Pérez na data 09/01/2023 14:17:44

María Belén Salido Maroño na data 09/01/2023 14:17:59

Freire Vázquez, María Begoña na data 09/01/2023 14:18:41

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46685
Data envio: 09/01/2023 14:27:39.085

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **María Sol Díaz Mouteira, Teresa Egerique Mosquera, Paula Prado del Río, Carmen María Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, María Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez, María Belén Salido Maroño, Adrian Pardo López, José Manuel Rey Varela, Ana Belén García Vidal, José Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e María Felisa Rodríguez Carrera** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos** polo **trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade dun pronunciamento urxente da Cámara galega en relación con esta cuestión

Exposición de Motivos:

O pasado 15 de decembro de 2022, a Xunta de Galicia deu inicio á tramitación da anunciada como a primeira Lei de ordenación do litoral de Galicia. Este texto está actualmente en proceso de información pública ata o vindeiro 28 de xaneiro. E da súa análise despréndese que o obxectivo desta norma é regular a xestión das actividades humanas no litoral, garantindo o aproveitamento sostible dos recursos e mantendo en bo estado os seus ecosistemas.

O texto, ademais, ten en conta os distintos usos existentes nesta franxa, os riscos e ameazas que afectan aos ecosistemas mariños, e as diferentes Administracións públicas que hai implicadas na súa xestión.

A elaboración desta nova enmarcase na demanda trasladada ao Goberno central, tanto por parte da Xunta como por este Parlamento, para que Galicia asuma, canto antes e como xa fixeron outras comunidades, as competencias plenas e efectivas que lle atribúe o seu Estatuto de Autonomía sobre a xestión do dominio público marítimo-terrestre.

A modo de exemplo, cómpre lembrar que a concesión dos títulos de ocupación e uso do dominio público é unha das funcións executivas que ten legalmente atribuída Galicia. E, por iso, no anteproxecto sinálase que “o outorgamento das autorizacións e concesións no dominio público marítimo terrestre (DPMT) corresponderá á consellería competente en materia de ordenación do litoral no momento en que o Estado faga

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46685
Data envio: 09/01/2023 14:27:39.085

PARLAMENTO DE GALICIA

efectivo o traspaso a Galicia dos medios persoais e materiais necesarios para poder exercer esta competencia".

Desde o Grupo Parlamentario Popular considérase imprescindible que Galicia regule a súa costa e que, ademais, se poña freo aos ataques impulsados nos últimos anos polo Goberno central que teñen como obxectivo de eliminar calquera vestixio de presenza humana da costa sen avaliar as súas consecuencias.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que adopte as seguintes medidas:
>
> 1º- O traspaso efectivo de medios persoais e materiais necesarios para poder exercer as competencias sobre a xestión do dominio público marítimo-terrestre atribuídas a Galicia no seu Estatuto de Autonomía.
>
> 2º- A retirada das últimas iniciativas impulsadas nos últimos meses, nomeadamente a modificación do regulamento xeral de Costas e o Plan Estratéxico Nacional para a Protección da Costa Española considerando os Efectos do Cambio Climático.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/01/2023 14:21:49

María Sol Díaz Mouteira na data 09/01/2023 14:22:02

Teresa Egerique Mosquera na data 09/01/2023 14:22:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46685
Data envio: 09/01/2023 14:27:39.085

PARLAMENTO DE GALICIA

Paula Prado del Río na data 09/01/2023 14:22:40

Carmen María Pomar Tojo na data 09/01/2023 14:23:21

Ramón Carballo Páez na data 09/01/2023 14:23:23

José Manuel Balseiro Orol na data 09/01/2023 14:23:54

Freire Vázquez, María Begoña na data 09/01/2023 14:23:56

Rubén Lorenzo Gómez na data 09/01/2023 14:24:11

María Belén Salido Maroño na data 09/01/2023 14:24:30

Pardo López, Adrián na data 09/01/2023 14:24:44

José Manuel Rey Varela na data 09/01/2023 14:25:05

Ana Belén García Vidal na data 09/01/2023 14:25:27

José Alberto Pazos Couñago na data 09/01/2023 14:26:02

Noelia Pérez López na data 09/01/2023 14:26:07

María Felisa Rodríguez Carrera na data 09/01/2023 14:26:26

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46699
Data envio: 09/01/2023 19:58:08.956

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa as medidas a tomar para converter a Atención Primaria no auténtico eixo vertebrador do sistema sanitario público galego.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a situación da Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Levamos anos demandándolle ao PP que tome medidas para deixar de poñer en risco a saúde e a vida d@s galeg@s coa súa política de deterioro da sanidade pública galega.

Non só non atendeu ningunha das peticións, senón que segue dando pasos cara o precipicio, cara o abismo, como consecuencia seguen as listas de espera para ter cita nos centros de saúde, seguen os PACs sin médic@s, as crianzas sen pediatras.

Todas as actuacións levadas a cabo van encamiñadas cara roubarlle @s galeg@s o dereito a unha sanidade pública, universal, gratuíta e de calidade, onde as persoas

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

169263

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46699
Data envio: 09/01/2023 19:58:08.956

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sexan atendidas en función das súas necesidades de saúde e non da súa capacidade económica. O obxectivo é cambiar a tarxeta sanitaria pola tarxeta bancaria.

Os datos son clarificadores, o incremento do gasto en sanidade privada, tanto global, como por fogares e por persoa non fai máis que avanzar. Ese aumento está directamente relacionado co deterioro da sanidade pública.

Entre tanto a Xunta actúa de comentarista dos problemas, na vez de actuar para solucionalos. Nin medidas conxunturais nin estruturais para sacar á atención primaria do pozo no que a teñen metida os 13 anos de goberno do PP.

É urxente o cambio de rumbo, poñer en marcha medidas que aposten claramente pola sanidade pública, por esa razón o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a rectificar a súa política sanitaria e a poñer en marcha de inmediato un novo modelo de Atención Primaria que garanta a atención sanitaria á poboación, no inmediato:

1.- Presentar un informe coa situación, en cada Servizo/Unidade de Atención Primaria, para coñecer o número de profesionais, de cada categoría precisos para acadar as ratios necesarias para aplicar as carteiras de servizo desenvolvidas no Consello Técnico.

2.- Aumento e estabilidade dos cadros de persoal para que teñan tempo para @s doentes, rematar coa precariedade e explotación nas condicións laborais, para garantir calidade asistencial e que traballar e conciliar non sexa misión imposíbel.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46699
Data envio: 09/01/2023 19:58:08.956

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Poñer en marcha un Plan de retorno, captación e fidelización de profesionais, con ofertas atractivas e competitivas tanto no ámbito económico como das condicións laborais .

4.- Incorporación de categorías novas: psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos, ópticos- optometristas...

5.- Dotar as Áreas administrativas do persoal necesario e da estrutura que garanta a accesibilidade, a confidencialidade e a seguridade.

6.- Garantir a presenza de pediatría en todos os centros de saúde.

7.-Garantir que nos PACs presten atención sanitaria equipos completos de profesionais, formados por persoal facultativo, enfermería e celadoras/es ou PSX tal como establece a normativa e os acordos asinados c@s profesionais e polo tanto rectificar a intención de que persoal de enfermería preste atención en solitario ante a ausencia de médic@s.

8.- Redimensionamento do servizo de ambulancias, tanto no ámbito territorial como de recursos, para rematar cos déficits históricos que colapsan o servizo por falta de vehículos e equipos humanos suficientes.

- Dotar de ambulancias de SVA en comarcas deficitarias como Lalín-Deza, Barbanza, Bergantiños, Baixo Miño, Valdeorras... de forma que se adapten ás necesidades poboacionais e de asistencia.

-Reforzar o servizo de emerxencias extrahospitalarias con máis ambulancias zonas deficitarias.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46699
Data envio: 09/01/2023 19:58:08.956

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

9.- Iniciar todas as actuacións precisas para solicitar do Goberno español a transferencia de todas as competencias relacionadas cos programas de formación MIR, EIR, PIR...

10.- No inmediato garantir a capacidade e calidade docente para atender a formación d@s profesionais MIR, EIR, PIR:

- Realizar un censo dos centros de saúde acreditados ou con condicións para selo, tanto en espazo, recursos como profesionais.

-Cobertura de todas as vacantes con persoal que vaia estar os catro anos da formación non centros docentes.

- Aprobar o Estatuto de Titoría de Formación e incentivar a figura da titoría, con estímulos profesionais, tempo para a actividade no horario laboral e oferta de formación.

11.- Realizar un estudo urxente sobre as consecuencias en termos de morbilidade e mortalidade na poboación galega dos déficits na atención sanitaria (PACs con profesionais moi por debaixo do establecido ou sen médic@s, profesionais sen substituír, prazas vacantes, déficit de ambulancias...”

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46699
Data envio: 09/01/2023 19:58:08.956

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P.do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 09/01/2023 19:56:02

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2023 19:56:06

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2023 19:56:17

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 10:17:05
Nº Rexistro: 46732
Data envio: 10/01/2023 10:17:05.758

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **María Elena Candia López, Teresa Egerique Mosquera, Paula Prado del Rio, Daniel Vega Pérez, José Manuel Balseiro Orol, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Belén Cachafeiro Anta, Jesús Miguel Prado Patiño, Ana Belén García Vidal, María Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa e María Elena Suárez Sarmiento** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes** polo **trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade dunha pronunciamento da Cámara galega a favor desta demanda que impida un tratamento discriminatorio co sector primario

Exposición de Motivos:

Tras meses sufrindo as consecuencias da invasión rusa de Ucraína no noso país, cuxa afectación supuxo efectos a nivel xeral dos prezos e, en especial, de certos bens fundamentais –como é o caso dos alimentos–, o Goberno de España decidía comezar o 2023 cunha redución do Imposto ao Valor Engadido (en adiante, IVE), que, ademais de chegar con retraso e erixirse como unha iniciativa puramente electoralista, resultou, desde un primeiro momento, unha medida totalmente discriminatoria co sector primario.

Neste contexto, o Goberno de Pedro Sánchez poñía en marcha esta rebaixa tributaria o pasado 1 de xaneiro, coa pretensión de mantela activa ata o vindeiro 30 de xuño de 2023. Así mesmo, a devandita rebaixa aplicouse, desde o momento da súa posta en práctica, segundo a propia definición da iniciativa, aos “produtos alimentarios básicos”, excluíndo, deste xeito, a produtos de primeira necesidade como son a carne e o pescado. Ao respecto, manter inalterado o IVE dos produtos do mar e da carne, mentres se baixa o doutros produtos como o aceite ou a pasta, supón, sen lugar a dúbidas, unha desvantaxe competitiva e un prexuízo directo para ámbolos dous sectores.

Neste sentido, é evidente a necesidade, dadas as circunstancias actuais e a inflación rexistrada en España, de aliviar a situación das familias, especialmente daquelas con baixos ingresos; non obstante, débese avogar por unha redución inclusiva de todos aqueles alimentos que, non só sexan considerados de primeira necesidade, senón que, ademais, contribúan á alimentación equilibrada da nosa cidadanía, como é o caso da

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 10:17:05
Nº Rexistro: 46732
Data envio: 10/01/2023 10:17:05.758

carne e do pescado. A estes efectos, defendemos que estes produtos básicos se consideren –tamén por parte do Goberno central– como o que son, alimentos de primeira necesidade, e que acaden o IVE máis baixo, tal e como xa esixiu a Xunta de Galicia noutras ocasións e apoian as instancias europeas.

Non é posible que, como ocorreu coas desafortunadas declaracións do ministro Garzón, se continúe discriminando sen parangón ao sector gandeiro español por parte do Goberno de España, sobre todo en consideración da aposta deste tipo de produción alimentaria de calidade a prol do medio ambiente, do benestar animal, da recuperación da terra agraria –eixo para o cal, ademais, o sector conta en Galicia cunha lei específica, a Lei de recuperación da terra agraria– e a anticipación aos incendios forestais.

A redución ou eliminación deste imposto aumentaría o consumo dos produtos do mar e do agro cos conseguintes beneficios, tanto para a saúde dos consumidores como para a economía do sector. E, precisamente, desde antes da alerta sanitaria pola covid-19, o Parlamento de Galicia aprobou en distintas ocasións iniciativas que foron remitidas ao Goberno central e nas que se solicitaba a rebaixa deste imposto do 10% ao 4% para igualalo ao que aplican outros países da Unión Europea.

Neste respecto, desde Galicia e, concretamente, desde este Parlamento, seguimos insistindo nesta demanda e defendendo o papel esencial do sector marítimo-pesqueiro e mailo sector gandeiro de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a exercer a presión negociadora necesaria co obxecto de que se aplique á rebaixa tributaria dos alimentos básicos e que se consideren produtos de primeira necesidade tamén polo Goberno central á carne e ao pescado -e ás súas conservas-, co fin último de estimular a demanda interna e mellorar as previsións de crecemento da economía de ámbolos dous sectores, evitando o prexuízo derivado da iniciativa recentemente aprobada polo Goberno de España."

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2023

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 10:17:05
Nº Rexistro: 46732
Data envio: 10/01/2023 10:17:05.758

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/01/2023 10:07:10

María Elena Candia López na data 10/01/2023 10:08:10

Teresa Egerique Mosquera na data 10/01/2023 10:08:37

Paula Prado del Río na data 10/01/2023 10:09:03

Daniel Vega Pérez na data 10/01/2023 10:09:26

José Manuel Balseiro Orol na data 10/01/2023 10:09:53

Rubén Lorenzo Gómez na data 10/01/2023 10:10:20

Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2023 10:10:49

José Antonio Armada Pérez na data 10/01/2023 10:11:55

Cachafeiro Anta, Belén na data 10/01/2023 10:12:43

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 10/01/2023 10:13:08

Ana Belén García Vidal na data 10/01/2023 10:13:55

Freire Vázquez, María Begoña na data 10/01/2023 10:14:19

Manuel Santos Costa na data 10/01/2023 10:14:46

María Elena Suárez Sarmiento na data 10/01/2023 10:15:07

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 10:22:31
Nº Rexistro: 46733
Data envio: 10/01/2023 10:22:31.477

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **María Encarnación Amigo Díaz, Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez, María Elena Suárez Sarmiento, José Manuel Rey Varela, María Sol Díaz Mouteira, Ana Belén García Vidal, María Felisa Rodríguez Carrera, Adrian Pardo López, Maria Belén Salido Maroño e Fernando Pérez Domínguez** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** polo **trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de impulsar todas as medidas precisas para facer fronte ao déficit de persoal médico que sofre o Sistema Nacional de Saúde

Exposición de Motivos:

A carencia de determinado persoal médico especialista que sofre todo o Sistema Nacional de Salud está pondo o foco máis que nunca na necesidade de dar cobertura a estas prazas.

En todas a comunidades autónomas somos conscientes de que existe unha problemática común coa falta de determinados especialistas, en especial dos médicos de familia e pediatría, pero tamén somos conscientes de que estes problemas requiren dunha solución común a nivel estatal.

Ata o de agora parecía que este problema que todas as comunidades víamos era alleo ó Ministerio, o cal incluso rexeitaba todas as propostas que dende esta Cámara ou a Xunta de Galicia se lle elevaban.

Afortunadamente, fai pouco tivemos coñecemento de que o Goberno de España formulaba un proxecto co obxectivo de facilitar a xubilación activa dos médicos e pediatras de atención primaria. Feito que pola nosa parte acollemos coma un avance, posto que consideramos que o Ministerio comeza a ser consciente da problemática xeral existente.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 10:22:31
Nº Rexistro: 46733
Data envio: 10/01/2023 10:22:31.477

Non obstante, o goberno galego trasladou ao Goberno de España a suxestión de que esta medida podería incrementar os seus efectos positivos se se realizasen determinados matices como o aumento ós 72 anos da idade de xubilación, como ocorre noutros empregos públicos como os de xuíces e maxistrados.

En Galicia xa levamos comprobada a eficacia da posibilidade de prolongación do servizo activo dende o 2016 cando permitimos a solicitude de prórroga ata os 70 anos, a idade máxima permitida pola lei.

Por iso cremos que ampliar a idade de xubilación unido ás condicións extraordinarias que formula o Goberno de España no proxecto de mellora da xubilación activa podería facer máis atractiva esta opción para os nosos profesionais de atención primaria.

E así, aínda que esta medida non constitúe unha solución definitiva ao problema de déficit de médicos que segue a atascarse nun modelo de formación sanitaria especializada pendente de reforma que non xera suficientes especialistas, é certo que a prolongación do servizo activo dos especialistas en exercicio constitúe unha solución parcial pero inmediata.

A publicación da concreción desta medida no BOE no pasado mes de decembro dentro dun Real Decreto-lei moito máis amplo permitiunos ver como o Goberno de España recoñece na exposición de motivos do mesmo unha “falta de facultativos de atención primaria, médicos de familia o pediatras en el Sistema Nacional de Salud” que cualifica como “acuciante”. Mais, mesmo nese contexto, a norma legal non fai previsión algunha sobre a posible extensión da posibilidade de servizo activo ata os 72 anos nestas categorías.

Precisamente co máximo ánimo construtivo de contribuír a resolver ese problema común en toda España e, dado que o Goberno de España non deu explicación algunha para rexeitar unha mellora que podería potenciar a efectividade desta norma.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

> “O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España o impulso das modificacións legais oportunas para permitir que o novo réxime de xubilación activa mellorada para médicos de familia e pediatras de atención primaria poida aplicarse a estes profesionais ata os 72 anos de idade”

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2023

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 10:22:31
Nº Rexistro: 46733
Data envio: 10/01/2023 10:22:31.477

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/01/2023 10:17:19

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/01/2023 10:17:59

Paula Prado del Río na data 10/01/2023 10:18:16

María Corina Porro Martínez na data 10/01/2023 10:18:36

Noelia Pérez López na data 10/01/2023 10:18:57

López Sánchez, Rosalía na data 10/01/2023 10:19:00

José Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2023 10:19:27

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 10/01/2023 10:19:43

María Elena Suárez Sarmiento na data 10/01/2023 10:19:46

José Manuel Rey Varela na data 10/01/2023 10:20:15

María Sol Díaz Mouteira na data 10/01/2023 10:20:33

Ana Belén García Vidal na data 10/01/2023 10:20:53

María Felisa Rodríguez Carrera na data 10/01/2023 10:20:57

Pardo López, Adrián na data 10/01/2023 10:21:24

María Belén Salido Maroño na data 10/01/2023 10:21:27

Fernando Pérez Domínguez na data 10/01/2023 10:21:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 10:22:43
Nº Rexistro: 46734
Data envio: 10/01/2023 10:22:43.649

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **María Encarnación Amigo Díaz, Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Rosalía López Sánchez, José Alberto Pazos Couñago, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez, María Elena Suárez Sarmiento, José Manuel Rey Varela, María Sol Díaz Mouteira, Ana Belén García Vidal, María Felisa Rodríguez Carrera, Adrian Pardo López, Maria Belén Salido Maroño e Fernando Pérez Domínguez** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** polo **trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de garantir o máximo aproveitamento das prazas MIR dispoñibles e contribuír deste xeito á ofrecer solucións ao déficit de persoal médico que afecta ao conxunto de España

Exposición de Motivos:

Actualmente, en España, atopámonos nunha escaseza xeralizada de profesionais especialistas en medicina de familia, unha situación que non deixa a ningunha comunidade autónoma indiferente.

Entre os distintos gobernos autonómicos Galicia foi, e é, un dos máis reivindicativos neste senso, propondo diferentes medidas para tratar de solucionar esta situación o mellor e máis rápido posible.

Unha destas medidas que a Consellería de Sanidade solicitou foi a modificación do sistema de elección de prazas MIR para evitar a descoordinación que se produce á hora da adxudicación das prazas de maneira telemática, facendo que non se coñeza en tempo real as vacantes dispoñibles para cubrir.

Este é unha eiva que non só a advertiu Galicia fai un ano cando se levou a cabo a última convocatoria para a elección de prazas, senón que é unha reclamación feita por comunidades autónomas de distinta cor política, a maioría do Congreso dos Deputados e das asociacións médicas e de MIR.

Galicia xa remitira ao Ministerio unha petición de cambio advertindo do risco de quedar prazas desertas e que foi respostada pola ministra Darias afirmando que non era

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 10:22:43
Nº Rexistro: 46734
Data envio: 10/01/2023 10:22:43.649

PARLAMENTO DE GALICIA

previsible este resultado. Esta afirmación foi rapidamente desmentida pola realidade dos resultados de elección de prazas do ano 2022.

É por elo que, ó comezo dun novo ano, cunha convocatoria de prazas MIR moi próxima, volvemos a insistir na demanda que dende as distintas comunidades autónomas, Congreso dos Deputados e colectivos realizan, para modificar esta modalidade de sistema e evitar que se repita unha situación que se está volvendo sostida no tempo.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Ministerio de Sanidade a modificación do sistema de elección de prazas MIR para garantir que no acto de elección do presente ano 2023 todas as persoas aspirantes teñan o coñecemento en tempo real de todas as prazas dispoñibles para elas, co obxectivo de que non se repita o resultado de prazas desertas en toda España que deixou o actual sistema en 2022"

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/01/2023 10:17:33

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/01/2023 10:17:45

Paula Prado del Río na data 10/01/2023 10:18:05

María Corina Porro Martínez na data 10/01/2023 10:18:19

Noelia Pérez López na data 10/01/2023 10:18:41

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 10:22:43
Nº Rexistro: 46734
Data envio: 10/01/2023 10:22:43.649

PARLAMENTO DE GALICIA

López Sánchez, Rosalía na data 10/01/2023 10:19:10

José Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2023 10:19:15

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 10/01/2023 10:19:30

María Elena Suárez Sarmiento na data 10/01/2023 10:19:58

José Manuel Rey Varela na data 10/01/2023 10:20:03

María Sol Díaz Mouteira na data 10/01/2023 10:20:19

Ana Belén García Vidal na data 10/01/2023 10:20:38

María Felisa Rodríguez Carrera na data 10/01/2023 10:21:13

Pardo López, Adrián na data 10/01/2023 10:21:15

María Belén Salido Maroño na data 10/01/2023 10:21:36

Fernando Pérez Domínguez na data 10/01/2023 10:21:48

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46358
Data envio: 02/01/2023 18:17:36.657

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Castro García** e das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza cubra a totalidade dos postos de traballo do Centro de Saúde de Riotorto.

O pasado doce de decembro o Centro de Saúde de Riotorto pasaba a non contar con ningún médico ou médica, deixando deste xeito a preto de 1200 veciñas e veciños abandonados, xa que pasaban a quedar sen unha asistencia sanitaria de calidade. Este feito evidentemente tivo consecuencias inmediatas como as demoras nas consultas ou na xestión das receitas.

Alén disto, a non cobertura das prazas de médicos no Centro de Saúde provocou e segue a provocar situacións máis que perigosas, como que a única solución para as urxencias sexa o 061, e todo isto debido a que a pesar do paso dos días a Xunta de Galiza segue sen cubrir as ausencias dos dous facultativos titulares.

Esta situación que supón un dos maiores ataques á sanidade pública do concello en anos tivo xa unha grande resposta por parte dos veciños e veciñas do concello, que seguen a ver como o Partido Popular continúa a atacar á sanidade pública galega e máis concretamente á nosa Atención Primaria.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46358
Data envio: 02/01/2023 18:17:36.657

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a cubrir de xeito inmediato e continuo as dúas prazas de médico/a do Centro de Saúde de Riotorto."

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2023 18:15:58

Daniel Castro García na data 02/01/2023 18:16:01

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2023 18:16:16

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2023 11:28:25
Nº Rexistro: 46383
Data envio: 03/01/2023 11:28:25.387

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, Carlos Gómez Salgado, María Felisa Rodríguez Carrera e Moisés Rodríguez Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª, Educación e Cultura**

Exposición de Motivos

No Grupo Parlamentario Popular cremos nas moitas posibilidades que ofrece a Formación Profesional (FP) na nosa comunidade e somos conscientes do esforzo realizado pola Xunta de Galicia nos últimos anos para incrementar o prestixio destas ensinanzas, a través de novos ciclos e incorporando máis alumnado a través dunha oferta atractiva e adaptada ao sistema socioprodutivo de Galicia.

O profesorado é unha peza clave para o impulso da FP galega e desde o Grupo Parlamentario Popular vemos con preocupación os desacertos que está a ter o Ministerio de Educación y FP á hora de elaborar as diferentes leis que afectan ao ensino en xeral e á Formación Profesional, en particular.

No seu día, xa alertamos de que o contido da LOMLOE apuntaba á extinción do corpo de profesorado técnico de FP (PTFP) e xeraba dúbidas sobre o acceso deste corpo docente ao corpo de profesorado de ensino secundario (PES); ao tempo que limitaba a integración dun corpo a outro a contar cunha titulación universitaria.

Ante a situación aberta a partir da disposición adicional décimo primeira da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, o Ministerio elixiu o camiño de clarificar a situación do profesorado técnico de FP a través dunha nova lei que regula estas ensinanzas formativas.

Pero, unha vez máis, o Goberno central non acertou nin no enfoque nin na redacción escollida na nova Lei de FP, xa que volve a xerar incertezas entre o profesorado técnico de FP. Isto é así porque a nova regulación facilita a integración como PES de aqueles docentes con titulacións universitarias, pero deixa nunha situación discriminatoria a aqueles docentes de especialidades formativas en sectores singulares de FP que só contan con titulacións de técnicos superiores ou especialistas.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2023 11:28:25
Nº Rexistro: 46383
Data envio: 03/01/2023 11:28:25.387

PARLAMENTO DE GALICIA

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

> "O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a solicitar do Ministerio de Educación y Formación Profesional que non faga discriminacións dentro do corpo do profesorado técnico de FP e elabore unha nova normativa para regular que o profesorado técnico de FP se integre no corpo de profesores de ensino secundario, con independencia de que teñan ou non titulo universitario"

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/01/2023 11:22:00

Ovidio Rodeiro Tato na data 03/01/2023 11:22:08

Teresa Egerique Mosquera na data 03/01/2023 11:23:20

María Elena Suárez Sarmiento na data 03/01/2023 11:23:23

José Luis Ferro Iglesias na data 03/01/2023 11:24:25

Gómez Salgado, Carlos na data 03/01/2023 11:24:31

María Felisa Rodríguez Carrera na data 03/01/2023 11:25:16

Rodríguez Pérez, Moisés na data 03/01/2023 11:25:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2023 11:53:23
Nº Rexistro: 46388
Data envio: 03/01/2023 11:53:23.793

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, Carlos Gómez Salgado, María Felisa Rodríguez Carrera e Moisés Rodríguez Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª, Educación e Cultura**

Exposición de Motivos

A Xunta de Galicia, desde o respecto á autonomía das universidades, leva varios anos traballando na racionalización e modernización da oferta de titulacións universitarias na nosa comunidade, ao tempo que promove a excelencia, a calidade e a adaptación do modelo universitario galego ás necesidades e intereses da sociedade actual.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten atribuídas as competencias en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, así como a coordinación do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

No seu día, este departamento impulsou unha iniciativa pioneira en España como é a mención de “Máster Universitario Excelente”. Esta idea partiu do convencemento de que a excelencia require dun esforzo de autoavaliación e xestión continua para o cal a concesión da mención de máster universitario excelente, introduciu un instrumento de carácter voluntario para a mellora progresiva da oferta académica especializada do SUG, recoñecendo a solvencia científico-técnica e a capacidade formadora de determinadas titulacións.

O Grupo Parlamentario Popular entende que este paso ten sido positivo para o SUG e, logo de varias convocatorias da mención do Máster Universitario Excelente, considera de interese afondar neste tipo de iniciativas que recoñece a docencia innovadora para outras titulacións, en concreto, para os grados.

Trataríase de dar un paso máis na sensibilización da comunidade universitaria de Galicia sobre a relevancia da innovación educativa para adaptarse ás transformacións que a nivel de procesos, métodos, ferramentas, materiais e contidos esixe a sociedade do coñecemento. Recoñecer a excelencia e o esforzo pola calidade axuda a motivar no crecemento de novas iniciativas que contribúan a mellorar a presenza das universidades galegas nos rankings internacionais.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2023 11:53:23
Nº Rexistro: 46388
Data envio: 03/01/2023 11:53:23.793

PARLAMENTO DE GALICIA

Pensando no alumnado, no profesorado e nas propias universidades galegas, pode ser de interese impulsar a innovación do conxunto do SUG a través do recoñecemento das boas prácticas de docencia innovadora en graos universitarios presentes na nosa comunidade.

Para Galicia sería positivo facer máis visible entre a cidadanía aquelas propostas innovadoras de grao que xa se están a desenvolver nas distintas titulacións do SUG. Ademais de recoñecer os esforzos xa realizados e coa participación voluntaria nesta nova iniciativa ou mención para graos innovadores, o Grupo Parlamentario Popular cre que así tamén se contribúe a mellorar a oferta de titulacións no SUG.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar o recoñecemento da docencia innovadora entre os graos universitarios do Sistema Universitario de Galicia (SUG), para o que se terán en conta criterios como: a estratexia e resultado do grao, o itinerario formativo, o deseño da aprendizaxe, o profesorado, a avaliación formativa e a empregabilidade da titulación universitaria"

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/01/2023 11:42:06

Ovidio Rodeiro Tato na data 03/01/2023 11:42:28

Teresa Egerique Mosquera na data 03/01/2023 11:42:31

María Elena Suárez Sarmiento na data 03/01/2023 11:43:10

José Luis Ferro Iglesias na data 03/01/2023 11:43:15

Gómez Salgado, Carlos na data 03/01/2023 11:43:42

María Felisa Rodríguez Carrera na data 03/01/2023 11:43:49

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2023 11:53:23
Nº Rexistro: 46388
Data envio: 03/01/2023 11:53:23.793

PARLAMENTO DE GALICIA

Rodríguez Pérez, Moisés na data 03/01/2023 11:44:28

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2023 11:58:27
Nº Rexistro: 46391
Data envio: 03/01/2023 11:58:27.918

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e das deputadas **María González Albert** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre os incumprimentos da residencia Nuestra Señora de Fátima de O Barco de Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm.1 de O Barco de Valdeorras incoáronse Dilixencias Previas contra a Fundación Benéfica Nuestra Señora de Fátima, na condición de titular do centro, e contra a directora da residencia, pola comisión de 17 delitos de homicidio por imprudencia grave en concurso ideal con 59 delitos de lesións imprudentes. O procedemento penal, actualmente en fase de instrución, incoouse en virtude de denuncia presentada polo Ministerio Fiscal tras a realización dunha previa investigación realizada nos anos 2020 e 2021 sobre os incumprimentos detectados nas medidas de prevención e control fronte ao Covid -19 detectados na referida residencia.

A Xunta de Galiza é administración pública que ten atribuídas a competencia de velar pola atención e coidado das persoas nos centros residenciais, para o que, entre outras, ten atribuídas as facultades de inspección e sanción.

Así, e segundo información aparecida en diferentes medios de comunicación o Servizo de Inspección de Maiores, Discapacidade e Dependencia realizou inspeccións ordinarias na residencia de Nuestra Señora de Fátima o día 4 de maio de 2016 e o 11 de

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2023 11:58:27
Nº Rexistro: 46391
Data envio: 03/01/2023 11:58:27.918

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

setembro de 2019 apreciando diversas infraccións, como por exemplo incumprir a ratio mínima de persoal de atención directa a xornada completa.

Sendo grave e obxecto de preocupación para o BNG, tanto a frecuencia coa que se detectan incumprimentos en materia de atención ás persoas maiores residentes en centros residencias, como a pasividade e tolerancia da Xunta de Galiza ante os mesmos, malia que foran denunciados polo Servizo de Inspección; nada é comparable cos investigados no Xulgado Mixto de O Barco de Valdeorras, e por iso dende o grupo parlamentar do BNG vimos formular a seguinte proposición non de lei para o seu debate e aprobación na Comisión 1ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a persoarse no procedemento penal que, actualmente, se segue no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 1 de O Barco de Valdeorras, en virtude da denuncia formulada polo Ministerio Fiscal pola comisión de 17 delitos de homicidio por imprudencia grave en concurso ideal con 59 delitos de lesións imprudentes na Residencia Nuestra Señora de Fátima de O Barco de Valdeorras."

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

María González Albert

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2023 11:58:27
Nº Rexistro: 46391
Data envio: 03/01/2023 11:58:27.918

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2023 11:05:29

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/01/2023 11:05:32

María González Albert na data 03/01/2023 11:05:41

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2023 12:56:45
Nº Rexistro: 46420
Data envio: 03/01/2023 12:56:45.231

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, María Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, María Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo**

Exposición de Motivos

Tres Estados membros da Unión Europea (UE) -España, Francia e Portugal- expuxeron no Consello de Ministros de Pesca da UE que tivo lugar no mes de decembro que empecen a fixarse as posibilidades de pesca con carácter plurianual.

Segundo manifestou o Ministro de Pesca, Agricultura e Alimentación do Goberno de España, confía en que a fórmula dos totais admisibles de capturas (TAC) e cotas plurianuais poida empezar a aplicarse na segunda metade de 2023, cando o noso país ocupe a presidencia comunitaria con vistas á fixación das posibilidades de pesca de 2024.

Esta proposta de reparto plurianual das cotas pesqueiras coincide co que defende o Goberno galego, tal como e como se recolle no ditame elaborado polo Consello Galego de Pesca de cara á revisión da Política Pesqueira Común.

Esta medida permitiría dar máis estabilidade ao sector pesqueiro e que as empresas que apostasen por esta actividade teñan un marco temporal máis amplo e maior capacidade para planificala.

Por todo o exposto, os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que adopte as medidas necesarias para que durante a Presidencia de España da UE no segundo semestre de 2023, o próximo reparto de TAC e cotas xa se realice de xeito plurianual"

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2023

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2023 12:56:45
Nº Rexistro: 46420
Data envio: 03/01/2023 12:56:45.231

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/01/2023 12:51:51

Teresa Egerique Mosquera na data 03/01/2023 12:52:30

José Manuel Balseiro Orol na data 03/01/2023 12:53:21

Ana Belén García Vidal na data 03/01/2023 12:53:26

Freire Vázquez, María Begoña na data 03/01/2023 12:54:14

Manuel Santos Costa na data 03/01/2023 12:54:18

María Elena Suárez Sarmiento na data 03/01/2023 12:55:09

Daniel Vega Pérez na data 03/01/2023 12:55:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2023 13:17:33
Nº Rexistro: 46424
Data envio: 03/01/2023 13:17:33.403

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, María Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, María Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8ª, de Pesca e Marisqueo**

Exposición de Motivos

O 19 de decembro de 2022 reuniuse a Comisión sectorial do cerco do Consello Galego de Pesca para analizar o resultado das negociacións dos totais admisibles de capturas (TAC) e cotas para 2023.

Nesta xuntanza os distintos representantes da frota de cerco de Galicia constataron a necesidade de que España adopte medidas para garantir a viabilidade do sector ante o recorte das posibilidades de pesca de xurelo no Cantábrico e augas de Gran Sol.

O acordo acadado en decembro no Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea establece para 2023 unha cota de xurelo nos caladoiros do norte de 15.000 toneladas, das que apenas 3.200 corresponden a España e condicionadas á pesca accesoria.

A imposibilidade de facer pesca dirixida entre Fisterra e o golfo de Biscaia, complica en gran medida a actividade dos preto de 150 cerqueiros cos que conta Galicia pois non se aprobaron flexibilidades interanuais nas posibilidades de captura nin aumento nos intercambios entre as zonas IXa -de Fisterra cara o sur- e VIIIc, de Fisterra cara o norte.

Ante esta situación, as partes coincidiron na necesidade de que o Goberno central estude medidas como unha posible parada biolóxica para as frotas do Cantábrico -Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco- e a habilitación das correspondentes axudas co obxectivo de que a súa actividade poida ser rendible

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2023 13:17:33
Nº Rexistro: 46424
Data envio: 03/01/2023 13:17:33.403

PARLAMENTO DE GALICIA

Por todo o exposto, os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que adopte as medidas necesarias para garantir a viabilidade do sector do cerco ante o recorte das posibilidades de pesca do xurelo no Cantábrico e en augas de Gran Sol."

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/01/2023 13:15:32

Teresa Egerique Mosquera na data 03/01/2023 13:15:44

José Manuel Balseiro Orol na data 03/01/2023 13:15:57

Ana Belén García Vidal na data 03/01/2023 13:16:07

Freire Vázquez, María Begoña na data 03/01/2023 13:16:18

Manuel Santos Costa na data 03/01/2023 13:16:43

María Elena Suárez Sarmiento na data 03/01/2023 13:16:53

Daniel Vega Pérez na data 03/01/2023 13:17:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 10:20:45
Nº Rexistro: 46457
Data envio: 04/01/2023 10:20:45.156

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a demanda de medidas de protección dos murais de Urbano Lugrís situados nun edificio da Rúa dos Olmos, número 25, da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Urbano Lugrís (1908-1973) é un dos pintores coruñeses máis significados do século XX, autor dunha plástica surrealista que nace da recreación onírica do mundo mariño, habitada por paisaxes imposibles rodeadas de seres míticos nunha atmosfera propia e recoñecida baixo a exclusiva sinatura lugrisiana.

Para alén doutras facetas artísticas, entre as que cómpre destacar a escrita, é autor dunha prolífica obra pictórica que ofrece unha singularidade: unha parte desta obra artística son orixinais murais realizados in situ nas paredes do interior de edificios públicos e privados.

O Museo de Castrelos ou a Colección AFundación da obra social ABANCA acubillan unha parte moi importante do capital artístico do pintor coruñés, mais tamén institucións públicas como este Parlamento, achegando ao público unha parte desa obra tan extraordinaria do Lugrís surrealista.

Outra parte da obra decora as paredes de establecementos privados como acontece co edificio situado na céntrica e coruñesa Rúa dos Olmos, número 25, que acolle oito

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 10:20:45
Nº Rexistro: 46457
Data envio: 04/01/2023 10:20:45.156

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

murais de Urbano Lugrís datados a comezos dos anos 50 e onde cómpre destacar unha vista da Coruña cinguida á arquitectura dunha arcada.

Na actualidade, este edificio presenta un lamentábel estado de abandono e deterioración con filtracións de auga no interior e caída de cascotes no exterior, unha situación que está a pór en perigo a conservación do tesouro artístico que representan os murais de Urbano Lugrís como parte do seu rico legado artístico, catalogado como Patrimonio Cultural de Galiza.

A preocupación da cidadanía pola conservación destes murais ficou explícita en diferentes ocasións a través do colectivo cultural In nave civitas e a asociación O Mural, que están a demandar que se activen os mecanismos de protección e conservación deste tesouro plástico senlleiro.

Por todo iso, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento insta a Xunta a activar medidas de protección dos murais de Urbano Lugrís que se achan no interior do edificio da Rúa dos Olmos, número 25, da Coruña, comezando pola incoación do expediente BIC, tal e como xa ten acontecido con outras obras do pintor."

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Deputada do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 10:20:45
Nº Rexistro: 46457
Data envio: 04/01/2023 10:20:45.156

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Lourenzo Sobral

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/01/2023 10:16:12

Mercedes Queixas Zas na data 04/01/2023 10:16:16

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 11:04:01
Nº Rexistro: 46469
Data envio: 04/01/2023 11:04:01.609

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A fins de maio do pasado ano 2022 abordabamos na Comisión 7ª, a problemática dos procesos de reestruturación da propiedade da chamada Zona Norte do concello de Mondoñedo, chegando a un acordo transacionado que dicía:

Que a Consellería do Medio Rural continúe co proceso e revise a chamada Zona Norte do concello de Mondoñedo que abrangue as parroquias de Couboeira, Masma e Vilamor, e que acometa, ben de oficio ou a instancia dos novos propietarios, e en coordinación coa administración local os traballos necesarios para o acondicionamento de fincas e obras pendentes.

A iniciativa do BNG, en orixe, pretendía condiciona-la inminente entrega de títulos á realización previa das obras de acondicionamento nas novas parcelas das tres parroquias afectadas, imprescindibles para que, logo de máis de 30 anos de demora no proceso, este non resultase unha burla.

O artigo 60 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galiza indica que, “unha vez aprobadas as bases de reestruturación parcelaria, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, por proposta do

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 11:04:01
Nº Rexistro: 46469
Data envio: 04/01/2023 11:04:01.609

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

servizo provincial correspondente, aprobará un plan de obras que reflectirá todas as actuacións en infraestruturas rurais colectivas indispensables para a reestruturación parcelaria".

Estarán incluídas no plan as obras de acondicionamento e mellora da estrutura dos novos predios a eliminación de accidentes naturais ou artificiais que impidan ou dificulten o cultivo acaído dos predios de substitución, o saneamento de terras, as nivelacións e outros traballos de conservación do solo e, en xeral, calquera actuación que mellore a viabilidade do predio para o seu cultivo.

Pois ben, o pasado 2 de decembro anúnciase un investimento por parte da Xunta de Galiza dun total de 48.387,49 euros en algunhas obras complementarias ó proceso de concentración da Zona Norte do concello de Mondoñedo dentro do PIR (Plan de Infraestruturas Rurais) do 2022. As actuacións deste Plan consistirían na mellora, adecuación e ampliación de diferentes camiños.

Na realidade tratarase de cinco actuacións concretas que sendo necesarias non dan solución ás irregularidades múltiples observadas na finalización do proceso.

Polo que sabemos non foron revisadas as obras nin consultados os afectados para a elaboración dese Plan de Acondicionamento, co que resulta que, logo de máis de 30 anos, esta obra faraónica convértese nunha mofa ós veciños de parte dunhas administracións, local e autonómica, que incumpren a lei, a lóxica e o acordo parlamentario.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 11:04:01
Nº Rexistro: 46469
Data envio: 04/01/2023 11:04:01.609

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento insta a Xunta a que adopte as medidas necesarias para que se leven a cabo ben de oficio ou a instancia dos novos propietarios tódalas obras de acondicionamento pendentes, necesarias para a viabilidade dos predios de substitución no seu uso agrario, na chamada Zona Norte do concello de Mondoñedo e que abrangue as parroquias de Couboeira, Masma e Vilamor."

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Daniel Castro García

Deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 04/01/2023 10:49:47

Xosé Luis Rivas Cruz na data 04/01/2023 10:49:52

Ana Pontón Mondelo na data 04/01/2023 10:58:22

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 12:39:22
Nº Rexistro: 46508
Data envio: 04/01/2023 12:39:22.344

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez, Sandra Vázquez Domínguez e Borja Verea Fraiz** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 6º, de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

Exposición de Motivos

Os fondos europeos Next Generation configúranse como unha oportunidade histórica para afrontar o futuro do tecido produtivo, máis se cabe, nun escenario marcado pola saída da pandemia, primeiro, e pola invasión rusa de Ucraína e as perspectivas de desaceleración, despois. Estes factores están a xerar unha situación de incerteza que afecta non so á economía no seu conxunto, senón tamén a numerosas empresas españolas e galegas que están a ter dificultades para desenvolver a súa actividade polo encarecemento dos custos, e a algunha das súas industrias máis importantes.

De feito, estes fondos europeos - de executarse con criterios obxectivos e transparentes e en coordinación coa Xunta de Galicia - representan o camiño máis adecuado para lograr impulsar a transformación industrial a partir de tres vectores de crecemento cruciais na próxima década: sustentabilidade, dixitalización e innovación. Galicia está preparada para abrirse paso cara a esta nova economía grazas ás medidas que ten adoptado para apoiar a recuperación económico e grazas tamén a súa aposta pola colaboración de empresas, centros de coñecemento e demais axentes que apostan por crear riqueza e emprego desde a nosa Comunidade.

Estes obxectivos atinxen aos diferentes sectores económicos que configuran o tecido produtivo galego, máis, se cabe, cando nos referimos a aqueles cun maior peso, como é o caso do téxtil. Unha industria na que Galicia é referente no noso país, sendo sinónimo de calidade e de deseño, e situada sempre á vangarda das últimas tendencias no mundo da moda.

O téxtil representa o 37% do PIB de Galicia, facturando preto de 30.000 millóns de euros e dando emprego a 36.000 persoas, cun alto compoñente feminino - o 76% do conxunto e o 8,2% do total de emprego feminino na Comunidade-. Ademais, a moda galega se comercializa en todo o mundo, sendo, así mesmo, a primeira exportadora téxtil a nivel nacional.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Son estas cifras que falan por si soas, e que sitúan tamén a dimensión do reto que a propia industria ten por diante, o da súa relocalización. Neste sentido, hai pouco máis dun ano, e por primeira vez, todo o sector unía as súas forzas para presentar un proxecto coa intención de que se aprobara un Perte (Proxecto Estratéxico para a Recuperación e Transformación Económica) específico que servise para impulsar a súa redindustrialización e traer produción de volta a España. Un plan liderado pola Confederación Moda España e o Consello Intertextil Español (CIE), e no que tamén participou, de modo activo, Cointega (Clúster do Sector téxtil-moda de Galicia).

Este Perte tiña por obxectivo lograr investimentos por un valor de entre 11.000 e 12.000 millóns de euros, mediante a colaboración público-privada. Pese a importancia destas cifras, e pese a que o proxecto conseguiu unir as vontades tanto das grandes empresas como das pemes, o Goberno central decidiu, sen previo aviso, aparcar este Perte ofrecendo, como único alternativa, a participación desta industria no Perte de Economía Circular, onde introduciu unha pequena partida de 100 millóns en exclusiva para o sector, que aínda non se teñen nin convocado.

A realidade resulta, polo tanto, dramática: dun proxecto que contaba coa participación e a cooperación de todo o sector, e que aspiraba a miles de millóns de euros para afrontar os grandes retos e manter a industria téxtil no lugar que hoxe ocupa, a unha iniciativa subsidiaria, con apenas 100 millóns, que todo o que ofrece son máis palabras bonitas, enmarcadas no concepto da economía circular, que realidades das que poida dispor a nosa industria para afrontar os grandes desafíos que ten por diante.

Unha decisión drástica sobre a que o Goberno central, como vén sendo habitual, non ofreceu ningunha explicación, nunha mostra máis de distribución dos fondos europeos marcada polo centralismo, a lentitude e a falta de transparencia. Este modo de xestión supón un evidente risco de perder investimentos estratéxicos, con capacidade de facer crecer e transformar a economía a corto, medio e longo prazo.

É o caso, por exemplo, da fábrica de fibras téxtiles sostibles de Altri en Palas de Rei. Unha iniciativa tractora do Polo para a Transformación de Galicia, deseñado coa colaboración do Comité de Expertos, que implicará un investimento de 800 millóns de euros e a creación de 2.500 empregos entre directos e indirectos, e sobre a que, sen embargo, o Goberno galego segue agardando unha confirmación do Executivo central sobre o acceso aos fondos europeos tras máis dun ano de ser seleccionada como prioritaria para Galicia e ser a primeira planta en España destas características.

Todo isto sucede cando “a Estratexia da Unión Europea sobre produtos téxtiles sostibles e circulares ten coma obxectivo que para o 2030 todos os produtos téxtiles comercializados na UE sexan de longa duración, que estean fabricados, na medida do

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

posible, con fibras recicladas, e non conteñan substancias perigosas con respecto aos dereitos sociais e o medio ambiente".

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión.

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno central unha alternativa ao Perte do téxtil -aparcado sen explicación e pese á vontade do sector-, capaz de garantir investimentos estratéxicos tanto para a industria de Galicia como para o conxunto da economía galega"

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 04/01/2023 10:36:44

Marta Nóvoa Iglesias na data 04/01/2023 10:37:04

Cristina Sanz Arias na data 04/01/2023 10:51:28

José Antonio Armada Pérez na data 04/01/2023 10:51:33

Pardo López, Adrián na data 04/01/2023 10:52:21

Rodríguez Pérez, Moisés na data 04/01/2023 10:52:28

Sandra Vázquez Domínguez na data 04/01/2023 10:52:50

Borja Verea Fraiz na data 04/01/2023 10:53:12

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 13:02:55
Nº Rexistro: 46509
Data envio: 04/01/2023 13:02:55.609

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A atención sanitaria en Cerdedo vén sufrindo nos últimos tempos un continuo proceso de deterioro, degradación, precarización e supresión de servizos. Debido a que non se cobren as baixas do único médico do centro de saúde, a veciñanza non conta con atención todos os días da semana. Por outra parte, non existe servizo de pediatría e para atender nenos e nenas é preciso desprazarse até Tenorio ou Forcarei.

En contra dos discursos oficiais de promoción dos investimentos e servizos no rural, a realidade é que se reducen continuamente as prestacións en xeral e nun servizo fundamental como é o da saúde. Con este proceder do goberno da Xunta, vivir no rural estase a converter nunha cuestión de vontade decidida e de heroísmo, o que explica os procesos de abandono e despoboación que caracterizan a moitos concellos do interior do noso país.

2. Esta situación de deterioro e de supresión de servizos básicos foi reiteradamente denunciada pola veciñanza de Cerdedo, sen que por parte da Xunta e do Concello se adoptasen as medidas necesarias para corrixila. Ao longo do ano 2022 leváronse a cabo varias mobilizacións por parte da veciñanza e recentemente creouse a Plataforma Cerdedo Pola Sanidade Pública que ten como principais reivindicacións as seguintes:

- Atención sanitaria presencial todos os días en horario de mañá.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 13:02:55
Nº Rexistro: 46509
Data envio: 04/01/2023 13:02:55.609

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Recuperación do Servizo de pediatría.

- Mellora na atención de urxencias.

-Dotación dunha ambulancia medicalizada para a comarca.

3. Como exemplo da desatención na atención pediátrica, no pasado mes de decembro unha veciña da parroquia de Figueroa con crianzas de sete, cinco e menos de un ano viuse obrigada a acudir á consulta privada de pediatría no Carballiño diante da imposibilidade de conseguir cita nos centros públicos de referencia. O servizo de pediatría foi suprimido en Cerdedo fai máis de 2 anos, polo que é necesario desprazarse até Forcarei onde dous días á semana e dúas horas cada día atende unha pediatra, que a cotío ten o cadro de citas saturado.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento insta ao goberno galego a dotar dunha atención sanitaria digna a veciñanza de Cerdedo mediante a aplicación das seguintes medidas: atención sanitaria presencial todos os días en horario de mañá, cubrición das baixas para garantir a atención sanitaria de calidade, mellora da atención das urxencias e recuperación do servizo de pediatría."

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 13:02:55
Nº Rexistro: 46509
Data envio: 04/01/2023 13:02:55.609

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 13:01:41

María Montserrat Prado Cores na data 04/01/2023 13:01:45

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 13:38:58
Nº Rexistro: 46522
Data envio: 04/01/2023 13:38:58.390

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Luis Bará Torres**, **Alexandra Fernández Gómez** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 26 de decembro o goberno enviou unha resposta parlamentar ao grupo do BNG en relación coa "bonificación do recibo de SOGAMA aos concellos que implanten en 2023 o quinto colector ou colector marrón".

O contido da resposta é o seguinte:

En relación coa pregunta con resposta escrita número 43797, formulada polo Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre "a bonificación do recibo de SOGAMA aos concellos que implanten en 2023 o quinto colector ou colector marrón" (publicada no BOPG número 413 do 23 de novembro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que ten o seguinte contido:

"Tendo en conta o actual contexto económico, a Xunta decidiu apostar o vindeiro ano por ampliar ata o 15% a bonificación do canon de Sogama a todos aqueles concellos adheridos que:

-Promovan a redución de residuos e/ou o incremento da reciclaxe de envases lixeiros

- Trasladen a rebaixa ao recibo que pagan os usuarios

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 13:38:58
Nº Rexistro: 46522
Data envio: 04/01/2023 13:38:58.390

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- E que, como novidade, asuman o compromiso de introducir a recollida separada dos biorresiduos antes do 31 de decembro de 2023".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galiza, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A información desta resposta non coincide coa enviada polo Presidente de SOGAMA aos concellos, nin co establecido na lei de acompañamento dos orzamentos de 2023, polo que que é necesario que o goberno aclare a súa posición ao respecto deste tema.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento insta a Xunta a establecer unha bonificación do 15% do canon de SOGAMA a todos aqueles concellos adheridos que:

-Promovan a redución de residuos e/ou o incremento da reciclaxe de envases lixeiros

- Trasladen a rebaixa ao recibo que pagan os usuarios

- E que, como novidade, asuman o compromiso de introducir a recollida separada dos biorresiduos antes do 31 de decembro de 2023."

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 13:38:58
Nº Rexistro: 46522
Data envio: 04/01/2023 13:38:58.390

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 04/01/2023 13:26:50

Alexandra Fernández Gómez na data 04/01/2023 13:26:54

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 13:27:05

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 13:59:59
Nº Rexistro: 46563
Data envio: 04/01/2023 13:59:59.906

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Luis Bará Torres**, **Alexandra Fernández Gómez** e **Carmela González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a existencia de expedientes xudiciais danados na Cidade da Xustiza de Vigo como consecuencia das choivas producidas no pasado mes de decembro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 24 de maio de 2022 procedeuse á inauguración oficial da denominada Cidade da Xustiza de Vigo, malia que xa se advertía que a infraestrutura non estaba rematada, nin en condicións de ser utilizada. A rehabilitación e acondicionamento para usos xudiciais, do que na altura foi o denominado Hospital Xeral Cíes – Vigo, cuxo custe superou os 40 millóns de euros e con sobreprezos superiores ao 30% do orzamento inicial e que motivaron distintos requirimentos de información e documentación, aínda sen cumprimentar pola Xunta de Galiza; fica pendente de conclusión.

Xa na data da inauguración oficial diversas organizacións sindicais e políticas advertían da existencia de eivas en tan importante infraestrutura que atinxían a aspectos tan elementais como os arquivos, sobre os que apreciaba falla de espazo.

Iniciado o traslado á denominada Cidade da Xustiza dos case 40 xulgados, dependencias da Audiencia Provincial e Fiscalía, xa se están a apreciar algunha das advertencias realizadas no seu día e respecto das que a Xunta de Galiza fixo caso omiso.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

169306

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 13:59:59
Nº Rexistro: 46563
Data envio: 04/01/2023 13:59:59.906

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así como consecuencia das choivas producidas o pasado mes de decembro resultaron afectados diversos expedientes xudiciais, denunciándose tanto a situación como a carencia de medios para paliar os efectos das mesmas. Non só a ausencia de espazo para albergar os expedientes xudiciais, senón tamén a inexistencia de deshumidificadores e calefactores que permitan a conservación e coidado da documentación xudicial.

Xa que logo resulta sorprendente a tanto a falla de previsión, como a precipitación nun traslado para o que o acontecido non se están a adoptar as medidas axeitadas para a protección, cando menos, de instrumentos esenciais para o funcionamento da administración de xustiza.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a que o traslado á Cidade da Xustiza de Vigo se realice en condicións de total seguridade para as persoas e os bens e sen que en ningún caso se poda comprometer o funcionamento da administración de Xustiza."

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Alexandra Fernández Gómez

Carmela González Iglesias

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 13:59:59
Nº Rexistro: 46563
Data envio: 04/01/2023 13:59:59.906

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 13:59:07

Carmela González Iglesias na data 04/01/2023 13:59:10

Alexandra Fernández Gómez na data 04/01/2023 13:59:16

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/01/2023 13:59:25

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46577
Data envio: 04/01/2023 16:38:21.390

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e **Paulo Ríos Santomé**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no artigo 98 no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia,** sobre a modernización e mellora de servizos na liña ferroviaria Vigo-Porto.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que se traslade canto antes un acordo unánime aos gobernos español e portugués.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de setembro, o goberno portugués presentou a Nova Liña de Alta Velocidade Lisboa Porto, un proxecto que deberá estar rematado en 2030. No mesmo acto, anunciáronse os plans da nova liña Porto Vigo, que se prevé desenvolver en fases, con un trazado de dobre vía por Nine-Braga-Valença (paralelo ao actual trazado da Linha do Minho que vai por Nine-Viana-Caminha-Valença). A previsión do goberno portugués é que o treito Valença-Braga se execute entre 2026- 2030, igual que a conexión Porto-Aeroporto Sá Carneiro. A fase Braga-Aeroporto quedaría para despois de 2030.

Se ben este proxecto está menos desenvolvido que o da liña Lisboa-Porto, a intervención tanto do Ministro de Infraestruturas Pedro Nuno como a do primeiro

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46577
Data envio: 04/01/2023 16:38:21.390

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ministro António Costa o pasado 28 de setembro constitúen un fito histórico xa que situaron como prioridade de Portugal a conexión e a vocación atlántica do país, e a liña do tren de velocidade entre Galiza e Lisboa como a grande espiña dorsal dese proxecto de futuro. Portugal ten claro que o seu futuro pasa pola cohesión e a vertebración do pais (e a proxección atlántica) fronte a conexión con Madrid. Portugal prioriza os seus intereses fronte á subordinación a Madrid. Portugal e Galiza teñen intereses comúns.

Para entender o que significa o tren de alta velocidade Liboa-Porto-Vigo hai que ter en conta o enorme potencial da megarrexión que vai de Lisboa a Galiza, unha das 40 megarrexións máis importantes do mundo por poboación, PIB e número de patentes. No ámbito da península ibérica xogamos na mesma liga que Madrid e o eixe Barcelona Lyon

O impulso da liña de alta velocidade Vigo Porto é un proxecto estratéxico e prioritario para Galiza, dentro dunha visión atlántica de futuro. Constitúe unha especie de trabe mestra esencial para a vertebración territorial, o intercambio cultural, o desenvolvemento económico, a conciliación e a xeración de oportunidades e traballo nos nosos países. Ademais, é un medio máis sustentábel, saudábel e seguro fronte a outros modos de transporte máis contaminantes.

Tendo en conta todas estas circunstancias, a Comisión Europeo sinalou o tren Vigo Porto, xunto coa liña Bucaret-Budapest, como exemplos de iniciativas de especial interese en materia de comunicacións transfronteirizas do Mecanismo Conectar Europa. E as institucións europeas tamén acordaron incluír a liña Vigo-Porto no Corredor Atlántico.

Esta debe ser a década do tren e temos que aproveitar todas as oportunidades, tamén o financiamento con fondos europeos, para construír a nova liña de alta

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46577
Data envio: 04/01/2023 16:38:21.390

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

velocidade Vigo-Porto, dándolle continuidade cara ao sur ao Eixo Atlántico Coruña (tamén no futuro Ferrol)-Vigo. O obxectivo debe ser ter unha liña moderna e competitiva que permita facer a viaxe nunha hora (actualmente o tempo de viaxe é de 2 h 23 min).

Portugal ten claro que a liña de alta velocidade Porto-Vigo é un proxecto estratéxico e está dando pasos firmes para facelo realidade. Pola parte española, o goberno central está claro que non o considera un proxecto prioritario porque os seus intereses están no esquema radial con centro en Madrid e no Corredor Mediterráneo.

O goberno español encargou -logo se sucesivas demoras- un estudo de alternativas para a chamada Saída Sur (a conexión directa entre Vigo e Valença sen ter que ir cara atrás por Redondela) "Estudio de alternativas de la salida sur ferroviaria de Vigo" á empresa PROINTEC, S.A, por importe de 301.904,68 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de 12 meses. O contrato adxudicouse a finais de agosto de 2021 e formalizouse a finais de outubro de 2021, polo que xa debería estar en condicións (xa saíron algunhas informacións sobre alternativas posíbeis).

O fundamental é que se planifique a construción da liña e que se comecen os estudos de trazado e a redacción dos proxectos. Que se faga unha planificación dos investimentos e un cronograma coordinado co goberno portugués.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

- Que iniciativas levou a cabo o goberno galego diante dos gobernos español e portugués en relación co impulso do tren de alta velocidade entre Vigo e Porto?

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46577
Data envio: 04/01/2023 16:38:21.390

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que propostas trasladou o goberno galego aos gobernos español e portugués no tocante a melloras inmediatas na liña de tren Vigo e Porto?

- Que deseño de futuro e que propostas ten a Xunta de Galiza en relación coa mobilidade de persoas e o transporte de mercadorías en tren na área metropolitana de Vigo e na súa conexión con Portugal?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 16:37:34

Paulo Ríos Santomé na data 04/01/2023 16:37:38

Alexandra Fernández Gómez na data 04/01/2023 16:37:47

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2023 10:01:52
Nº Rexistro: 46616
Data envio: 09/01/2023 10:01:52.975

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia,** sobre o continuo colapso na Área Sanitaria Pontevedra-Salnés.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre esta cuestión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza da Área Sanitaria Pontevedra-Salnés ten activado o botón vermello do pánico diante da falta de atención sanitaria que viven de xeito permantente. Está farta de que o Sergas, o PP, poña en risco a súa saúde e a súa vida. Farta de que ter atención sanitaria dependa do factor sorte, de que se dea a casualidade de que haxa profesionais nos centros de saúde ou PAC, de que non estea saturados os servizos de urxencias hospitalarias.

O BNG leva meses denunciando esta situación límite que fai quen non haxa en toda a área ningún centro de saúde, PAC ou servizo de urxencias hospitalarios que funcione con normalidade, cos cadros de persoal que lles corresponden.

Nas datas de fin de ano a Xerencia da Área Sanitaria procedeu á contratación de dúas ambulancias medicalizadas cun contrato externo para cubrir a quenda das 15:00 do

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2023 10:01:52
Nº Rexistro: 46616
Data envio: 09/01/2023 10:01:52.975

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

día 31/12 ás 08:00 do 01/01 nos PACs de A Parda e de Baltar, que estaban sen médic@. Contratación da que non tiñan coñecemento nen @s profesionais que traballaban nese fin de ano nin nos PACs nin no 061. Ambulancias dotadas de persoal técnico de emerxencias sanitarias e de persoal médico, externos ao SERGAS e sen autorización para acceder á historia clínica electrónica d@s doentes nin podían prescribirlles medicación, e tampouco potestade para traballar dentro dos centros sanitarios.

Esta contratación realizouse coa opacidade e falta de transparencia que practica sistematicamente o Sergas, xera inseguridade para o persoal da Atención Primaria e do 06 e unha evidente inseguridade das persoas atendidas.

Un auténtico despropósito e irresponsabilidade que se suma a constante a falta de profesionais facultativ@s nos PACs, obrigando á poboación a desprazarse a outros centros ou aos servizos de urxencias hospitalarios, o que derivan en saturación e colapsos, denunciados polos propios profesionais.

É evidente a falta absoluta de previsión, de planificación e de non anticipación, a pesares que esta situación leva semanas véndose vir, sen que se coñeza nen aumento de recursos nin profesionais.

O Partido Popular ten que deixar de someter ao persoal a unha presión inasumíbel que lle impide prestar unha atención axeitada e deixar de poñer en risco a saúde e a vida das arredor de 300 mil persoas desta Área Sanitaria.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2023 10:01:52
Nº Rexistro: 46616
Data envio: 09/01/2023 10:01:52.975

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal foi a planificación que fixo o Sergas para evitar os colapsos na sanidade pública galega?

Considera o Goberno galego que é aceptábel a situación de colapso que está a vivir a Área Sanitaria Pontevedra-Salnés tanto en Atención Primaria como nas urxencias hospitalarias?

Até cando vai seguir tendo os PACs sen profesionais facultativ@s durante quendas enteiras?

Cal é a razón para que realizaran a contratación de dúas ambulancias medicalizadas cun contrato externo para cubrir a quenda de fin de ano nos PACs de A Parda e de Baltar, que estaban sen médic@?

Foille facilitada esta información @s profesionais que traballaban nese fin de ano nos PACs ne no 061.?

Que calidade de atención se lle prestou á poboación toda vez que este persoal contratado non tiña autorización para acceder á historia clínica electrónica d@s doentes, nin podían prescribirlles medicación, e tampouco potestade para traballar dentro dos centros sanitarios?

Que medidas está poñendo en práctica para que a atención primaria poida dar resposta á demanda de asistencia da poboación e que non teñan que acudir aos servizos de urxencias?

Coida que @s profesionais poden desenvolver a súa labor e prestar unha boa calidade asistencial na situación de sobrecarga e presión na que traballan?

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2023 10:01:52
Nº Rexistro: 46616
Data envio: 09/01/2023 10:01:52.975

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas preventivas realizou o Goberno galego para afrontar o aumento de doentes aos servizos de urxencias?

Que recursos se mobilizaron para resolver os colapsos?

Procedeuse ao reforzo de persoal? Canto? En que data se contratou? Con que tipo de contratos?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Iria Carreira Pazos
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2023 09:44:43

Iria Carreira Pazos na data 09/01/2023 09:44:55

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2023 09:45:05

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2023 10:30:13
Nº Rexistro: 46633
Data envio: 09/01/2023 10:30:13.085

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Iria Carreira Pazos** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno galego dea conta no Parlamento das actuacións que levou a cabo en relación cos danos provocados polas riadas nos últimos días de 2022 e no día de ano novo en diferentes concellos galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Os pasados días 19, 24 de decembro e 1 de xaneiro producíronse episodios de intensas chuvias que afectaron a toda a Galiza e que tiveron unha incidencia máis forte nalgunhas zonas como o sur do provincia de Pontevedra.

Como consecuencia destas fortes chuvias producíronse cuantiosos danos materiais tanto en propiedade privadas como en bens de titularidade pública. No caso dos bens públicos resultaron afectadas pontes, estradas, sendas, pantaláns, instalacións deportivas ou parques infantís, e producíronse danos en bens do patrimonio cultural de grande valor e simbolismo como a Fonte de Troncoso, no concello de Mondariz Balneario, ou a fortaleza de Goián en Tomiño.

2.Na análise dos danos débese ter en conta a situación dos ríos e das bacías fluviais, o abandono de actividades tradicionais, os cambios na ocupación e nos usos do solo ou a construción de edificacións, algunhas delas ilegais e outras de iniciativa pública, en zonas potencialmente inundábeis. Todas estas cuestións deben ser avaliadas

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2023 10:30:13
Nº Rexistro: 46633
Data envio: 09/01/2023 10:30:13.085

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e estudadas co obxecto de previr no futuro situacións de emerxencia e riscos para bens e persoas.

3. En relación coas consecuencias dos asolagamentos das pasadas semanas, e nomeadamente dos que se produciron no primeiro día de 2023, na maior parte dos casos afectaron a bens de titularidade municipal e son os concellos quen están a facer a avaliación dos danos e a reparación dos mesmos.

Mais está claro que os concellos non teñen medios nin capacidade económica para asumir os elevados custos das obras que hai que levar a cabo e que ascenden a varios millóns de euros. Nunha situación de emerxencia como esta, o goberno galego debe exercer as súas competencias e asumir o liderado na resposta, con actuacións do seguinte tipo:

-Presenza no territorio e comunicación directa coas alcaldías para coñecer o alcance dos danos, colaborar na avaliación dos mesmos e analizar as medidas para reparalos.

-Coordinación coa FEGAMP para a avaliación global dos danos e o establecemento de axudas económicas aos concellos afectados.

-Demanda de colaboración a outras administracións, nomeadamente ao goberno central, mediante a dotación dun fondo extraordinario para facer fronte aos danos.

-Establecemento de medidas preventivas en relación con posíbeis episodios de chuvias nas vindeiras semanas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª polo trámite de urxencia:

-Que actuacións levou a cabo a Xunta en relación cos danos provocados polas riadas nos últimos días de 2022 e no día de ano novo en diferentes concellos galegos?

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2023 10:30:13
Nº Rexistro: 46633
Data envio: 09/01/2023 10:30:13.085

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Por que razón ningún membro do goberno galego compareceu publicamente nos días seguintes para avaliar a situación de emerxencia que se produciu nesas datas?

-Ten previsto o goberno galego coordinarse coa FEGAMP para colaborar na avaliación dos danos provocados polo desbordamento de ríos e para estudar as medidas para reparalos?

- Vai a Xunta crear un fondo económico para colaborar cos concellos na reparación dos danos das riadas en infraestruturas e bens públicos?

- Vai o goberno galego aprobar un plan de protección, conservación e restauración de bens culturais afectados polas riadas?

- Dirixiuse a Xunta a outras administracións, como as deputacións e goberno central, para demandar a súa colaboración e coordinar a axuda aos concellos afectados polo desbordamento dos ríos?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2023 10:25:20

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2023 10:30:13
Nº Rexistro: 46633
Data envio: 09/01/2023 10:30:13.085

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 09/01/2023 10:25:23

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/01/2023 10:25:35

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46677
Data envio: 09/01/2023 14:00:03.444

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez, Rosana Pérez Fernández, e **Paulo Ríos Santomé**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**, sobre o anteproxecto de lei de ordenación do litoral.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre o anteproxecto de lei de ordenación do litoral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado luns 19 de decembro publicouse no DOG anuncio da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda polo que se somete a información pública o anteproxecto de Lei de ordenación do litoral de Galiza. O citado prazo é de un mes, polo que remata o día 20 de xaneiro de 2023.

Grande parte do período de información pública coincidiu coas datas navideñas, o que dificulta a participación dos sectores e colectivos afectados, asñi como do conxunto da poboación.

O anteproxecto de lei citado é unha norma de especial transcendencia e complexidade, na que se inclúen aspectos económicos, produtivos, sociais, de identidade, patrimoniais, paisaxísticos, ambientais, urbanísticos e de ordenación do territorio.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46677
Data envio: 09/01/2023 14:00:03.444

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Existen, polo tanto, moitos sectores afectados e interesados no contido desta lei, como é o da cadea mar industria, a pesca, o marisqueo, a acuicultura, o turismo, o ambiente, o ecoloxismo, o patrimonio cultural, o mundo da investigación, a universidade, a arquitectura, o urbanismo, o paisaxismo, o municipal…

Considerando que é de máximo interese promover un amplo proceso de participación e debate social sobre os obxectivos, as competencias, os instrumentos e as estratexias previstas nesta norma. E tendo en conta que este proceso pode ser moi útil para completar e enriquecer a lei, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

Considera o goberno galego suficiente o prazo de un mes para o procedemento de información pública do anteproxecto de lei de ordenación do litoral?

É consciente a Xunta de que a coincidencia coas datas de nadal dificulta a participación social na procedemento de información?

Considera de interese o goberno galego abrir un amplo proceso de participación social arredor do anteproxecto de lei do litoral?

Vai a Xunta ampliar o prazo de información pública para favorecer a participación de todos os sectores e colectivos atinxidos polo contido da norma?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Rosana Pérez Fernández

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46677
Data envio: 09/01/2023 14:00:03.444

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 09/01/2023 13:55:00

Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2023 13:55:08

Alexandra Fernández Gómez na data 09/01/2023 13:55:18

Rosana Pérez Fernández na data 09/01/2023 13:55:26

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46690
Data envio: 09/01/2023 14:35:29.382

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e **Montserrat Prado Cores** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre os datos de falecementos con Covid-19 remitidos pola Xunta de Galiza ao Parlamento.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola importancia do asunto a tratar e a necesidade de que a Cámara aborde esta cuestión canto antes.

Exposición de motivos

Dous anos despois de solicitar por vez primeira a relación de persoas falecidas con Covid-19 en Galiza desagregada por centros residenciais, o goberno do PP na Xunta remitiu aos grupos parlamentarios na véspera de fin de ano unha listaxe.

No documento remitido recóllese idéntica información á publicada polo xornal dixital Praza Pública –malia que desde o GP do PP se avanzou que a información sería máis ampla no caso do Parlamento.

Neste senso, os datos chegan apenas até decembro de 2020 –malia non referirse ningún período temporal concreto nos mesmos.

Para o G.P do Bloque Nacionalista Galego ademais de coñecer os datos parécenos necesaria unha reflexión sobre os mesmos por parte da Xunta.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46690
Data envio: 09/01/2023 14:35:29.382

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto con anterioridade formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

- Que valoración fai dos datos de falecementos con Covid-19 nas residencias de maiores galegas?

- Que tipo de centros concentraron maior número de falecementos?

- Analizou a Xunta as causas desa maior concentración de mortes?

- Que lecciónns tira o Goberno galego do acontecido e que medidas prevé impulsar, de ser o caso, ao respecto?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 09/01/2023 14:29:23

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2023 14:29:35

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2023 14:29:43

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46702
Data envio: 09/01/2023 19:58:38.799

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa as medidas a tomar para converter a Atención Primaria no auténtico eixo vertebrador do sistema sanitario público galego.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a situación da Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Levamos anos demandándolle ao PP que tome medidas para deixar de poñer en risco a saúde e a vida d@s galeg@s coa súa política de deterioro da sanidade pública galega.

Non só non atendeu ningunha das peticións, senón que segue dando pasos cara o precipicio, cara o abismo, como consecuencia seguen as listas de espera para ter cita nos centros de saúde, seguen os PACs sin médic@s, as crianzas sen pediatras.

Todas as actuacións levadas a cabo van encamiñadas cara roubarlle @s galeg@s o dereito a unha sanidade pública, universal, gratuíta e de calidade, onde as persoas

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

169326

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46702
Data envio: 09/01/2023 19:58:38.799

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sexan atendidas en función das súas necesidades de saúde e non da súa capacidade económica. O obxectivo é cambiar a tarxeta sanitaria pola tarxeta bancaria.

Os datos son clarificadores, o incremento do gasto en sanidade privada, tanto global, como por fogares e por persoa non fai máis que avanzar. Ese aumento está directamente relacionado co deterioro da sanidade pública.

Entre tanto a Xunta actúa de comentarista dos problemas, na vez de actuar para solucionalos. Nin medidas conxunturais nin estruturais para sacar á atención primaria do pozo no que a teñen metida os 13 anos de goberno do PP.

É urxente o cambio de rumbo, poñer en marcha medidas que aposten claramente pola sanidade pública, por esa razón formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

Cal é a planificación da Xunta de Galiza para garantir que a Atención Primaria sexa o auténtico eixo vertebrador do sistema sanitario?

Por que non elabora un Plan de Ordenación de Recursos Humanos a partir do cal presentar un plano de redimensionamento e estabilidade do cadro de persoal?

Parécelle casualidade que ano tras ano @s profesionais que rematan o MIR de Familia e Comunitaria, ou Pediatría, non se queden en Atención Primaria?

Que avaliación fai ao respecto?

Que alternativa lles oferta @s galeg@s diante da escaseza de facultativ@s de Medicina de Familia e Comunitaria, pediatras, enfermeiras...?

Que accións vai realizar para garantir que nos PACs presten atención sanitaria equipos completos de profesionais, formados por persoal facultativo, enfermería e

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46702
Data envio: 09/01/2023 19:58:38.799

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

celadoras/es ou PSX tal como establece a normativa e os acordos asinados c@s profesionais e polo tanto rectificar a intención de que persoal de enfermería preste atención en solitario ante a ausencia de médic@s?

Por que non incorpora a Atención Primaria categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral: psicoloxía, terapia ocupacional, logopedia, traballo social...?

Non considera preciso a aprobación das carteiras de servizos de cada unha das categorías profesionais presentes en Atención Primaria?

Considera que o servizo de ambulancias está suficientemente dimensionado para garantir a asistencia sanitaria @s galeg@s?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2023 19:49:56

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 46702
Data envio: 09/01/2023 19:58:38.799

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 09/01/2023 19:50:05

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2023 19:50:14

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46022
Data envio: 29/12/2022 14:02:15.173

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

O Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria do Sergas prevé a construción no Concello de Teo dun gran centro de saúde na Ramallosa, unha acción coa que en principio desaparecerían os equipamentos de Cacheiras e Os Tilos, unha urbanización esta segunda na que viven 2.350 persoas e que dispón desa instalación sanitaria dende o ano 1994.

Diante do peche do seu centro de saúde, a veciñanza dos Tilos comezou unha protesta para mantelo aberto tendo conta que dá cobertura a moitas persoas usuarias que se deberían desprazar ao novo centro uns 8 quilómetros nun percorrido que conta cun transporte público deficitario.

Curiosamente a esta reivindicación parece sumarse -xunto con todos os grupos municipais- tamén o popular, tanto no Concello como no Parlamento, cando foi precisamente un alcalde popular quen en 2005 cedera os terreos municipais para a construción do centro na Ramallosa e foi tamén un goberno popular na Xunta quen elaborou o Plan de infraestruturas sanitarias.

Hai que lembrar ademais que foi o Grupo Parlamentario do Partido Popular o que votou en contra da iniciativa socialista que instaba a Xunta de Galicia a "modificar o Plan de infraestruturas sanitarias de Atención Primaria de maneira que a construción do novo centro de saúde de A Ramallosa non supoña o peche do centro de Os Tilos".

Non parecen moi lóxicos estes cambios de parecer de última hora cando o proxecto inicial, plasmado nun documento oficial, parecía estar claro para o Sergas: o novo centro emprazaríase na Ramallosa e este substituiría os centros de saúde dos Tilos e Cacheiras.

Semella que estamos diante dunha nova disputa electoral coa que a veciñanza de Teo vai continuar desprovista de instalacións sanitarias de calidade debido aos vaivéns duns gobernos que non parecen ter claras agora as súas prioridades.

Por iso, as deputadas e o deputado, que asinan formulan as seguintes preguntas:

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46022
Data envio: 29/12/2022 14:02:15.173

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

1ª) Que foi en realidade o que fixo mudar de opinión o Sergas sobre o emprazamento do futuro centro de saúde de Teo tendo en conta que o Plan de infraestruturas o emprazaba na Ramallosa e que xa supoñía o peche das instalacións dos Tilos e de Cacheiras?

2ª) Cal cre o Sergas que sería o emprazamento máis axeitado?

3ª) Canto máis se vai demorar o novo centro de saúde de Teo, unha prioridade para a súa poboación?

4ª) Contempla o Sergas a posibilidade de manter aberto o centro de saúde dos Tilos, emprácese onde se emprace o novo?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 29/12/2022 13:55:04

Julio Torrado Quintela na data 29/12/2022 13:55:19

Marina Ortega Otero na data 29/12/2022 13:55:32

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46023
Data envio: 29/12/2022 14:02:53.735

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Para afrontar os retos da cultura galega co horizonte en 2021, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Cultura, impulsaba en 2019 a Estratexia da Cultura Galega (ECG), un documento traballado co sector que contiña as principais liñas de actuación e as prioridades da política cultural de Galicia durante os vindeiros anos.

Os obxectivos xerais da ECG son:

- Fortalecer a industria cultural, para que cree máis riqueza e postos de traballo.

- Estender a produción e distribución cultural de base por todo o territorio de Galicia para favorecer a inclusión e a participación na cultura de toda a sociedade.

- Asegurar os servizos públicos culturais: bibliotecarios, museísticos, arquivísticos etc.

- Propiciar canles estables que favorezan unha maior colaboración entre as administracións públicas nas políticas culturais e unha maior participación da sociedade e das entidades privadas na cultura.

Eses obxectivos poñen o foco en dez retos prioritarios:

- Consolidar unha visión social da cultura como valor esencial e imprescindible para o desenvolvemento integral da sociedade, e a valoración da lingua galega como instrumento-clave da nosa identidade cultural e activo útil para a cidadanía.

- Estimular a produción cultural (profesional e afeccionada) e a súa distribución.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46023
Data envio: 29/12/2022 14:02:53.735

- Facilitar o acceso á cultura (ampliación de públicos, inclusión social) e favorecer a participación da sociedade no seu financiamento.

- Promover a cooperación institucional e a boa gobernanza da cultura (administración autonómica, local e provincial; novas sinerxías educación-cultura; Xacobeo; medios de comunicación públicos): corresponsabilidade, coherencia, eficiencia, participación, racionalización dos recursos, vertebración do territorio.

- Consolidar o tecido industrial creativo.

- impulsar a salvagarda e a difusión do patrimonio cultural de Galicia como un recurso vivo e accesible.

- Avanzar na proxección exterior e a internacionalización da produción cultural de Galicia (posicionamento da marca 'Cultura de Galicia', proxección da Cidade da Cultura, vínculos coa Galicia exterior).

- Potenciar o posicionamento da cultura galega no marco da sociedade dixital.

- Apoiar a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, así como a colaboración entre as institucións públicas e privadas no ámbito da cultura.

- Continuar co proxecto da Cidade da Cultura de Galicia como colaborador do emprendemento, da tecnoloxía e da programación da cultura galega.

O documento sustenta os piares básicos da ECG21 no libro, o audiovisual, as artes escénicas, a música, as artes plásticas e visuais, o patrimonio cultural e as institucións da memoria (bibliotecas, arquivos, museos e fundacións de autor). En cada un destes ámbitos propóñense numerosas medidas para "reforzar a dinamización da lectura, impulsar o libro como elemento estratéxico de mercado, favorecer a proxección exterior da industria audiovisual, crear novas canles de negocio para a música, consolidar unha oferta escénica ampla e de calidade, propiciar novos procesos de creación e de difusión das artes plásticas e visuais, así como potenciar a conservación do patrimonio cultural".

Segundo reza o extenso documento, durante a súa execución disporase dun procedemento e dos instrumentos de seguimento que permitan determinar o grao en que os contidos se están a se desenvolver e a súa eficacia, ademais de servir

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46023
Data envio: 29/12/2022 14:02:53.735

para "intervir con flexibilidade para se adaptar ás novas circunstancias que se presenten". Para isto, asegúrase que se elaborará un informe anual, durante o seu período de vixencia, que conterá toda a información significativa sobre o avance da posta en marcha das súas previsións e que, ademais de a todos os sectores da cultura galega, será enviada ao Parlamento de Galicia.

Pasado xa o horizonte temporal para o desenvolvemento desta estratexia, de vital importancia para a industria e os axentes culturais do noso país, convén saber cal é o grao de execución en función dos indicadores expostos, a súa eficacia e a posible actualización daquelas medidas que non se desenvolvesen ata o de agora.

Por iso, as deputadas que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o grao de execución da Estratexia da Cultura Galega (ECG21), que tiña o horizonte no ano 2021?

2ª) Que informes anuais elaborou a Consellaría de Cultura sobre o avance da posta en marcha das previsións da citada Estratexia?

3ª) Dispón a Consellaría de Cultura dun procedemento e instrumentos de seguimento que permitan determinar o grao de cumprimento e a eficacia dos contidos da ECG21 e intervir con flexibilidade no seu desenvolvemento para se adaptar ás novas circunstancias que se presenten?

4ª) Considera a Xunta de Galicia que a ECG21 debe ser rigorosamente avaliada para proceder a unha actualización das medidas propostas e aínda non desenvolvidas?

5ª) Como valora o Goberno galego o desenvolvemento da ECG21?

6ª) Considera que se cumpriu algún dos obxectivos marcados? E os retos?

7ª) Cal cre o Goberno galego que foron as medidas máis importantes xa desenvolvidas da ECG21?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 29/12/2022 13:56:22

Noelia Otero Lago na data 29/12/2022 13:56:35

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46024
Data envio: 29/12/2022 14:03:49.251

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago e Leticia Gallego Sanromán, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O Estatuto de autonomía de Galicia di no seu artigo 5:

1. A lingua propia de Galicia é o galego.

3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán a utilización do galego en todas as ordes da vida pública, cultural e informativa, e, disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

Nos últimos tempos sorprenden as manifestacións realizadas por parte de diversos representantes institucionais a respecto do noso idioma sen que o Goberno galego responda a estes ataques e mesmo os xustifique.

A última destas manifestacións tivo lugar na vila pontevedresa de Baiona, na que o grupo municipal popular denunciaba "a falla de respecto" por que unha actividade cultural -un monólogo do artista galego Quico Cadaval- se desenvolvese en galego aducindo que "sempre se fixo en castelán como un xesto de cortesía aos visitantes, que acoden como público a estes eventos culturais". Para máis inri, en declaracións a medios de comunicación, os populares manifestaron que entenden que noutra época do ano si se pode optar polo "noso dialecto", no que demostra un absoluto desprezo polo noso idioma.

Diante das numerosas queixas de toda a cidadanía, o PP de Baiona rectificaba o día seguinte en tres liñas sen credibilidade ningunha: "Dende o PP de Baiona pedimos desculpas polo grave erro cometido con respecto á nosa lingua. Como sabedes, unha das premisas do noso partido é a difusión, protección e posta en valor da lingua galega, e así o seguirá sendo."

Meses antes, o actual presidente da Xunta, noutrora vicepresidente primeiro, xustificaba o patrocinio por parte do Xacobeo dun anuncio dun programa radiofónico de Jiménez Losantos no que se utilizaba a palabra 'Sangenjo' para referirse á vila pontevedresa de Sanxenxo.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46024
Data envio: 29/12/2022 14:03:49.251

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Ao Grupo Socialista preocúpalle que estas actitudes inaceptables con respecto ao uso e promoción do noso idioma non reciban reprobación pública por parte do novo Goberno galego do Sr. Rueda e por iso preguntamos:

1.ª) Considera o Goberno galego que a chegada de turistas a Galicia na época estival xustifica a substitución do uso do galego polo castelán en calquera tipo de actividade pública?

2.ª) Entende o Goberno galego que a nosa lingua é de facto un atractivo turístico máis e non un obstáculo para o entendemento entre culturas?

3.ª) Reprobou o Goberno galego o grupo municipal popular de Baiona por protestar por que un espectáculo cultural fose en galego? E por que se referise ao idioma galego como "un dialecto"?

4.ª) Considera necesarias a Xunta de Galicia as reprobacións públicas deste tipo de actitudes e/ou manifestacións?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2021

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 29/12/2022 13:41:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46024
Data envio: 29/12/2022 14:03:49.251

Noelia Otero Lago na data 29/12/2022 13:41:28

María Leticia Gallego Sanromán na data 29/12/2022 13:41:38

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46025
Data envio: 29/12/2022 14:04:21.626

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

O hospital público do Barbanza emprázase no lugar das Canles-Xenxides, na parroquia de San Martiño de Oleiros, ocupando unha superficie solar de mais de 30.000 metros cadrados.

Este centro hospitalario dá servizo a unha poboación de máis de 60.000 persoas, o que fai necesario dotar ese hospital de accesos axeitados e de suficientes prazas de aparcamento para así evitar que o persoal traballador, doentes e acompañantes teñan que deixar os seus vehículos en espazos ou ben non acondicionados para esa finalidade ou ben noutros que dificultan a circulación rodada na contorna.

A autoridade académica e a dirección do centro hospitalario é consciente deste problema e por iso faise preciso habilitar alternativas para ampliar os espazos de aparcamento nas inmediacións que encaixen cos novos modelos de accesibilidade, sostibilidade e fomento dos espazos de uso peonil.

Existen nos arredores do hospital comarcal tres parcelas concretas que serían as idóneas para tal fin e que ademais non parecen atopar resistencia por parte das persoas propietarias para a súa venda ou alugueiro, unha xestión que debera realizar o propio Concello.

Esta actuación, que contou coa unanimidade da Corporación Municipal de Ribeira a proposta do Grupo Socialista, permitirá mellorar a dotación de prazas de estacionamento de xeito substancial pero tamén reorganizar o espazo da área sanitaria para que o persoal traballador dispoña dun espazo propio para os seus vehículos

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46025
Data envio: 29/12/2022 14:04:21.626

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

1.ª) Considera necesario o Goberno galego ampliar a zona de estacionamento do Hospital Comarcal do Barbanza?

2.ª) Ten previsto comezar este ano as xestións para ampliar a zona de estacionamento do Hospital Comarcal do Barbanza coa compra ou alugueiro de parcelas próximas ao centro sanitario?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2021

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 29/12/2022 13:53:28

Julio Torrado Quintela na data 29/12/2022 13:53:39

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46025
Data envio: 29/12/2022 14:04:21.626

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Marina Ortega Otero na data 29/12/2022 13:53:50

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46026
Data envio: 29/12/2022 14:04:54.126

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta na Comisión Permanente da CRTVG.

A manipulación informativa e a falla de pluralidade na radio e na televisión públicas galegas son xa unha 'marca da casa' que o grupo parlamentario socialista leva anos denunciando, sumándose así ao que manifestan as propias traballadoras e traballadores da corporación agrupados no colectivo Defende a Galega.

A radiotelevisión pública de Galicia é vital para o mantemento do espazo público democrático, tal e como recolle a lei 9/2011 que a obriga a cumprir co pluralismo democrático, algo que é evidente que non se está a producir. A CRTVG tampouco cumpre coa súa misión de servizo público para o que foi creada, que esixe garantir unha información de proximidade que respecte os principios de pluralidade, imparcialidade, neutralidade e veracidade informativa.

Entre os agraviados por esta falla de pluralidade e manipulación descarada atópanse os concellos, fartos moitos deles de que os medios públicos non acudan cando é preciso e si o fagan cunha cara intencionalidade política, por suposto para favorecer o Partido Popular.

Melide é un destes casos, nos que o grupo municipal socialista leva tempo criticando e lamentando o uso partidista que o PP realiza dos medios de comunicación públicos nos seus actos e visitas ao concello, ofrecéndose sempre unha mala imaxe do goberno municipal que por suposto nunha é contrastada con todas as fontes.

A finais deste mes de xullo, a secretaria xeral do PP de Galicia, Paula Prado, visitaba Melide cun equipo da TVG para mostrar o apoio do seu partido á veciñanza, unha cobertura que xa se dera en meses pasados sempre para cubrir actos do PP e sempre trasladando unha imaxe negativa do goberno local. En esencia o que se pretende é, de cara ás próximas eleccións municipais, criticar o actual goberno municipal e louvar o labor da voceira do PP, Dalia García.

Unha vez máis, o Grupo Parlamentario do PSdeG súmase ás inquedanzas da cidadanía, nesta ocasión do Concello de Melide, por non respectar a pluralidade

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46026
Data envio: 29/12/2022 14:04:54.126

democrática e non ser imparciais no tratamento informativo do acontecer nese municipio.

Polo exposto as deputadas e o deputado que asina formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Considera que a CRTVG cumpre coa súa obriga de atender a pluralidade democrática ao participar de actos do PP en Melide cuxa única finalidade é criticar o actual goberno local e louvar a futura candidata popular?

2.ª) Como valora que as opinións ou declaracións dunha representante política acerca doutro representante público nunca sexan contrastadas?

3.ª) Entre 2021 e o que vai de 2022 cantos actos cubriu a TVG en Melide? Cales foron? Cal era a súa temática?

4.ª) Pensa a actual dirección da CRTVG mudar os criterios de cobertura informativa no Concello de Melide?

5.ª) Segue negando o director xeral que exista manipulación informativa na CRTVG?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 29/12/2022 12:50:26

Noelia Otero Lago na data 29/12/2022 12:50:40

Martín Seco García na data 29/12/2022 12:50:49

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46027
Data envio: 29/12/2022 14:06:05.220

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

No segundo semestre do curso escolar 2021-2022 o Grupo Socialista denunciaba no Parlamento a deficiente prestación do servizo de transporte por estrada e a súa constante afectación aos rapaces e rapazas que fan uso del para acudir aos seus centros escolares. Horarios que non se respectan, autobuses que non chegan nunca ás paradas e mesmo emprego de VTC en vez dos vehículos obrigados por contrato son algunhas das cuestións advertidas.

Lonxe de asumilo e de pór unha solución inmediata, en concreto e con urxencia nos concellos da contorna de Compostela, a conselleira de Mobilidade respondía que eran casos puntuais que se resolvían no momento, algo que repetía o conselleiro de Educación en sede parlamentaria á vez que este verán se gababa de que o actual curso escolar comezaría con “total normalidade”.

Dende o grupo do PSdeG preguntámonos se o Goberno galego entende que o comezo caótico do curso por culpa do transporte nos concellos de Teo, A Baña, Negreira, Dodro e O Pino foi tamén un compendio de “casos puntuais”.

No concello de Teo, o día 8 de setembro de inicio de curso, houbo liñas que non traballaron deixando así a decenas de rapaces e rapazas nas paradas, que foron chegando aos centros grazas a que pais e nais voluntarios os levaban nos seus vehículos particulares. Outras liñas -cos autobuses sen rotular- pasaron polas paradas unha hora máis tarde da prevista e mesmo nalgúns casos a empresa concesionaria enviou furgonetas VTC no canto de autobuses.

Na Baña, a ruta chegou tarde e con moitos rapaces e parazas de pé xa que o autobús que enviaron era de 20 prazas e desa liña fan uso cando menos 30 menores.

Tamén en Dodro o autobús que leva os escolares a Padrón chegou tarde. E no Pino a liña de Monbus Lugo-Santiago que utilizan os e as estudantes para ir aos institutos (bacharelato e FP) de Santiago fixo a ruta cunha hora de atraso.

Por se fose pouco, sabemos que a moitos dos condutores e condutoras dos autobuses desas liñas lles comunicaron as rutas pasadas as once da noite do día anterior, e moitos deles descoñecían os lugares polos que discorren.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46027
Data envio: 29/12/2022 14:06:05.220

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

E todo isto, nun día de comezo de curso, cos lóxicos nervios de escolares e familias aos que tiveron que sumar tamén a ansiedade deste máis que deficiente servizo de transporte. Unha ansiedade que se agrava aínda máis no caso do alumnado con necesidades educativas especiais.

O transporte escolar é de máxima importancia para toda a poboación, sobre todo no ámbito rural debido ás distancias que as familias teñen que percorrer ata o centro escolar máis próximo. É por iso que a maior parte da comunidade escolar emprega este servizo público. Ao Grupo Socialista non só nos preocupa que nenos e nenas perdan tempo das súas clases, coa afectación que supón na súa ensinanza e na da organización do curso para o profesorado; tamén a inseguridade constante que provocan nas familias, afectadas por eses atrasos continuos ou por non estar dispostas a que os seus fillos e fillas teñan que agardar na rúa por un transporte que ou chega tarde ou non chega.

Todo o exposto dá conta do desleixo da Xunta de Galicia na esixencia de cumprimento do contrato de transporte que neste caso lle corresponde a Monbus, e por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno galego que o curso comezou con "total normalidade" para as familias dos concellos da contorna de Compostela logo das múltiples deficiencias no servizo de transporte público?

2ª) Está realizando a Xunta de Galicia algún tipo de inspección e seguimento da prestación do servizo de transporte para garantir que a comunidade escolar chega a tempo aos seus centros?

3ª) Considera aceptable o Goberno galego que os nenos e nenas da contorna de Compostela cheguen en numerosas ocasións tarde a clase ou teñan que agardar máis de media hora a que chegue o seu autobús? E que a empresa empregue VTCs no canto de autobuses?

4ª) Cal é a razón de que a empresa concesionaria envíe vehículos con menos capacidade das persoas usuarias que fan uso desa ruta?

5ª) Cre a Xunta de Galicia que o actual servizo de transporte nos concellos da contorna de Compostela cumpre coa súa función facilitadora da conciliación laboral das familias?

6ª) Non cre a Xunta de Galicia que, máis que casos illados, todos os incidentes dan conta dunha nefasta prestación do servizo en xeral?

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46027
Data envio: 29/12/2022 14:06:05.220

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

7ª) Cando pensa a Xunta de Galicia dar resposta ás queixas da comunidade educativa dos concellos da contorna de Compostela a respecto desta cuestión?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 29/12/2022 13:07:29

Noelia Otero Lago na data 29/12/2022 13:07:44

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46028
Data envio: 29/12/2022 14:06:24.688

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

A Xunta de Galicia aprobaba en 2017 o decreto 12/2017 polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico (VUT) en Galicia, na que recoñece a necesidade de regular este último tipo de aloxamento dada a súa proliferación na nosa comunidade autónoma e "debido ao seu impacto e a competencia desleal que supón respecto do aloxamento turístico regulado".

A falla de datos oficiais contrastados e actuais, calcúlase que en Santiago de Compostela hai na actualidade preto de 1.000 VUT, todas elas inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia (REAT) pero só o 10 % conta coa habilitación municipal preceptiva. Porque hai que lembrar que o texto lexislativo aprobado hai cinco anos establece que son os municipios, con competencias urbanísticas, os que teñen a facultade de establecer requisitos ou permisos previos que sexan de aplicación para empezar a operar.

O mencionado decreto 12/2017 establece no seu artigo 5 'Concepto de vivenda de uso turístico':

> *4. As vivendas de uso turístico requiren da correspondente declaración previa de inicio de actividade ante a Administración turística.*
>
> *6. (…) <u>Os concellos poderán establecer limitacións no que respecta ao número máximo de vivendas de uso turístico por edificio ou por sector</u>.*

Xa no seu Capitulo VI dedicado enteiramente a regular este tipo de vivendas, establece que:

> *Artigo 41. Réxime de exercicio da actividade*
>
> *1. Para o inicio da actividade turística na modalidade de vivendas de uso turístico deberá presentarse unha declaración responsable de inicio de actividade (…).*
>
> *Artigo 42. Efectos da presentación*
>
> *1. A presentación da declaración responsable, nas condicións previstas neste decreto, habilita para o desenvolvemento da actividade turística de vivenda de*

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46028
Data envio: 29/12/2022 14:06:24.688

uso turístico, sen prexuízo do cumprimento das demais obrigas esixidas noutras normas que lles resulten de aplicación.

Esta habilitación para o desenvolvemento da actividade turística non exime o/a propietario/a ou persoa ou empresa que comercialice a vivenda da obriga de obter as autorizacións, permisos, licencias e/o informes que establezan as distintas normativas sectoriais e municipais que lle son de aplicación.

Artigo 43. Inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia

1. Atendendo a declaración responsable (...) a área provincial da Axenciade Turismo de Galicia inscribirá de oficio o establecemento no REAT e emitirá un documento que acredite tal inscrición, salvo que se omitisen datos ou documentos de carácter esencial ou se desprenda da declaración que non reúne os requisitos previstos neste decreto para a súa clasificación.

Artículo 44. Resolución

A comprobación polos órganos competentes da inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, dos datos declarados, así como a non presentación da declaración responsable, a non dispoñibilidade da documentación preceptiva, o incumprimento dos requisitos que resulten de aplicación, determinarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos (…).

A Dirección da Axencia Turismo de Galicia ditará (...) a oportuna resolución (...) e acordará a baixa da vivenda de uso turístico, así como a cancelación da súa inscrición no REAT.

Diante desta normativa, non é comprensible que sexa o mesmo Goberno que a redactou, e en concreto Turismo de Galicia, quen se negue a lle dar cumprimento eliminando do REAT as VUT que non contan coa habilitación municipal. E máis cando existen dúas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) que consideran, ao igual que o concello compostelán, que as VUT son unha actividade económica e por iso precisa dunha licencia municipal previa e que ademais estas vivendas xa estaban reguladas polo Plan especial de Santiago de Compostela do ano 1997.

A Xunta de Galicia non está a cumprir nin coa súa normativa nin coa defensa dun turismo sustentable que preserve a identidade de cada zona turística, neste caso a cidade de Compostela. O Goberno local compostelán non pretende prohibir este tipo de establecementos, senón regulalos precisamente para protexer o interese público e

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46028
Data envio: 29/12/2022 14:06:24.688

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

determinar o modelo de convivencia e dun turismo sostible e responsable que a cidade precisa.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é a razón de que Turismo de Galicia non elimine do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia as vivendas de uso turístico que non dispoñen de habilitación municipal?

2ª) Como interpreta o Goberno galego as distintas sentencias emitidas polo TSXG respecto de vivendas de uso turístico no Concello de Santiago?

3ª) Cando vai eliminar Turismo de Galicia do Rexistro as VUT que non contan co preceptivo permiso municipal?

4ª) Cando pensa o Goberno galego do Partido Popular cumprir coa normativa que el mesmo elaborou?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 29/12/2022 13:23:17

María Leticia Gallego Sanromán na data 29/12/2022 13:23:32

Martín Seco García na data 29/12/2022 13:23:43

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46029
Data envio: 29/12/2022 14:07:05.001

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.ª.

No mes de xullo de 2022 o director xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, anunciaba en comparecencia parlamentaria que a Xunta estaría disposta a crear un plan para a recuperación da cultura descentralizado en Galicia, condicionado á articulación ou non dun Perte cultural polo Goberno do Estado.

A Xunta de Galicia, que actúa soa nesta demanda ao non verse acompañada por outros gobernos autonómicos, non recibiu resposta afirmativa por parte do Goberno do Estado, de maneira que no grupo socialista preguntámonos cando e como vai actuar o Executivo galego para facer efectivos eses 19 proxectos propostos pola Xunta a captar fondos europeos.

Tendo en conta que o Estatuto de Galicia nos asigna como competencia exclusiva o fomento da cultura e que o propio artigo 32 establece que tamén nos corresponde a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego, entendemos que a Xunta de Galicia debe artellar canto antes ese plan cultural para desenvolver os proxectos propostos -asumidos polo director xeral como «un mapa de capacidades e de necesidades do sector e ferramenta clave para a folla de ruta da cultura galega-, na súa meirande parte sufragados con fondos propios para asegurar a súa continuidade.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten previsto a Xunta de Galicia pór en marcha un plan cultural específico para desenvolver os 19 proxectos aspirantes a fondos europeos?

2ª) De ser así, cal é a previsión que manexa o Goberno galego?

3ª) Cal sería a priorización dos proxectos e cal a súa forma de financiamento?

4ª) Considera o Goberno galego que algún dos proxectos propostos poderían ser desenvolvidos cos fondos que xa están chegando a Galicia polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia?

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46029
Data envio: 29/12/2022 14:07:05.001

5ª) De contar con fondos europeos para desenvolver os 19 proxectos, como pensa o Goberno galego continuar co seu desenvolvemento unha vez que ese financiamento desapareza?

6ª) Se tal e como manifestou o director xeral de Cultura, eses 19 proxectos "actualizan o mapa de necesidades da cultura galega", en que lugar queda a Estratexia Cultural Galega 2021?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro do 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 29/12/2022 13:33:28

Noelia Otero Lago na data 29/12/2022 13:33:40

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46030
Data envio: 29/12/2022 14:15:39.345

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

A Consellería de Medio Rural ofrece anualmente ás entidades locais colaboración económica para financiar a contratación de brigadas para desenvolvemento de labores preventivas, de vixilancia e defensa contra incendios forestais.

Con esta medida preténdese a implicación das administracións locais no operativo de loita contra os lumes que o Goberno galego desprega cada ano mediante a configuración por parte dos municipios de unha ou dúas brigadas de cinco compoñentes, compostas por un xefe de brigada, un peón condutor e tres peóns de brigada, que durante tres meses, encadrados entre xullo e outubro**,** quedan baixo o mando organizativo e funcional do distrito que corresponda.

Os brigadistas reciben un curso formativo de dezaseis horas presenciais, formación moi escasa para tan alta responsabilidade e para a propia seguridade laboral dos mesmos.

A financiación destes convenios é realizada con fondo europeos, no marco do PDR de Galicia para labores exclusivamente de prevención.

Por outra banda os labores de vixilancia e defensa contra incendios é financiado pola Xunta de Galicia.

O Grupo Parlamentario Socialista xa manifestou en distintas ocasións que non comparte este modelo de defensa contra o lume, un modelo que non se axusta á realidade existente no territorio galego, nin a virulencia dos incendios actuais.

Galicia necesita dun modelo axustado á realidade, dun dispositivo de extinción único, profesional, estable, formado e equipado con dependencia directa da Consellería con competencias na materia e orzamento para elo.

Os concellos están de forma continuada asumindo competencias impropias, engadindo dificultades á xa complicada situación que están a vivir nos últimos tempos e agora agravadas, cunha carga financeira cada vez maior.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46030
Data envio: 29/12/2022 14:15:39.345

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por pura responsabilidade, polo medo ao reproche que o lume no seu territorio lles puidera reportar, os alcaldes e alcaldesas cargan sobre os seus ombreiros unha encomenda que non debera ser da súa competencia.

O Grupo Parlamentario Socialista en Sesión plenaria formuloulle ao conselleiro se o Goberno galego pensaba reformular o modelo de brigadas municipais, pero á vista está o inmobilismo da Xunta de Galicia.

Estes convenios adoecen de deficiencias:

Xa dende o ano 2017 detectouse a falla de dispoñibilidade de xefes de brigadas, que fixo que moitos concellos non puideran constituílas.

Proba dilo é o publicado no Diario A Región de data 3 de xullo, en relación a zona de Monterrei da provincia de Ourense na que se alerta da redución das brigadas de incendios, especificando que Verín, Castrelo do Val e Laza non se adhiren ao convenio da Xunta de Galicia por dificultades para asumir a contratación.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego das dificultades que encontran os concellos para subscribir os convenios de colaboración de brigadas de incendios?
2. Cantas brigadas se constituíron dende o ano 2016 ata a actualidade, con distribución anual por municipio e número de traballadores e traballadoras?
3. Que aportación anual perciben os municipios dende o ano 2016 a actualidade?
4. Os recursos achegados aos concellos son suficientes para o bo desenvolvemento das actividades de extinción?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro do 2022

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46030
Data envio: 29/12/2022 14:15:39.345

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

ASINADO DIXITALMENTE POR:

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA NA DATA 29/12/2022 13:29:09

MARINA ORTEGA OTERO NA DATA 29/12/2022 13:29:17

MARTÍN SECO GARCÍA NA DATA 29/12/2022 13:29:29

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46031
Data envio: 29/12/2022 14:15:57.532

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García, Marina Ortega Otero, Eduardo Ojea Arias, Luís Manuel Álvarez Martínez e **Patricia Otero Rodríguez**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

O Grupo Parlamentario Socialista leva tempo insistindo en que o principal problema para que se produzan os lumes en Galicia é o abandono absoluto no que se atopa o noso rural, consecuencia do cal temos máis territorio improdutivo e con unha importante carga de biomasa. Por outra banda cada día vese como se desmantelan novos servizos públicos e privados.

A situación que nos atopamos no rural é unha poboación cada día con menos servizos sanitarios, educativos e de servizos sociais para a infancia e maiores, desmantelamento dos servizos bancarios, o transporte público etc.

Como imos a loitar contra o lume se cada día temos menos terra produtiva, se a agricultura, a gandería e a xestión forestal sostible teñen cada vez menos peso na Galicia Rural, que fai que o territorio se estea a transformar de xeito estrutural, nunha bomba de biomasa formada por miles de hectáreas de mato e arborado desordenado, en continuidade e sen apenas presenza dos cortalumes naturais que forman as terras de labor, pastos, e prados, que protexen as masas forestais e os núcleos de poboación,.

A grande debilidade que ten a nosa foresta é que a silvicultura preventiva é practicamente inexistente. Exemplo ben claro é a contratación das brigadas forestais de fixos descontinuos traballando entre 6 e 9 meses, que si traballasen todo o ano eses meses que están inactivos poderían estar facendo silvicultura preventiva. E que dicir das brigadas municipais que teñen que facer silvicultura preventiva na época de máximo risco de incendios, consecuencia de ter contratos so de 3 meses.

Urxe que se replantee o modelo de gastar case unha centena de millóns de euros anuais en medios de extinción, sen levar a cabo o traballo para dotar de actividade ao noso rural, sen levar a cabo os traballos de prevención, de ordenación do territorio, de educación e acción sociolóxica ambiental.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46031
Data envio: 29/12/2022 14:15:57.532

O informe do Consello de Contas no ano 2016 amosábanos que o Plan Forestal de Galicia elaborado no 1992 e que sinalaba o camiño da política forestal ata o ano 2030 tiña en previsión que se dedicara un 13 % do diñeiro a prevención e extinción de incendios e o 87 % ao fomento e desenvolvemento forestal, a realidade é que se dedica máis dun 80 % a extinción de incendios forestais e un escaso 20 % a prevención ou políticas de desenvolvemento dos ecosistemas forestais (estamos moi lonxe do que ten que ser unha política forestal equilibrada na que se busque a sustentabilidade do patrimonio forestal e dos ecosistemas de Galicia). Máis de 2.500 millóns de euros vanse a gastar nestas dos próximas décadas en extinción se segue a mesma política que ata o momento.

Outra das cuestións que debe mudar é a debida xestión forestal sostible que debe ter a Xunta de Galicia, onde se sinerxien tanto os aspectos económicos como os ambientais con os sociais desenrolando unha xestión sostible do territorio agrogandeiro e forestal como unha acción política decidida que poña enriba da mesa un modelo asentado na realidade.

Co compromiso de todo o territorio e toda a poboación en dereitos e obrigas, non se pode permitir que nunha zona se concentre toda a produción forestal mentres que a outra ampla zona se lle someta a obriga de aportar valores naturais sen ningún tipo de compensación económica e soamente con limitacións de uso no seu territorio.

Hai que desenrolar sen máis demora os PORF como así o di a recomendación número 2 do Parlamento galego, que establece que tiñan que estar feitos antes que finalizase o 2024, una vez aprobada a Revisión do PFG de tódolos distritos.

De xeito paralelo deberan de poñer en marcha, modelos de xestión forestal individual ou por xestor forestal, que sexan verdadeiros instrumentos no que se asentase o sector forestal, débese regular o que pode ou non pode facer un xestor en todas as súas parcelas, a unidade de xestión non pode ser a parcela concreta, ten que ser xestor e sendo así este terá que dedicar parcelas a produción e outras a conservación, seguindo o modelo da agricultura e a gandería para a PAC.

Estanse a producir incendios convectivos que podemos denominar como de sexta xeración, cunhas condicións que fan que a loita contra o lume sexa moi complexa polas condicións atmosféricas que combinan altas temperaturas, baixa humidade e fortes ventos, a chamada regra climatolóxica do 30/30/30, debe de facer que analicemos como actuar ante o cambio climático que estamos a sufrir e o aumento do combustible nos montes derivado do despoboamento do rural galego.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46031
Data envio: 29/12/2022 14:15:57.532

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

De feito debemos recordar o acontecido en Galicia no ano 2017 e a desgracia acontecida no mes de xullo na nosa a Comunidade nas provincias de Ourense e Lugo, concretamente nos concellos de Folgoso do Courel, A Pobra do Brollón, Carballeda de Valdeorras e o Barco de Valdeorras (afectando o Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra) , Vilariño de Conso (afectando o Parque Natural do Invernadeiro) como tamén no Concello de Oímbra.

Debemos modificar o actual sistema de prevención, analizando as zonas abandonadas principalmente en Lugo e Ourense, elaborando o correspondente mapa de riscos segundo fixa a Lei de incendios, algo que vimos reclamando por parte deste grupo dende hai tempo e que tería que figurar nos Pladigas e ano tras ano non aparece, posto que nin o PEIFOGA ni no PLATERGA o teñen. Con este tipo de incendios tan virulentos, o Goberno galego debera desenrolar un estudo profundo coa elaboración entre outros dun mapa de combustibles actualizado, cruzando a información coa ocorrencia dos lumes e sendo precisos nas zonas onde aplicar medidas preventivas que non so teñen que ser rozas, xa que con este tipo de lumes que xeran unha gran cantidade de focos secundarios é preciso deseñar unha paisaxe en mosaicos onde haxa unha multifuncionalidade de usos de forma que cando eses focos se xeran se poidan illar da maneira máis rápida posible.

Como medida complementaria é fundamental que o Goberno galego teña realizados plans de autoprotección e evacuación para todas as aldeas, coa colaboración dos concellos e dos servizos de emerxencias locais e comarcais.

Necesitamos avanzar na profesionalización deste sector, cuns traballos de alto risco, nos que en moitos casos non se garante unhas condicións salariais axeitadas, nin o equipamento material e técnico axeitado, nin a formación imprescindible para a extinción de incendios e a realización dos labores de prevención dos traballadores e traballadoras.

Todo isto, demostrado nos últimos anos, leva a unha maior descoordinación, menor eficacia, maior falla de profesionalización duns traballos onde o perigo e o risco son unha constante.

Os traballos de prevención de lumes (áreas cortalumes, devasas, faixas auxiliares de pistas e camiños, faixas de xestión de biomasa), non se realizan ao seu debido tempo, unha boa parte realízanse fóra da época axeitada non cumprindo co obxectivo que debe ter unha política de prevención de incendios forestais.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46031
Data envio: 29/12/2022 14:15:57.532

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Os traballos de prevención de incendios forestais e de xestión de biomasa deben de realizarse antes do mes de xuño de cada ano.

No Pladiga faise referencia a accións dirixidas a poboación, entre outras "*accións sociolóxicas e de educación ambiental*", pero atopámonos con que a maior parte das chamadas "Aulas Forestais" están pechadas.

Non hai campañas de formación/sensibilización dirixidas ao conxunto da poboación escolar tampouco a cidadanía, un dos teóricos obxectivos que non se cumpren por que non hai vontade de levar adiante estas actuacións imprescindibles para mudar comportamentos "*non se valora o que non se coñece*", se queremos cambiar determinadas pautas de comportamento e se queremos que se poñan en valor os ecosistemas forestais de Galicia, débense levar adiante campañas de educación e sensibilización para escolares e campañas de concienciación dirixidas ao resto da poboación e diferenciadas por grupos de poboación.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Entende a Xunta de Galicia que hai que modificar os mecanismos de prevención ante a aparición dos lumes de 6ª xeración?
2. Considera a reformulación nun dispositivo de prevención e extinción único, profesional quipado dependente da Xunta de Galicia?
3. Con canto persoal, do recollido no Pladiga, contaba o SPIF a 1 de xullo de 2022, por categorías profesionais e distribución territorial por distritos forestais?
4. Ten previsto a Xunta de Galicia unha mellora na profesionalización e contra a temporalidade de tódalas brigadas contra incendios?
5. Sendo consciente a Xunta de Galicia da carencia de xefes de Brigada que impedían a formación de brigadas municipais, por que non tivo en conta esta circunstancia?
6. Cal foi o número de hectáreas queimadas en cada un dos grandes incendios, desglosándoa en hectáreas arboradas e rasas, así como que hectáreas arderon nos parques naturais afectados e en Rede Natura 2000?
7. Cales son as actuacións que ten previsto levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a erosión do terreo, a perda de solo e os arrastres os lumes coa consecuente afectación dos ecosistemas fluviais, nas zonas afectadas?
8. Cales son as accións que vai a levar a cabo a Xunta de Galicia para a posta en actividade da superficie agrogandeira e forestal no territorio galego?

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46031
Data envio: 29/12/2022 14:15:57.532

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

9. Por que non desenrola a Xunta de Galicia unha xestión forestal sostible por xestor forestal e equilibrada no territorio?
10. Por que non se desenrolan máis accións sociolóxicas e de educación ambiental?
11. Por que están pechadas a maioría das aulas forestais?
12. Cal é o estado actual de execución, en materia de prevención de incendios forestais, correspondente o ano 2022?
13. Cal é a inversión en materia de contratación actual de medios de extinción de incendios forestais, correspondente o ano 2022?
14. Procedeu a Xunta de Galicia a petición de declaración de Zona Catastrófica a raíz dos incendios de xullo na nosa Comunidade Autónoma?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro do 2022

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/12/2022 13:30:16

Martín Seco García na data 29/12/2022 13:30:24

Marina Ortega Otero na data 29/12/2022 13:30:34

Eduardo Ojea Arias na data 29/12/2022 13:30:44

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/12/2022 13:30:56

Patricia Otero Rodríguez na data 29/12/2022 13:31:05

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46032
Data envio: 29/12/2022 14:16:14.501

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

O concello de Pereiro de Aguiar ten unha poboación de 6.350 habitantes, dos cales 3.259 son homes e 3.091 mulleres, de 0 a 5 anos 219, de 5 a 10 anos 317, de 10 a 15 anos 305 e de 15 a 20 anos 230, sendo un municipio un dos poucos da provincia de Ourense que crece no número de habitantes, case 100 no último ano, sendo uns dos municipios cunha media de idade máis baixa de toda a provincia, con preto de 40 nacementos por ano.

O Grupo Municipal Socialista leva anos apoiando as reivindicacións das nais e pais do colexio público Ben-Cho-Shey, solicitando a través de diversas propostas, distintas medidas a implantar pola Xunta de Galicia no colexio, tales como diversas melloras nas súas instalacións, modificación do horario do colexio, e a creación dun Instituto de Ensino Secundario (IES) ou un Centro Público Integrado (CPI), de acordo coas demandas históricas da Anpa.

Actualmente están adscritos os alumnos e alumnas do municipio de Pereiro de Aguiar, de educación secundaria ao CPI José García García de Mende e os de Bacharelato ao IES As Lagoas, ambos na cidade de Ourense, obrigando en consecuencia o desprazamento dos nenos e nenas, en autobús ou en vehículos privados.

Por outra banda, as nais e pais de concellos limítrofes a Pereiro coma Nogueira de Ramuín ou Esgos estarían dispostos a acudir ao centro escolar público de Pereiro de Aguiar

A través dos medios de comunicación tivemos coñecemento que o grupo de Goberno informou desta situación a Xefatura Territorial de Educación para que se estude que os nenos non teñan que desprazarse fóra do seu concello.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46032
Data envio: 29/12/2022 14:16:14.501

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Pensa o Goberno galego implantar no concello de Pereiro de Aguiar un Instituto Público de Ensino Secundario (IES) ou un Centro Público Integrado (CPI), incluíndo bacharelato?
2. De ser así, para cando estarían implantados?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/12/2022 13:31:57

Noelia Otero Lago na data 29/12/2022 13:32:06

Noa Susana Díaz Varela na data 29/12/2022 13:32:15

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46033
Data envio: 29/12/2022 14:16:30.626

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

A Lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, establece as medidas preventivas que facilitan a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural.

Dentro desta normativa o artigo 59 establece que a Xunta de Galicia colaborará coas entidades locais para a prevención e a extinción de incendios, ben a través de medios propios ben por medio de mecanismos de apoio económico sinalando que a Xunta de Galicia incluirá nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma dotacións económicas para o asinamento de convenios de colaboración cos concellos para a realización de traballos preventivos nas vías e montes de titularidade municipal e na xestión de biomasas das parcelas de propietario descoñecido, determinadas en análises da propiedade de conformidade co establecido no artigo 16.2.

Nese marco, a Consellería de Medio Rural ofrece ás entidades locais de Galicia colaboración económica para financiar a contratación de brigadas para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa contra incendios financiado por fondos propios da Comunidade Autónoma e para a realización de traballos de prevención de forma manual financiado con Fondos Feader.

Os traballos a realizar, tanto tratamentos preventivos de xeito mecanizado como traballos de prevención das brigadas de forma manual, planifícanse a través dun único programa de actuacións preventivas a presentar pola entidade local, programa que é revisado polo Distrito Forestal o que pertenza o Concello.

As entidades locais a súa vez, comprométense a dispor de brigadas compostas de 4 ou 5 membros por xornada de traballo, actuando un deles como responsable ou coordinador do funcionamento das mesmas as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal que pertenza a entidade local.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Sendo gastos subvencionables nas accións de vixilancia e extinción, pola Xunta de Galicia, os custes salariais, os recoñecementos médicos e probas de esforzo previas a contratación, e os cursos de formación impartidos con anterioridade ao inicio dos traballos da brigada. Cursos que poderían ser impartidos polos centros de formación da Xunta de Galicia.

O grupo de expertos de apoio a Comisión do Parlamento de Galicia sobre incendios forestais no documento elaborado en xullo do ano 2019 propuña reformular o modelo municipal de brigadas, co fin de que as mesmas se dedicaran principalmente a prevención, a presentación dun novo modelo de convenio con condicións máis atractivas e períodos de traballo mais longos. Reformulación que non se ten levado a cabo polo Goberno galego.

Por outra banda, o Grupo Parlamentario Socialista tamén ten advertido á Consellería sobre a falla de dispoñibilidade de xefes de brigada, polo que en moitos casos os concellos non foron quen de constituílas e noutros que se constituíron quedaron inoperativas por baixas ocasionadas nesta categoría profesional. Esta é unha problemática que tampouco está a ser solucionada polo Goberno galego.

A maior abundancia os convenios de colaboración subscritos dende o ano 2016 o 2020 foron dotados polo Goberno galego, en concreto pola Consellería de Medio Rural, coa mesma contía económica tódolos anos, obviando a subida do SMI que se produciu dende o ano 2018 ata 2022, e provoca a imposibilidade de que a dotación orzamentaria cubra o custe das nóminas e abono de cotas á Seguridade Social das persoas traballadoras contratadas. Facer constar ademais que a Consellería arrastra anualmente un retraso inxustificado na transferencia das cantidades conveniadas.

O Grupo Parlamentario Socialista entende que o modelo que sigue a Consellería de Medio Rural non é axustado á realidade dos incendios, que necesita a creación dun dispositivo de extinción único, profesional, estable, formado e equipado para facer fronte ás circunstancias que a consecuencia do abandono que sufre o rural galego así como as condicións meteorolóxicas que acompañan o cambio climático que estamos a sufrir.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46033
Data envio: 29/12/2022 14:16:30.626

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Pensa o Goberno galego reformular o modelo das brigadas municipais creadas ao amparo dos convenios entre Xunta de Galicia e as entidades locais, conforme indicaba o grupo de expertos de apoio á Comisión do Parlamento de Galicia sobre incendios forestais?
2. Que medidas pensa adoptar ante a falla de dispoñibilidade de xefes de brigada, polo que en moitos casos os concellos non foron quen de constituílas e noutros que se constituíron quedaron inoperativas por baixas ocasionadas nesta categoría profesional?
3. Pensa o Goberno galego aumentar a partida orzamentaria dedicada ao financiamento dos convenios de participación na prevención e defensa contra incendios forestais cofinanciados parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (Feader) no marco do PDR de Galicia entre Xunta de Galicia e as entidades locais?
4. Estudou o Goberno galego a repercusión da reforma laboral e da Lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no sector público en relación a estes convenios de colaboración?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Martín Seco García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/12/2022 13:32:49

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/12/2022 13:32:56

Martín Seco García na data 29/12/2022 13:33:05

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46034
Data envio: 29/12/2022 14:16:49.001

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, **Marina Ortega Otero**, **Eduardo Ojea Arias**, **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo** e **Gonzalo Caballero Miguez**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa **resposta oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos.**

Foi en marzo do ano 2018 cando foi presentado o proxecto Ecobarrio no salón de Plenos do Concello de Ourense de Galicia. Anunciaba daquela o presidente da Xunta de Galicia, xunto co alcalde, Jesús Vázquez, o conselleiro de Economía e a delegada territorial da Xunta de Galicia entre outros que o Proxecto Ecobarrio convertería a Ourense na primeira cidade de Europa en utilizar Xeotermia, que contaría cunha inversión de 20 millóns de euros e unha previsión de crear 300 postos de traballo, na súa primeira fase, xerando calefacción e auga quente para 31 edificios públicos e 18 vivendas privadas.

Manifestaba o presidente en declaracións os medios de comunicación que consistía nunha aposta polas enerxías renovables, cun proxecto de "futuro, pioneiro e estratéxico", cunha actuación prevista no barrio da Ponte, que pasaría a converterse nun Ecobarrio, cos aproveitamentos dos recursos existentes no subsolo.

Resaltando que este proxecto suporía para Ourense que esta se convertera na primeira cidade Europea en utilizar este tipo de enerxía, e referencia na loita contra o cambio climático, aproveitando para elo "o gran potencial con que conta. A xeotermia que nos está esperando". Ademais durante a presentación do proxecto, na que tamén participou o entón Comisario polo clima e enerxía da Comisión Europea, o presidente da Xunta de Galicia destacou que, na súa primeira fase, levara consigo unha inversión de 20 millóns de euros e a estimación de crear uns 300 postos de traballo.

En xuño de 2018 faise pública polo Goberno galego a aprobación do protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense, así coma o Adif para a execución de proxecto "Ecobarrio".

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46034
Data envio: 29/12/2022 14:16:49.001

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2019 consignáronse para este proxecto 2,4 millos de euros e nos do ano 2020, 741.000 euros.

En maio do 2019 o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), organismo dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria anunciaba que acaba de dar un importante paso co fin de desbloquear unha das pezas do "Ecobarrio" da Ponte adxudicando a implantación dunha oficina destinada a proporcionar información as persoas interesadas, comunidades de propietarios/as e usuarios/as de edificios públicos, como punto de información de referencia para interesarse polas axudas e outras actuacións que se levaran a cabo, destinando a tal fin a Xunta de Galicia 467.907 euros, o que segundo afirmaron, permitiría tela aberta ata o 31 de decembro de 2021.

Na actualidade esta oficina permanece pechada dende fai máis dun ano o remate das obras de acondicionamento do local e dos 20 millóns de euros anunciados so nos consta unha execución de 695.856 euros.

No mes de novembro de 2020, o Grupo Parlamentario Socialista rexistraba iniciativas co fin de urxir a execución definitiva do proxecto Ecobarrio en Ourense sendo a resposta nas comisións 3ª e 6ª que a Xunta de Galicia mantiña o compromiso, alegando demoras pola situación xerada pola Covid e a excesiva burocracia dos proxectos.

Nos orzamentos para o ano 2022, só se consigna pola Xunta de Galicia unha partida na Axencia do Instituto Enerxético de 175.500 euros. En tempo e forma o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha emenda por importe de 2.000.000 de euros na partida correspondente ao Igape, que foi rexeitada polo Goberno autonómico.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que a oficina de información "Ecobarrio" na zona da Ponte en Ourense se encontra pechada na actualidade?
2. Pensa o Goberno galego proceder a apertura da oficina do Ecobarrio da Ponte?
3. Que valoración fai o Goberno galego de que o presidente da Xunta de Galicia anunciara en marzo de 2018, unha inversión de 20 millóns de euros para o proxecto "Ecobarrio" da Ponte en Ourense e só alcanzara a data de hoxe dunha execución de 695.856 euros?

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46034
Data envio: 29/12/2022 14:16:49.001

4. E por que só se presupostaron para este ano 2022 a contía de 175.000 euros na partida correspondente a Axencia do Instituto Enerxético?
5. Que actuacións ten previstas o Goberno galego en relación co proxecto "Ecobarrio" para Ourense?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Eduardo Ojea Arias
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Gonzalo Caballero Miguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/12/2022 13:33:41

Marina Ortega Otero na data 29/12/2022 13:42:00

Eduardo Ojea Arias na data 29/12/2022 13:42:09

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 29/12/2022 13:42:16

Gonzalo Caballero Míguez na data 29/12/2022 13:42:26

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46035
Data envio: 29/12/2022 14:17:07.704

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Un dos monumentos máis visitados da cidade de Ourense, a Ponte Romana, leva catro anos afeada pola presencia dunha valla instalada, na parte do barrio da ponte, por razóns de seguridade por risco de derribo o ter o forxado que sostén a beirarrúa problemas estruturais**.**

O Grupo Municipal Socialista xa denunciou no ano 2020 a inacción da Xunta de Galicia e o Concello de Ourense para o reacondicionamento da beirarrúa desta ponte histórica, dificultando o acceso a veciños e comerciantes .

De feito a execución da segunda fase das obras de acondicionamento da Ponte anunciadas pola Xunta de Galicia non recollía ningunha actuación na beirarrúa, deixando un pegote a un lado dun ben de interese cultural e turístico.

As discrepancias pola titularidade entre Concello e Xunta de Galicia foron obxecto incluso de litixio entre ambas administracións, recaendo Sentencia no Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Ourense, que negou que a titularidade deste ben fora do Concello de Ourense. Con todo, o xuíz tampouco afirmaba que pertencera a Xunta de Galicia**.**

Todos estes avatares supuxeron que ningunha administración actuara durante todo este tempo para ofertar unha solución os veciños e veciñas e comerciantes que alí se ubican.

En resposta a unha pregunta formulada polo Grupo Municipal Socialista, o Goberno Municipal asegura que tras varias conversacións alcanzouse un acordo para que sexa a Xunta de Galicia a que asuma a reparación necesaria para adecentar a zona, integrando as obras pertinentes no proxecto que está preparando para a reforma integral da avenida das Caldas.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46035
Data envio: 29/12/2022 14:17:07.704

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

A reforma integral da avenida de As Caldas forma parte dun proxecto da Consellería de Infraestruturas de crear un itinerario peonil e ciclista de norte a sur da cidade.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai a Xunta de Galicia a proceder o reacondicionamento da beirarrúa da Ponte Romana que se encontra valada do lado do barrio da Ponte dende fai catro anos, tal como indica o Concello de Ourense?
2. Será a Consellería de Infraestruturas a que acometa a obra? Que prazos e presuposto manexan?
3. Cal e a solución que atopou o Goberno galego tras catro anos de retraso na mesma?
4. Vaise incluír o reacondicionamento no proxecto da reforma integral da Avenida das Caldas?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/12/2022 13:45:50

Marina Ortega Otero na data 29/12/2022 13:45:59

Noa Susana Díaz Varela na data 29/12/2022 13:46:09

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46035
Data envio: 29/12/2022 14:17:07.704

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Noelia Otero Lago na data 29/12/2022 13:46:20

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46036
Data envio: 29/12/2022 14:17:25.001

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e **Marina Ortega Otero**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Organización Internacional do Traballo (OIT) celebra o Día Mundial da Seguridade e a Saúde no Traballo o 28 de abril co fin de promover a prevención de accidentes de traballo e enfermidades profesionais en todo o mundo.

Trátase dunha campaña de sensibilización cuxo obxectivo é centrar a atención a nivel internacional sobre as novas tendencias no ámbito da seguridade e a saúde no traballo e sobre a magnitude das lesións, enfermidades e mortes relacionadas co traballo. A campaña para o 2022 céntrase na participación e o diálogo social para acadar unha cultura de seguridade e saúde positiva. O lema é "Actuar xuntos para construír unha cultura de seguridade e saúde positiva".

Coa celebración do Día Mundial da Seguridade e a Saúde no Traballo a OIT promove a creación dunha cultura de prevención en materia de seguridade e saúde para os mandantes da OIT e todas as partes implicadas neste campo.

Esta organización insta a promover unha cultura preventiva de seguridade e saúde e a cumprir coas súas obrigacións e responsabilidades, co fin de previr as mortes, lesións e enfermidades relacionadas co traballo e permitir ás persoas traballadoras regresar con seguridade aos seus fogares ao final de cada día de traballo.

Nesa data os sindicatos alzan a voz en recordo e recoñecemento público de todas as persoas traballadoras falecidas ou vítimas dunha enfermidade por causas laborais. Esta data tamén serve para denunciar e poñer en evidencia que os danos derivados do traballo son evitables e que tanto as empresas como as administracións teñen grandes responsabilidades nesta materia.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46036
Data envio: 29/12/2022 14:17:25.001

Indican tamén que a seguridade no traballo ten que ser un obxectivo de primeira necesidade, e que actualmente a sinistralidade laboral, aínda dista moito dos rangos que poidan considerarse aceptables.

Por todas estas razóns este grupo parlamentario presentou anteriores iniciativas sobre esta problemática en setembro de 2021.

Segundo a Estatística de Accidentes de Traballo, resumo de principais resultados, datos Avance xaneiro-decembro 2020/2021 Galicia publicado polo ISSGA, constan rexistrados un total de 25.939 accidentes laborais con baixa en xornada laboral, un 18,3 % máis que no exercicio anterior. Deles, a maioría aconteceron durante a xornada laboral (26.402) e o resto (2.589) foron *in itínere*. E dos cales temos que lamentar o falecemento de 48 persoas en sinistros relacionados coa súa actividade laboral.

Como primeira causa de mortalidade figuran por infartos e outras patoloxías. A segunda causa foron as caídas e golpes con esmagamento contra obxectos inmóbiles. Este tipo de accidentes causaron a morte de 9 persoas traballadoras , o 18,75 % do total. Os atrapamentos e amputacións provocaron seis mortes e os golpes contra obxectos en movemento, 5. Tamén se produciron mortes por contacto cun axente cortante, por afogamento e sepultamento e por contacto coa corrente eléctrica, lume ou sustancias perigosas.

En números totais, o sector coa cifra máis numerosa volveu a ser a dos servizos, con 18 mortes, na construción faleceron 12 persoas traballadoras, na industria 10 e na agricultura, 5. No mar foron 3 as persoas falecidas.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Pensa o Goberno galego abordar a problemática da sinistralidade laboral na mesa de diálogo social?
2. Vai acometer o Goberno galego un plan estratéxico de seguridade e saúde laboral?

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46036
Data envio: 29/12/2022 14:17:25.001

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

3. Que valoración fai o Goberno galego de que o sector servizos sexa o que máis accidentes rexistra?
4. Que obxectivos formula a Consellería de Emprego en materia de prevención de sinistralidade laboral para o presente 2022?
5. Vai realizar a Consellería algunha campaña específica para o sector servizos, construción, industria, agricultura ou pesca?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46036
Data envio: 29/12/2022 14:17:25.001

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/12/2022 13:47:03

Julio Torrado Quintela na data 29/12/2022 13:47:11

Marina Ortega Otero na data 29/12/2022 13:47:18

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46037
Data envio: 29/12/2022 14:17:49.548

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Eduardo Ojea Arias, Julio Torrado Quintela, Paloma Castro Rey e **Pablo Arangüena Fernández**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O 15 de setembro de 2021, o secretario xeral para o Deporte anunciaba a bombo e platillo en Ourense o proxecto de reforma e ampliación do estadio do Couto, que contaría cun orzamento de 2,6 millóns de euros e un prazo de execución de 7 meses. Á obra principal destinaríanse 1,6 millóns de euros, namentres que 250.000 serían para trámites de cesión duns terreos propiedade do Concello de Ourense, e posterior urbanización, e unha partida final de 700.000 euros iría dedicada a renovación do terreo de xogo.

Pois ben, un ano despois deste anuncio, as obras de reforma do estadio do Couto avanzan paseniñamente, prexudicando gravemente aos clubs que fan uso destas instalacións e os seus siareiros/as e persoas seguidoras que están padecendo xa estes lentos avances. Coa temporada xa iniciada, terán que sufrir o peche dalgunha das gradas, impedindo o acceso á mesma, debido a falta de previsión da Xunta de Galicia para levar a cabo estes traballos durante os meses de verán e evitar que co comezo da tempada, comecen tamén as obras nas gradas.

O estadio do Couto, en Ourense, presenta a día de hoxe unha imaxe lamentable, froito de décadas de abandono e desleixo por parte da Xunta de Galicia, propietaria das instalacións. As estruturas atópanse nunha situación moi preocupante, con numerosas gretas e totalmente desgastadas polo paso do tempo e a ausencia de actuacións. Unha das gradas, concretamente a de fondo, leva anos pechada ante o abandono que sofre e o perigo que suporía abrila ao público, xa que non contaba nin con servizos de saneamento mínimos. A reforma prevista na estrutura, non solucionará a problemática, xa que cos cartos previstos, non se poderá renovar a estrutura, rematar coas gretas, nin tampouco solucionar os problemas do cableado que colga por todas partes, nin das numerosas fochancas e danos estruturais na zona das bancadas.

A elo súmase o deplorable estado do terreo de xogo, con numerosas “calvas” (ausencia de herba) en determinadas zonas e cun céspede que non conta coas condicións mínimas para a disputa de encontros de fútbol en categoría nacional.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46037
Data envio: 29/12/2022 14:17:49.548

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Nas últimas datas tivemos constancia que ademais da UD Ourense e o Ourense CF, clubs que no seu día asinaron coa Xunta de Galicia o uso do estadio en exclusividade, sumarase tamén o CD Arenteiro, debido ás obras de cambio do céspede de Espiñedo, o que suporá que en 7 días se disputen sobre o campo de fútbol do Couto, tres encontros, situación que xera gran preocupación, xa que dado o lamentable estado do céspede, é probable que con este uso desmedido, remate nunhas condicións aínda máis pésimas, deixando o terreo de xogo sen céspede e con máis terra que herba.

Dende o PSdeG-PSOE esixímoslle á Xunta de Galicia que dote a Ourense dun campo de fútbol en condicións e acorde á terceira cidade de Galicia. Ourense é a día de hoxe a única cidade de todo o territorio español que conta cun estadio nunhas condicións lamentables e que ademais dá unha imaxe vergoñenta a aqueles que visitan as instalacións ou seguen as retransmisións pola televisión. Cabe lembrar que no Couto retransmítense encontros da 2ª RFEF e da Terceira División, polo que consideramos que as instalacións amosan unha imaxe pésima das instalacións e da cidade. Basta con percorrer a provincia para comprobar que campos de capitais de comarca e outros municipios, en categorías máis inferiores, contan cunhas instalacións moito máis dignas das que ten a cidade de Ourense.

Durante as últimas décadas a Xunta de Galicia optou por pequenos parches, que non serviron máis que para ter que volver a realizar investimentos en anos seguintes. O Couto precisa dunha reforma integral e con investimentos acordes que permitan que o estadio se converta no referente que foi na cidade e non optar por “chapuzas” que o único que provocan e pan para hoxe e fame para mañá. Dende 2011 realizáronse investimentos por valor de 3 millóns de euros, pero a realidade é que foi un rotundo desastre e basta con dar unha volta polo estadio do Couto para comprobalo.

Nos últimos días tamén tivemos constancia, que de golpe e plumazo, a Xunta de Galicia decidiu que as novas bancadas que se van a instalar serán só de color azul, eliminando por completo o vermello, cores e signo de identidade do ourensanismo, da cidade e do extinto CD Ourense. Unhas cores, as vermellas e azuis, que sempre se asociaron coa cidade das Burgas e cos seguidores do fútbol en Ourense. Non entendemos a decisión da Xunta de levar a cabo esta atrocidade, nin tampouco que non se escoite aos clubs e afeccionados, que xa reclamaron que se instalen butacas en ámbalas cores e preservar así a historia de Ourense e do campo do Couto.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46037
Data envio: 29/12/2022 14:17:49.548

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai optar a Xunta de Galicia nalgún momento por unha reforma integral do estadio do Couto ou seguirá con parches que xa demostraron que non son máis que un comecartos?
2. Dada a pésima situación do céspede do estadio do Couto e dado que serán 3 os clubs que comecen a xogar sobre o mesmo, ten prevista a Xunta de Galicia algunha actuación no céspede para mellorar as súas condicións a corto prazo?
3. A partir de que mes está previsto que comecen os traballos de reposición do céspede comprometidos por importe de 700.000 euros?
4. Que motivou a Xunta de Galicia a eliminar a cor vermella das bancadas do Couto? Pensan rectificar e escoitar a aqueles que esixen que se recuperen?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Eduardo Ojea Arias
Julio Torrado Quintela
Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/12/2022 14:07:07

Marina Ortega Otero na data 29/12/2022 14:07:16

Eduardo Ojea Arias na data 29/12/2022 14:07:25

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46037
Data envio: 29/12/2022 14:17:49.548

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Julio Torrado Quintela na data 29/12/2022 14:07:31

Paloma Castro Rey na data 29/12/2022 14:07:38

Pablo Arangüena Fernández na data 29/12/2022 14:07:45

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46038
Data envio: 29/12/2022 14:18:06.735

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A análise da situación actual no eido internacional contextualizouse nas consecuencias da pandemia e da invasión de Ucraína por parte de Rusia. Todo isto, ademais de ocasionar unha crise humanitaria, está a ocasionar unha crise económica.

A galopante suba dos prezos que está a prexudicar aos fogares con menos ingresos. O que se contrapón á escalada de beneficios empresariais que están a experimentar determinados sectores, responsables da espiral inflacionista. Os traballadores e traballadoras cunha inflación desbocada vense afogados pola suba dos prezos e outras consecuencias da guerra de Ucraína

O principal problema que debe afrontar agora a nosa economía é a diminución da capacidade adquisitiva que están a padecer as familias porque, a realidade é que os salarios reais están a diminuír a un ritmo vertixinoso.

Nesta conxuntura, urxe que o Goberno galego articule medidas para limitar os efectos negativos sobre a cidadanía, como algunhas das que se viñeron adoptando polo Goberno do Estado (bonificación combustibles, limitar prezos gas, limitar alugueiros, bonos eléctricos, axudas directas a determinados sectores ou as bonificacións ao transporte público, entre outras). En canto aos beneficios empresariais, destaca o imposto á banca ou ás grandes empresas enerxéticas.

É imprescindible que se adopten medidas para protexer a creación de emprego e a calidade de vida das persoas traballadoras.

A día de hoxe o 25,2 % por cento da poboación galega está en situación de risco de pobreza ou exclusión social e, se non se habilitan medidas, coa escalada inflacionista, isto pode empeorar.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46038
Data envio: 29/12/2022 14:18:06.735

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por elo a Xunta de Galicia debe apostar pola modernización das políticas activas de emprego, para o cal, ten un instrumento clave como son os orzamentos de 2023 e reactivar as mesas de diálogo social para afrontar este importante reto.

É notorio a conflitividade laboral existente na nosa Comunidade Autónoma, negociacións de convenios bloqueadas en distintos sectores (Contac Center, consultoras e tecnoloxías da información, seguridade, axuda a domicilio, Siderometal Ourense). Situación que ten que ser abordada pola Xunta de Galicia de forma urxente.

É necesario tamén facer constar as cifras que Galicia rexistra en materia de sinistralidade laboral, cun aumento desta do 12,14 % de xaneiro a xullo de 2022, en relación ao mesmo período de 2021, con 49 persoas traballadoras falecidas, situando a Galicia á cabeza en incidencia de sinistros mortais en todo o Estado.

Resulta evidente que urxe unha revisión das políticas preventivas e articular un plan de choque contra esta lacra.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ante a situación de perda de poder adquisitivo dos traballadores e traballadoras galegas e ante o bloqueo das negociacións de distintos convenios colectivos, pensa o Goberno reactivar as mesas de Diálogo Social?
2. De ser afirmativa a resposta, ten pesado facer a convocatoria da Mesa de Diálogo Social no vindeiro trimestre?
3. Que medidas está adoptando a Xunta de Galicia ante a conflitividade laboral existente neste momento na nosa comunidade?
4. Que diagnóstico fai o Goberno galego sobre a perda do poder adquisitivo que están a sufrir os traballadores e traballadoras galegos?
5. Ten pensado o Goberno adoptar algunha medida ao respecto? En caso afirmativo, cales?
6. Pensa o Goberno galego aprobar un plan de choque ante as altas cifras de sinistralidade sufridas por os traballadores e traballadoras galegos? En caso afirmativo, en que prazo?

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46038
Data envio: 29/12/2022 14:18:06.735

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Pazo do Parlamento, 29 de decembro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/12/2022 14:08:18

Julio Torrado Quintela na data 29/12/2022 14:08:26

Marina Ortega Otero na data 29/12/2022 14:08:35

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46039
Data envio: 29/12/2022 14:18:20.876

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.**

Este ano a consecuencia dos incendios forestais arderon máis de 50.000 hectáreas, sendo preciso que por parte de Goberno galego se programe as medidas necesarias co fin de que se reduza ao mínimo as perdas de chan.

A actuación ten que ser o máis axiña posible polos efectos dos incendios sobre os leitos dos ríos afectando aos seus caudais ecolóxicos e ás nosas zonas de marisqueo.

Sen ánimo a ser tremendistas pode ser un novo Prestige, por iso e conforme coa lexislación actual que establece, entre os seus obxectivos a execución das actuacións silvícolas e o desenvolvemento da xestión sostible dos montes galegos, así como as medidas de salvagarda precisas para defender os ecosistemas forestais contra os incendios.

Por outra banda a restauración hidrolóxico-forestal terá entre outros como fins prioritarios a recuperación da funcionalidade dos ecosistemas forestais, a loita contra a erosión, a xestión, conservación e mellora dos recursos hídricos.

Por ilo a Administración forestal establecerá as zonas prioritarias de actuación para a protección do chan e a restauración da cuberta vexetal en aquelas zonas con risco de procesos erosivos graves.

Por outra banda os procesos de restauración das zonas queimadas realizaranse conforme a criterios que ditaminen as necesidades e prioridades de actuación, planificados no espazo e no tempo, considerando aspectos forestais, ecolóxicos e socioeconómicos.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando ten previsto o Goberno galego presentar o mapa de riscos consecuencia dos incendios previstos neste ano?

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46039
Data envio: 29/12/2022 14:18:20.876

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

2. Como van determinar as zonas prioritarias de actuacións, que deben de figurar no mapa de riscos?
3. Cantas hectáreas arboradas arderon no que vai de ano? A que especies e a que clase de idade afectou?
4. Dos aproveitamentos madeireiros, de cada especie cantas hectáreas foron en monte privado individual e en monte veciñal? Cantas en monte con consorcio ou convenio coa Administración?
5. Que tipo de actuacións silvícolas preventivas teñen previstas realizar para defender os ecosistemas forestais contra futuros incendios forestais?
6. Con que especies e que tipo de densidade utilizarán nas repoboacións forestais?
7. Que actuacións realizarán sobre os montes protectores?
8. Nos tratamentos de estabilización do chan que tipo de biotecnias de restauración de bacías teñen previsto realizar? Onde as efectuarán?
9. Que tipo de actuacións teñen previstos facer nos leitos en réxime torrencial ou fluvial?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Martín Seco García
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/12/2022 14:09:10

Martín Seco García na data 29/12/2022 14:09:18

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46040
Data envio: 29/12/2022 14:18:43.079

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Noa Díaz Varela, Martín Seco García, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Debemos reflexionar sobre o papel das mulleres rurais para o desenvolvemento social, promover o seu recoñecemento e a implementación de medidas específicas para garantir o pleno e efectivo goce dos seus dereitos.

Nesa liña non podemos esquecer a realidade galega e a súa estrutura demográfica cun desplome de nacementos que marca mínimos históricos nos últimos anos e temos que incidir tamén na chamada masculinización.

Este proceso rexístrase, sobre todo, en pequenos concellos do interior.

Son aqueles concellos nos que o censo está dominado polos homes, fronte ás mulleres. A maioría deles localízanse na provincia de Ourense e Lugo.

Tendo en conta que nacen máis mulleres e que, ademais, elas teñen unha maior esperanza de vida, a masculinización é considerada unha anomalía demográfica que, segundo as persoas expertas, é un factor máis que contribúe ao despoboamento do rural nas zonas que se produce.

O despoboamento do rural galego é un feito, derivado do desmantelamento dos servicios públicos e privados.

A masculinización dos pobos prodúcese porque as mulleres encontran moitas dificultades á hora de por en marcha o seu proxecto de vida no rural.

Neste contexto é preciso falar de emprego, con datos que revelan unha situación insostible para a nosa Comunidade Autónoma.

A diminución das mulleres ocupadas no sector agrogandeiro e forestal (CNAE 2009 A 1 e 2) en Galicia entre o ano 2008 e o 2022 , triplica a caída que no resto do Estado.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46040
Data envio: 29/12/2022 14:18:43.079

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

O mesmo acontece coa comparativa 2008 -2021.

Así mesmo na nosa Comunidade pasamos de 31.094 ocupadas no sector indicado a 17.389 no ano 2022. Unha caída de 15 puntos máis que os homes.

O Goberno galego ten a obriga de facilitar que a agricultura e a gandaría sexan oportunidades para as mulleres.

Por outra banda a diferencia nos tempos de cotización que segue a existir entre as traballadoras e os traballadores do sector agrogandeiro. Fronte aos 38 anos de media que cotizan os homes, as mulleres fano apenas 20.

Uns datos que ten moito que ver coa ausencia de corresponsabilidade e co feito de que tanto as tarefas do fogar como os coidados de fillos, maiores e dependentes seguen a recaer maioritariamente sobre as costas nosas.

Por elo a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia o 8 de marzo fixo un chamamento para que a Administración opte pola discriminación positiva en todas as políticas e iniciativas de apoio ao emprendemento e apoio ao medio rural e redobren esforzos para impulsar o acceso das mulleres á titularidade compartida.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que Galicia triplique a perda de ocupación do sector agrogandeiro feminino que no resto do Estado?
2. Que valoración fai de que a caída na ocupación sexa 15 puntos máis que no caso dos homes?
3. Pensa elaborar un plan de choque que loite contra a perda de emprego feminino no sector agrogandeiro e forestal? De ser afirmativa a resposta, cando vai a poñer en marcha e que medidas concretas e orzamentarias acollerá o mesmo?
4. Realizou a Xunta de Galicia un estudo sobre a situación de masculinización dos pobos galegos? De ser negativa a anterior resposta, cando pensa facelo?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro do 2022

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46040
Data envio: 29/12/2022 14:18:43.079

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/12/2022 14:09:55

Noa Susana Díaz Varela na data 29/12/2022 14:10:03

Martín Seco García na data 29/12/2022 14:10:12

Julio Torrado Quintela na data 29/12/2022 14:10:22

Marina Ortega Otero na data 29/12/2022 14:10:30

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46041
Data envio: 29/12/2022 14:18:53.970

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Noa Díaz Varela, Martín Seco García, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.**

Debemos reflexionar sobre o papel das mulleres rurais para o desenvolvemento social, promover o seu recoñecemento e a implementación de medidas específicas para garantir o pleno e efectivo goce dos seus dereitos.

Nesa liña non podemos esquecer a realidade galega e a súa estrutura demográfica cun desplome de nacementos que marca mínimos históricos nos últimos anos e temos que incidir tamén na chamada masculinización.

Este proceso rexístrase, sobre todo, en pequenos concellos do interior.

Son aqueles concellos nos que o censo está dominado polos homes, fronte ás mulleres. A maioría deles localízanse na provincia de Ourense e Lugo.

Tendo en conta que nacen máis mulleres e que, ademais, elas teñen unha maior esperanza de vida, a masculinización é considerada unha anomalía demográfica que, segundo as persoas expertas, é un factor máis que contribúe ao despoboamento do rural nas zonas que se produce.

O despoboamento do rural galego é un feito, derivado do desmantelamento dos servicios públicos e privados.

A masculinización dos pobos prodúcese porque as mulleres encontran moitas dificultades á hora de por en marcha o seu proxecto de vida no rural.

Neste contexto é preciso falar de emprego, con datos que revelan unha situación insostible para a nosa Comunidade Autónoma.

A diminución das mulleres ocupadas no sector agrogandeiro e forestal (CNAE 2009 A 1 e 2) en Galicia entre o ano 2008 e o 2022 , triplica a caída que no resto do Estado.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46041
Data envio: 29/12/2022 14:18:53.970

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

O mesmo acontece coa comparativa 2008 -2021.

Así mesmo na nosa Comunidade pasamos de 31.094 ocupadas no sector indicado a 17.389 no ano 2022. Unha caída de 15 puntos máis que os homes.

O Goberno galego ten a obriga de facilitar que a agricultura e a gandaría sexan oportunidades para as mulleres.

Por outra banda a diferencia nos tempos de cotización que segue a existir entre as traballadoras e os traballadores do sector agrogandeiro. Fronte aos 38 anos de media que cotizan os homes, as mulleres fano apenas 20.

Uns datos que ten moito que ver coa ausencia de corresponsabilidade e co feito de que tanto as tarefas do fogar como os coidados de fillos, maiores e dependentes seguen a recaer maioritariamente sobre as costas nosas.

Por elo a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia o 8 de marzo fixo un chamamento para que a Administración opte pola discriminación positiva en todas as políticas e iniciativas de apoio ao emprendemento e apoio ao medio rural e redobren esforzos para impulsar o acceso das mulleres á titularidade compartida.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que Galicia triplique a perda de ocupación do sector agrogandeiro feminino que no resto do Estado?
2. Que valoración fai de que a caída na ocupación sexa 15 puntos máis que no caso dos homes?
3. Pensa elaborar un plan de choque que loite contra a perda de emprego feminino no sector agrogandeiro e forestal? De ser afirmativa a resposta, cando vai a poñer en marcha e que medidas concretas e orzamentarias acollerá o mesmo?
4. Realizou a Xunta de Galicia un estudo sobre a situación de masculinización dos pobos galegos? De ser negativa a anterior resposta, cando pensa facelo?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro do 2022

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46041
Data envio: 29/12/2022 14:18:53.970

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/12/2022 14:11:01

Noa Susana Díaz Varela na data 29/12/2022 14:11:10

Martín Seco García na data 29/12/2022 14:11:19

Julio Torrado Quintela na data 29/12/2022 14:11:29

Marina Ortega Otero na data 29/12/2022 14:11:37

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46042
Data envio: 29/12/2022 14:19:09.641

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Os incendios forestais son cada día de maior envergadura sendo cada vez máis frecuente o maior o risco para as vidas das persoas e os seus bens.

As causas dos incendios son sempre diversas e endémicas de cada zona.

Cando se produce un incendio forestal, os profesionais do Servicio de Prevención de Incendios Forestais da Xunta de Galicia, póñense a dar o mellor de si mesmos para que os lumes que se controlan antes de alcanzar a superficie de 1 hectárea sexan un alto porcentaxe .

Aínda cun servicio con tan experiencia e de demostrada eficacia, cabe dicir que sobre o 70 % do persoal do servicio ten unha vinculación laboral de carácter temporal, nas que nin se lle dá solución a estabilización e consolidación dos seus postos de traballo nin aumento de labores durante a totalidade do ano.

Todos os veráns poñen a proba extrema os servicios de emerxencia implicados.

O cambio climático tamén ten moito que dicir, cunha infraestrutura preventiva orientada a defender incendios de vento de nordés, en outubro do 2017, a peor vaga desta última década, foi o vento de suroeste o que carbonizou 62.000 hectáreas, activando a situación 2 para toda a provincia de Ourense e parte de Pontevedra, con desaloxos e confinamentos en decenas de núcleos de poboación, e que nos deixou o amargo recordo de persoas veciñas falecidas.

Tendo presente que Galicia é, dende sempre a Comunidade máis afectada do Estado por incendios forestais tanto en aspectos de porcentaxe de superficie afectada, número de incendios e número de Grandes Incendios Forestais (>500 hectáreas) está máis que demostrada a necesidade de realizar unha política activa de prevención, dirixida a minimizar o risco para a poboación e os seus bens, con actuacións decididas e encamiñadas a separar o monte dos núcleos e asegurar as vías de comunicación para evitar atrapamentos en época estival, que é cando aumentan as poboacións pola afluencia turística.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46042
Data envio: 29/12/2022 14:19:09.641

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Entende este grupo parlamentario que o Goberno galego debería elaborar un documento de análise, crítico e obxectivo, onde se estudien polo miúdo e á vista dos resultados obtidos os éxitos e fracasos da política de incendios forestais no pasado, das medidas adoptadas, das decisións tomadas e actuacións realizadas para loitar con esta lacra, danos nas persoas e os seus bens, que sirva para reflexionar e adoptar entre todos medidas, actitudes, aptitudes e capacidades acordes coa extraordinaria gravidade do problema.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai o Goberno galego a realizar un documento de análise, onde se estudien os éxitos e fracasos da política de incendios forestais, danos a persoas e bens que sirva reflexionar e adoptar entre todos medidas acordes coa extraordinaria gravidade do problema?
2. Cal é o número de hectáreas executadas efectivamente pola Xunta de Galicia con data a 1 de xuño de 2022?
3. No exercicio 2022, cantas e en que concellos se constituíron finalmente brigadas municipais baixo o convenio coa Consellería?
4. Cantos tractores ten a Xunta de Galicia en propiedade para o Servicio de Prevención de Incendios? E cando se iniciou e contratou o servicio dos que licita en réxime de aluguer?
5. Cantas prazas de axentes ambientais están sen cubrir na actualidade ?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Martín Seco García
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/12/2022 14:12:13

Martín Seco García na data 29/12/2022 14:12:21

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46043
Data envio: 29/12/2022 14:19:26.360

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Nos últimos anos a Xunta de Galicia contrataba durante 6 meses o servicio dun tractor e dunha brigada para a limpeza e mantemento do parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés.

Cada mes a brigada e o tractor realizaban tarefas de mantemento nun concello que pertence ao parque natural (Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños).

A preguntas sobre o particular, antes de que comezara a tempada de verán 2022, respóndeselles verbalmente que este ano non se conta con dotación orzamentaria para poñer en funcionamento a prestación descrita.

En plena época estival a directora xeral de Patrimonio Natural cita en Ourense os rexedores dos seis concellos do parque para anunciarlles que finalmente se van a levar a cabo algúns traballos de desbroce en cada un dos termos municipais.

Tales actuacións, descoñecidas ata ese momento polos alcaldes, supón de media o emprego de 3 ou 4 días en cada concello para a limpeza de rutas e zonas recreativas que na maioría dos casos non coincide cos lugares de interese que os representantes municipais consideran prioritarios.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Pensa o Goberno Galego restablecer o servicio de mantemento co que durante seis meses apoiaba os concellos pertencentes ó parque Natural Baixa Limia -Serra do Xurés?
2. De ser así, vai a coordinar este servizo de mantemento cos municipios os que vai destinado?
3. Parécelle suficiente ao Goberno da Xunta de Galicia que a proposta do verán do 2022 foi unha achega suficiente na contribución o mantemento e limpeza nos concellos incluídos no Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés?

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46043
Data envio: 29/12/2022 14:19:26.360

4. Entende o Goberno galego que esta pírrica proposta se pode facer en pleno mes de xullo?
5. Hai razóns asumibles para que os traballos deste tipo non se poidan coordinar coa antelación precisa cos concellos ós que se destina?
6. Dedúcese do aquí exposto que esta é a aposta formidable que o Goberno galego, con motivo da aprobación do PRUX, anuncia para o Parque Baixa Limia -Serra do Xurés?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Martín Seco García
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/12/2022 14:12:58

Martín Seco García na data 29/12/2022 14:13:16

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46044
Data envio: 29/12/2022 14:19:42.313

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Noa Díaz Varela e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

A organización agrogandeira Unións Agrarias denunciaba a discriminación cara á veciñanza do rural na que a Administración autonómica incorreu na tramitación dunhas axudas que se esgotaron en apenas unha hora e ás que a poboación de moitas áreas rurais de Galicia ás que a cobertura dixital aínda non chega non tivo acceso.

A tramitación online foi a única vía habilitada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia para solicitar un dos 20.000 bonos cultura ofertados pola Administración autonómica para fomentar o consumo de produtos culturais e favorecer o acceso da cidadanía aos mesmos.

Unha opción telemática totalmente inaxeitada nunha comunidade que segue padecendo as consecuencias dunha deficiente cobertura dixital e na que boa parte da veciñanza non ten acceso a banda ancha de alta velocidade.

Para o Grupo Parlamentario Socialista e para a Organización Agraria existe unha dobre discriminación que supón para a poboación rural o feito de limitar as posibilidades de acceso a estes bonos á tramitación en liña.

Por outra banda, a oferta cultural e de ocio nos pequenos núcleos é escasa polo que consideramos inaceptable que estes bonos penalicen precisamente ás persoas que gozan dun acceso máis difícil a este tipo de produtos.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46044
Data envio: 29/12/2022 14:19:42.313

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Entende o Goberno galego que a tramitación en liña, única vía habilitada para solicitar os bonos cultura, é unha opción axeitada nunha comunidade que segue padecendo as consecuencias dunha deficiente cobertura dixital e na que boa parte da veciñanza do rural non ten acceso a banda ancha de alta velocidade?
2. Como pensa o Goberno galego solucionar esta situación de discriminación de cara ás seguintes convocatorias?
3. Cal foi a participación da cidadanía dos concellos rurais na campaña de bonos cultura dos anos 2021 e 2022?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Noa Díaz Varela
Martín Seco García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/12/2022 14:13:50

Noa Susana Díaz Varela na data 29/12/2022 14:13:59

Martín Seco García na data 29/12/2022 14:14:10

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46045
Data envio: 29/12/2022 14:19:56.548

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Gonzalo Caballero Miguez e Martín Seco García, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

A Lei 18/2021 de 27 de decembro de medidas fiscais e administrativas non seu artigo 17 expón que os consorcios ou convenios de repoboación coa Administración forestal existentes nos montes no momento da entrada en vigor desta lei serán obxecto de:

a) Cancelación de oficio nun prazo que finalizará o 31 de decembro de 2023, nos casos seguintes:

- Montes que non presenten saldo debedor na data de entrada en vigor desta lei ou en calquera momento dentro do prazo máximo estipulado.
- Montes catalogados de dominio público que pasen a xestionarse de acordo con o establecido no artigo 34 e seguintes da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
- Montes que non consigan os fins para os cales se subscribiu o convenio ou o consorcio por causas relacionadas co estado legal, forestal, administrativo ou económico do monte.

Considerarase que non se cumpriron estes fins, entre outras causas, cando o arboredo existente ocupe unha superficie inferior a o 30 % da total do consorcio ou convenio, salvo por afectación de incendios forestais posteriormente á data de entrada en vigor desta lei, polo que neste caso de afectación de incendios forestais a superficie arborizada queimada considerarase como superficie arborizada para os efectos do cómputo desta porcentaxe do 30 %.

Para os efectos do cómputo de ese 30 % non se contabilizará o arboredo cunha idade inferior aos cinco anos.

b) Finalización nun prazo que rematará o 31 de decembro de 2023, momento en que deberá asinarse un contrato temporal de xestión pública que substitúa o consorcio ou o convenio finalizado. No caso de non formalizar devandito contrato no prazo establecido, o titular do monte deberá abonar

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46045
Data envio: 29/12/2022 14:19:56.548

o saldo debedor do convenio ou consorcio finalizado á Comunidade Autónoma; para iso, poderá abonalo nun único pago ou a través dun plan de devolución plurianual.

No caso de non producirse o abono total ou da cota anual disposta no devandito plan, procederase á súa anotación preventiva, en concepto de carga real, das cantidades debidas á Comunidade Autónoma de Galicia no correspondente rexistro da propiedade, e non poderán ter axudas ou beneficios de ningún tipo mentres non regularicen a súa situación nos termos previstos nesta lei.

Previamente á finalización ou cancelación do convenio ou consorcio, deberá existir aprobado un instrumento de ordenación ou xestión forestal dos previstos na Lei 7/2012, de o 28 de xuño, de montes de Galicia, que garanta a continuidade da xestión forestal sostible".

O Goberno Galego leva retrasando a obrigatoriedade de formalizar os contratos temporais de xestión pública dende o ano 2012, prorrogando unha e outra vez esta cuestión.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que pasos deu a Xunta de Galicia para aprobación dos contratos temporais de xestión pública previstos, na Lei 7/2012 de montes de Galicia, que garanta unha xestión forestal sostible?
2. Cando vai a Xunta de Galicia a formalizar os contratos temporais de xestión pública?
3. Que cronograma de actuación contempla o Goberno galego para a formalización destes contratos en relación cas comunidades de montes veciñais en man común e coas persoas propietarias de montes protectores?
4. E co resto de persoas propietarias que figuran no apartado 1 do artigo 123 da Lei de Montes de Galicia?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Gonzalo Caballero Miguez
Martín Seco García

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46045
Data envio: 29/12/2022 14:19:56.548

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/12/2022 14:14:47

Gonzalo Caballero Míguez na data 29/12/2022 14:14:55

Martín Seco García na data 29/12/2022 14:15:04

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46046
Data envio: 29/12/2022 16:20:24.516

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

No primeiro trimestre de 2022 coñecíase que a empresa Xeal estuda construír unha estación de bombeo reversible no Monte da Ruña, no concello de Mazaricos, co que busca aumentar o volume de enerxía hidroeléctrica que produce e para o que xa comezou contactos co grupo de goberno municipal, que parece ser favorable a este proxecto.

A zona do Monte da Ruña, así como toda a que rodea o río Xallas e en especial o concello de Mazaricos, ten un importante valor ambiental e ecolóxico que xa está a ser afectado negativamente polos numerosos parques eólicos proxectados, varios deles sen planificación e estudos ambientais rigorosos que determinen a súa idoneidade. Sumarlle agora un novo proxecto enerxético podería poñer aínda máis en risco esta contorna natural.

Á vista das informacións aparecidas nos medios de comunicación e a alerta do propio comité de empresa de Xeal, non parece que exista ningunha dúbida acerca deste proxecto, e por iso convén saber se xa se iniciou algún proceso de consulta ou autorización preceptivos e os pasos a dar polo Goberno galego neste senso.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Iniciouse algún expediente sobre a estación de bombeo que a empresa Xeal proxecta construír no Monte da Ruña, en Mazaricos?

2ª) De terse iniciado, cal ou cales?

3ª) A empresa promotora trasladou algún tipo de consulta sobre este proxecto á Xunta de Galicia? En caso afirmativo, cales?

4ª) Como valora a Xunta de Galicia este proxecto?

5ª) Cre o Goberno galego que a súa construción suporía unha afectación negativa á contorna natural?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46046
Data envio: 29/12/2022 16:20:24.516

Noa Susana Díaz Varela na data 29/12/2022 10:35:54

Pablo Arangüena Fernández na data 29/12/2022 10:36:07

Paloma Castro Rey na data 29/12/2022 10:36:22

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46047
Data envio: 29/12/2022 16:20:59.516

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Os estudos de Formación Profesional son os máis próximos á realidade do mercado de traballo e dan resposta á necesidade de persoal cualificado especializado nos distintos sectores profesionais para responder á actual demanda de emprego.

Unha das claves destes estudos é a conexión entre o mundo educativo e o mundo produtivo, o que se trata de garantir combinando a formación no centro educativo coa formación nas empresas, que é o que lle proporciona o complemento da práctica real á formación recibida. Para iso, a Xunta de Galicia conta coa colaboración de arredor de 9.000 empresas, nas que unha importante parte do alumnado atopa o seu primeiro emprego.

Esta colaboración establécese mediante a sinatura de convenios coas diferentes empresas e entidades, convenios nos que se presupón o cumprimento de determinados requisitos básicos, entre eles os que teñen que ver co respecto pola igualdade e a nin discriminación por sexo.

Mais recentemente coñecemos o caso dunha alumna do IES Universidade Laboral de Culleredo, que viu rexeitada a súa petición para realizar as prácticas de final de curso nunha empresa próxima ao seu domicilio aducindo esta que non tiña vestiarios para mulleres nin a vestimenta axeitada.

O artigo 19 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade refírese á integración da igualdade na formación profesional e di textualmente:

“A Xunta de Galicia favorecerá a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante actuacións tendentes a evitar calquera tipo de discriminación, a eliminar a segregación profesional horizontal e vertical e a eliminar a totalidade das desvantaxes de partida que afecten o colectivo das mulleres”.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46047
Data envio: 29/12/2022 16:20:59.516

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Dado o marco lexislativo en materia de igualdade e insistindo en que as prácticas da Formación Profesional as regula a propia Xunta de Galicia, preguntamos:

1ª) Leva o Goberno galego un control exhaustivo do cumprimento das esixencias en materia de igualdade por parte das empresas que ofrecen prácticas ao alumnado de FP?

2ª) De que mecanismos de control dispón a Xunta de Galicia para asegurar o cumprimento do artigo 19 do Decreto 2/2015?

3ª) Logo de coñecerse o caso dunha alumna do IES Universidade Laboral de Culleredo, e entendendo que pode que non sexa un feito illado, pensa tomar algunha medida ao respecto para que estas situacións non se produzan?

4ª) Cantas queixas ou denuncias por discriminación de sexo nas empresas de prácticas da Formación Profesional se levan producido por alumnas de FP nos últimos dez anos?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 29/12/2022 16:12:16

Noelia Otero Lago na data 29/12/2022 16:12:32

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46048
Data envio: 29/12/2022 16:21:47.251

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O trazado orixinal do Camiño de Santiago ao seu paso pola vila luguesa de Sarria leva seis anos interrompido pola paralización en 2014 das obras da Ponte Ribeira, provocando evidentes prexuízos xa non só para os camiñantes senón para os propios habitantes da vila.

Perante esta situación, e mentres non remata o proxecto de terminación da rehabilitación da Ponte Ribeira, o Concello de Sarria presentaba en decembro de 2019 o 'Proxecto construtivo de pasarela metálica provisional para Ponte Ribeira no río Sarria'. Para levalo a cabo, e conforme á legalidade esixida, solicitaba en xaneiro de 2020 o informe/autorización pertinente á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, en febreiro á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A e en novembro á Deputación de Lugo.

Tanto a Deputación como a Confederación Hidrográfica emitían informes favorables á obra, non sendo así no caso da Dirección Xeral de Patrimonio, que non se pronunciou ao respecto ata un ano máis tarde -o día primeiro de marzo de 2021- cun informe desfavorable.

Segundo consta nesa resolución da Dirección Xeral de Patrimonio, e a pesar do seu silencio, si existiron informes dese departamento autonómico: un de febreiro de 2020 favorable ao proxecto por parte do servizo de arqueoloxía e outro desfavorable de días despois do servizo de arquitectura. O mesmo expediente fai seu outro informe do Consello Asesor dos Camiños de Santiago que nunca chega ao Concello de Sarria a pesar de que si se debeu notificar segundo establece o artigo 21 da Lei 39/2015. É máis, da xuntanza do 26 de febreiro de 2020 dese consello asesor emitíase informe de 27 dos 29 asuntos tratados na orde do día, mais curiosamente non do relativo ao proxecto na Ponte Ribeira.

Consonte á legalidade, e ante o silencio da citada Dirección Xeral diante das solicitudes de diversas administracións, a Xunta de Goberno do Concello de Sarria acorda en decembro de 2020 continuar co proxecto da pasarela provisional, unha decisión que comunica ao Goberno autonómico sen ter recibido pronunciamento ao respecto. Curiosamente é a partir desa comunicación á Xunta

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46048
Data envio: 29/12/2022 16:21:47.251

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

de Galicia cando a Dirección Xeral, en cuestión de poucos días, lle remite ao Concello de Sarria un informe desfavorable sobre a base do ditame que o Consello Asesor dos Camiños de Santiago adopta nunha xuntanza celebrada dende hai máis dun ano.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales son as razóns de que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural non emitise ata máis dun ano despois informe sobre o 'Proxecto construtivo de pasarela metálica provisional para Ponte Ribeira no río Sarria'?

2ª) Por que non se lle remitiu o informe solicitado sobre ese proxecto á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A?

3ª) Por que non se lle comunicou ao Concello de Sarria o ditame respecto da citada obra do Consello Asesor dos Camiños de Santiago acordado na sesión do 26 de febreiro de 2020?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 29/12/2022 16:14:02

Noelia Otero Lago na data 29/12/2022 16:14:17

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/12/2022 16:14:30

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46049
Data envio: 29/12/2022 16:22:11.220

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A xerencia da área hospitalaria de Santiago de Compostela decidiu pechar este mes de agosto a unidade de hospitalización de medicina interna do hospital Gil Casares -cun total de trinta camas- aducindo "baixa ocupación". Isto obrigou ao traslado de varios servizos a outros centros hospitalarios, mantendo a hospitalización de psiquiatría.

Dado que aínda non están publicadas as novas listas de agarda, descoñecemos se esa falla de demanda asistencial argumentada é real, pero o que si parece claro é que esas camas pechadas poderían ser dispostas para ingresar persoas que están en lista de agarda cirúrxica. Máxime cando hai 7.337 persoas en lista de agarda cirúrxica (cos últimos datos publicados en decembro, e agardando a 26 de agosto polos que deberían ser públicos en xullo).

Ao Grupo Socialista parécenos inadmisible que a xerencia da área sanitaria de Compostela, co beneplácito da Consellaría de Sanidade, aduza falla de demanda cando existe unha lista de agarda só para cirurxía de máis de 7.000 persoas e que podería ser minimamente aliviada se esas camas se dispuxesen para ese servizo.

A xestión dos servizos públicos debe ser eficaz e para iso é preciso optimizar todos os recursos dispoñibles, por suposto non só de espazo senón tamén humanos, o que pasa por desenvolver unha política sanitaria que poña as persoas usuarias no centro e non o aforro de recursos públicos, como está a facer este Goberno.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Considera o Goberno galego que as camas pechadas en agosto no hospital Gil Casares poderían ter sido postas a disposición de persoas que se atopan na lista de agarda cirúrxica e así aliviar esa carga asistencial?

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46049
Data envio: 29/12/2022 16:22:11.220

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

2.ª) Cando está previsto que volva abrir a unidade de hospitalización de medicina interna do hospital Gil Casares, cun total de 30 camas?

3.ª) Entende o Goberno galego que a xerencia da área hospitalaria de Santiago de Compostela está a realizar unha boa xestión dos recursos públicos hospitalarios?

4.ª) Considera que está a ser eficaz esa xestión cando as listas de agarda nesa área son cada vez maiores e mesmo nalgúns casos cun crecemento exponencial?

Pazo do Parlamento, 29 de decembro de 2022

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 29/12/2022 16:18:18

Julio Torrado Quintela na data 29/12/2022 16:18:31

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46049
Data envio: 29/12/2022 16:22:11.220

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Marina Ortega Otero na data 29/12/2022 16:18:42

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46050
Data envio: 29/12/2022 16:25:17.423

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, **María González Albert**, **Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz, Iria Carreira Pazos** e **Luis Bará Torres**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o número de condenas penais e resarcimento dos danos e perdas provocados pola autoría de incendios forestais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Reiteradas manifestación do Conselleiro de Medio Rural sitúan como un dos piares principais – senón o principal - da acción do goberno da Xunta de Galiza nesta área a persecución, axuizamento e, no caso, condena das persoas responsábeis da produción de incendios forestais. Sen prexuízo da inescusábel exixencia do cumprimento da legalidade e, xa que logo, do deber de perseguir toda acción delitiva e, alén de que tal previsión legal poda constituír o elemento esencial e prioritario da política do goberno galego para a defensa e valorización do medio rural e do benestar das persoas que viven nel; cumpre coñecer os resultados obtidos e por ende a eficacia da xestión realizada polo goberno galego.

Segundo os datos publicados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do Goberno de España, así como pola Consellaría de Medio Rural da Xunta de Galiza dende o ano 2009 ao 2020 (ambos inclusive) producíronse máis de 35.000 incendios susceptíbeis de ser encadrados dentro dos delitos tipificados na Secc. 2ª, do Capítulo II do Título XVII do vixente Código Penal, cun resultado de 230.000 has. queimadas como consecuencias dos referidos lumes.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46050
Data envio: 29/12/2022 16:25:17.423

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coñecidos os resultados da (in)acción da Consellaría de Medio Rural durante a última década en perda de poboación, abandono de explotacións, perda de superficie agraria, diminución e ausencia de servizos, incremento da contaminación etc... cumpre coñecer os resultados das actuacións que, como se desprende das manifestacións do titular da Consellaría, constitúen o obxectivo principal da acción deste goberno da Xunta de Galiza.

E por iso que formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 1ª:

Cantas sentenzas condenatorias, firmes, se produciron pola comisión de delitivos tipificados na Secc. 2ª, do Capítulo II do Título XVII do Código Penal durante cada un dos exercicios comprendidos entre o ano 2009 e o 2020?

Cal é o importe das cantidades percibidas pola Xunta de Galiza en concepto de responsabilidade civil derivada de ilícitos penais derivados de incendios producidos en cada un dos exercicios que abrangue o período entre os anos 2009 e 2020, ambos inclusive?

En cantos, e cales, procedementos xudiciais penais formalizou persoamento a Xunta de Galiza a fin de poder solicitar a práctica de dilixencias e contribuír á persecución do responsábel dos delitos de incendios?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46050
Data envio: 29/12/2022 16:25:17.423

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Carmen Aira Díaz

María González Albert

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2022 16:23:17

María González Albert na data 29/12/2022 16:23:26

María del Carmen Aira Díaz na data 29/12/2022 16:23:47

Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/12/2022 16:24:04

Iria Carreira Pazos na data 29/12/2022 16:24:17

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/12/2022 16:24:26

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46051
Data envio: 29/12/2022 16:34:35.376

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, **Iria Carreira Pazos** e **Luis Bará Torres**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza cumpra a lei e responda ás solicitudes de información dos deputados do Parlamento galego a través do mecanismo do artigo 9 do Regulamento da Cámara, en tempo e forma.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O marco normativo actualmente vixente establece o dereito da cidadanía a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente escollidos en eleccións periódicas por sufraxio universal.

O dereito á participación política implica a potestade lexislativa, como o impulso e control da acción de goberno para o que a representación da cidadanía ten recoñecida a posibilidade de demandar información do Goberno e dos seus departamentos, xa sexan do Estado, como das Comunidades Autónomas ou tamén das Entidades Locais.

A potestade da representación democrática da cidadanía para solicitar información do goberno e da administración pública configura o núcleo básico e esencial da actividade parlamentaria que ten como unha das súas finalidades o control da acción do goberno.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46051
Data envio: 29/12/2022 16:34:35.376

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este dereito de configuración legal está recollido, por exemplo no artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galiza no que se regula, por unha banda, a facultade dos deputados e deputadas de solicitar das administracións públicas "os datos, informes e documentos que consten en poder destas"; e por outra, o deber da Xunta de Galiza de facilitar, nun prazo de 30 días, a información e documentación solicitada pola representación da cidadanía, agás existan razóns fundadas en Dereito que o impidan.

Pola contra, a realidade é ben diferente, xa que o goberno galego incumpre de xeito constante o regulamento ao non entregar nin en tempo nin en forma os documentos solicitados a través do artigo 9.

A día de hoxe o goberno do Partido Popular ten sen responder 795 artigos 9, dos cales 419 son do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego. Porén, isto non é o máis grave, xa que 43 deses 419 artigos 9 son do ano 2020 e 343 teñen un atraso de máis de un ano, a pesar de que a Xunta de Galiza ten como máximo 30 días para entregalos. Todo isto supón que o BNG teña un 75% dos artigos 9 sen respostar.

Asemade, as escasas ocasións na que a Xunta de Galiza ten a ben atender os requirimentos efectuados dende o Parlamento non quere dicir que se dera cumprida satisfacción ás demandas de información, pois non é infrecuente que a "contestación" sexa para transmitir información parcial ou mesmo para indicar, ás veces inxustificadamente, que non se pode facilitar a información requirida.

O incumprimento sistemático do deber de información supón a vulneración dun dereito fundamental que conforma un dos piares do actual sistema democrático, evitando, ao tempo, a detección e persecución de prácticas irregulares ou mesmo eventualmente constitutivas de delito.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46051
Data envio: 29/12/2022 16:34:35.376

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- Que vai facer a Xunta de Galiza para garantir o dereito fundamental de participación aos deputados e deputadas do Parlamento galego?

- Considera a Xunta de Galiza que é normal o nivel de resposta en tempo e forma que está a mostrar no que ten a ver cos artigos 9?

- Cal é a razón que ten a Xunta de Galiza para explicar os constantes atrasos que chegan até os dous anos?

-Por que razón a Xunta de Galiza impide o exercicio do deber parlamentario de control da acción de Goberno?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46051
Data envio: 29/12/2022 16:34:35.376

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/12/2022 16:33:48

Daniel Castro García na data 29/12/2022 16:33:53

Iria Carreira Pazos na data 29/12/2022 16:34:03

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2022 16:34:14

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46052
Data envio: 29/12/2022 16:39:16.095

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O pasado mes de xullo a FEGAMP enviou un documento á Xunta titulado "Retos autonómicos para a mellora dos servizos públicos locais" que inclúe propostas a respecto dos seguintes ámbitos

-Comisión e grupos de traballo bilaterais sobre Financiamento e ámbito competencial, Comisión Galega de Cooperación Local, Servizos Sociais

-Financiamento e Pacto Local: Lei autonómica de participación nos ingresos da comunidade autónoma; asunción de servizos e obrigas económicas que sufragan os concellos sen ser da súa competencia, fondo específico de equilibrio territorial, fondo de compensación interterritorial, fondo específico sobre a totalidade dos custos das escolas infantís, fondos europeos Next Generation

-Mellora na xestión dos servizos: infraestruturas de telecomunicacións, modificación do decreto de socorristas, ciclo da auga, biorresiduos.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46052
Data envio: 29/12/2022 16:39:16.095

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Nun contexto de crise económica e de incremento dos prezos, os concellos galegos demandan un cambio na relación coa administración autonómica, unha clara delimitación das competencias, unha regulamentación do financiamento local e unha maior atención nos orzamentos do ano 2023. Para iso é necesario reactivar o Pacto Local, a Comisión Galega de Cooperación Local e os grupos de traballo creados en diferentes materias.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

-Que previsións ten a Xunta a respecto do desenvolvemento e cumprimento do Pacto Local Galego?

-Que previsións ten o goberno galego a respecto das demandas trasladadas pola FEGAMP para a reactivación da Comisión Galega de Cooperación Local e dos grupos de traballo?

-Ten previsto a Xunta aprobar unha lei de participación nos ingresos da comunidade autónoma dos concellos galegos, consensuada coa FEGAMP, na que se clarifique a participación anual e os criterios de reparto, e a progresiva integración no Fondo de Cooperación Local das axudas e subvencións anuais que a comunidade autónoma destina ás entidades locais?

-Cando ten previsto o goberno galego asumir os servizos e obrigas económicas de subministros, mantemento e reparación dos centros de ensino infantil e primario, conservatorios profesionais de música, unidades municipais de asistencia a drogodependencias, centros de saúde e xulgados de paz?

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46052
Data envio: 29/12/2022 16:39:16.095

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que previsións ten a Xunta a respecto do Fondo Específico para os concellos, destinado ao equilibrio territorial?

-Que previsións ten o goberno galego en relación coa asunción da totalidade dos custos das escolas infantis municipais?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/12/2022 16:38:44

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2022 16:38:48

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46054
Data envio: 29/12/2022 16:44:32.438

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, **Noa Presas Bergantiños**, **Daniel Castro García, Iria Carreira Pazos** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre as obras de reparación e rehabilitación do estadio do Couto en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de maio adxudicouse o contrato das obras de reforma e mellora do estadio do Couto en Ourense. O importe do contrato, adxudicado á denominada UTE Estadio O Couto – conformada polas empresas Proyectos y Contratas Covelo, SL-Actividades, Construcciones y Voladuras, SL –, foi de 1.491.103,40 €, máis IVE, sendo o prazo da súa execución de 7 meses.

A finalidade da obra, segundo expresara a propia Secretaría Xeral para o Deporte, é a reparación e rehabilitación estrutural, a renovación do seu carácter funcional; e as obras de ampliación demandadas, que se circunscriben ao edificio administrativo situado no fondo norte e que permitirán organizar de forma totalmente independente os usos puramente deportivos daqueles de carácter administrativo-social e representativo.

Na denominada rehabilitación estrutural do estadio -comprometida e agardada dende hai décadas – omítese a renovación do sistema de iluminación que, ademais de obsoleto e caduco, e totalmente ineficiente.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46054
Data envio: 29/12/2022 16:44:32.438

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No proxecto adxudicado semella non preverse a existencia de asentos no fondo do estadio polo que ou ben os asistente deberán permanecer de pé ou ben sentarse directamente no cemento, algo que actualmente está prohibido en determinadas competicións deportivas e cuxa xeneralización non é aventurada.

Asemade, dende hai anos o céspede presenta un grave deterioro que precisa da súa substitución e, con carácter urxente, a realización de actuacións para o seu mantemento e conservación a fin de non comprometer a seguridade e por en risco a integridade física das persoas que practican deporte nel. Actualmente o campo de fútbol utilizase tanto polos equipos de fútbol da cidade que compiten en categorías superiores, como por outros clubes e competicións provinciais

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 1º:

Realizou ou ten previsto realizar a Xunta de Galiza ao logo do ano 2022 algún traballo de renovación ou mantimento do céspede do estadio de O Couto en Ourense?

Entende a Xunta de Galiza que o actual estado do céspede compromete tanto a práctica deportiva, como a seguridade e integridade dos deportistas?

Considera a Xunta de Galiza que o sistema de iluminación do estadio do Couto é eficiente, de baixo consumo e emisións?

Por que razón non se abordou o cambio do sistema de iluminación?

A reforma do campo de fútbol prevé que a totalidade do público asistente poda presenciar a competición, como na actualidade, dende unha cadeira?

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46054
Data envio: 29/12/2022 16:44:32.438

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vista as diversas e moi recentes experiencias de paralizacións e atrasos na execucións de instalacións e infraestruturas esenciais para a cidadanía de Ourense, que cautelas ten adoptado a Xunta de Galiza para que o proxecto se execute no prazo previsto e non sufra demoras e paralizacións?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Castro García

Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2022 16:42:38

Iria Carreira Pazos na data 29/12/2022 16:42:45

Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2022 16:42:58

Daniel Castro García na data 29/12/2022 16:43:07

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46054
Data envio: 29/12/2022 16:44:32.438

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/12/2022 16:43:17

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46058
Data envio: 29/12/2022 16:49:12.876

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, **Iria Carreira Pazos** e **Luis Bará Torres**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a información facilitada ao Parlamento de Galiza a respecto da adxudicación pola Xunta de Galiza e a posterior execución de contratos sobre seguranza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza respostou a unha solicitude deste grupo parlamentar na que se solicitaba información sobre a adxudicación e execución de contratos de seguranza, nomeadamente en edificio públicos e de control de aceso ao mesmos, que "Respecto da información solicitada referente aos contratos en materia de seguranza, os seus importes e adxudicatarios, débese ter en conta que a mesma é pública e está a disposición dos Sres/as. Deputados/as no Perfil do Contratante no seguinte enlace: https://www.contratosdegalicia.gal/consultaPerfil.jsp?lang=gl" .

A resposta transcrita evidencia, entroutos aspectos, a inexistencia de vontade para o cumprimento cos estándares de transparecencia normativamente exixidos, privando ao Parlamento de Galiza da información normativamente exixible e que posibilite o exercicio das facultades de control da acción de goberno que ten conferido a Cámara de representación Cidadá.

Dada a importancia cuantitativa e tamén cualitativa dos recursos e das funcións públicas contratadas, este Grupo Parlamentar ven reiterar a demanda de información

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46058
Data envio: 29/12/2022 16:49:12.876

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sobre o particular e por iso formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 1ª:

-Relación de contratos adxudicados pola Xunta de Galiza en materia de seguridade durante os 10 últimos anos, con indicación da empresa adxudicataria e os importes anualmente satisfeitos no seu cumprimento?

-Por que razón a Xunta de Galiza non realiza a protección de edificios públicos e o control do aceso aos mesmos con medios propios?

-Considera que a contestación realizada pola Xunta de Galiza ao requirimento de información realizado polo Parlamento de Galiza permite coñecer os datos demandados, ou polo contrario evidencia a existencia de falla de vontade de transparencia e de dificultar o coñecemento da (in) eficiencia da acción do goberno?

-Entende o Goberno Galego que a resposta transcrita cumpre co deber de información normativamente establecido para o Parlamento de Galiza ao fin de controlar a acción de goberno?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46058
Data envio: 29/12/2022 16:49:12.876

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2022 16:48:33

Iria Carreira Pazos na data 29/12/2022 16:48:37

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/12/2022 16:48:49

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46059
Data envio: 29/12/2022 16:56:53.473

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, María González Albert e **Luis Bará Torres**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a situación do servizo de emerxencias e salvamento de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Máis unha vez o desastre natural, social, económico e humano derivado dos lumes acontecidos na Galiza nas últimas semanas e localizados, fundamentalmente, no sur de Lugo e no leste de Ourense evidenciaron as importantes carencias do servizo de emerxencias e salvamento de Galiza. A adversidade das condicións climáticas que dificulta os labores de extinción, algo que na altura negou o Partido Popular e que agora semella recoñecer, con temperaturas superiores a 30º, ventos superiores aos 30 km/h e unha humidade inferior ao 30%, limitan a eficacia da intervención dos servizos de extinción, cuxo persoal fixo, e fai, extenuantes esforzos para a extinción dos incendios e reducir as súas consecuencias. Malia o extraordinario esforzo da cidadanía en xeral e das persoas adicadas a extinción e a atender as emerxencias, a realidade é que os lumes das últimas semanas arrasaron espazos naturais e patrimoniais de singular valor, tanto na serra do Courel, como na Comarca de Valdeorras ou no Parque Natural do Invernadoiro, no Macizo Central ourensán.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46059
Data envio: 29/12/2022 16:56:53.473

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén da relevancia das políticas da Xunta de Galiza encamiñadas ao abandono do rural e a inexistencia de actuacións dirixidas á unha reordenación territorial, o incumprimento (a pesares do tempo transcorrido dende a súa aprobación) de parte importante da Lei 5/2007, de 7 de maio de emerxencias de Galiza, ou do Plan Territorial de Emerxencias de Galiza (Platerga), de cuxa aprobación vai xa máis de 13 anos no que algo mudaron as circunstancias e a realidade prevista no mesmo; son factores que limitan a eficacia da intervención do persoal do servizo de emerxencias e salvamento, e que en nada axudan a evitar os efectos devastadores dos lumes e as súas consecuencias naturais, económicas e sociais. Os lumes que aínda estamos a sufrir no sur de Lugo e na provincia de Ourense arrasaron case 40.000 has., entre as que se inclúen espazos protexidos e de inestimábel valor natural, vivendas e núcleos de poboación provocando a necesidade de evacuar a centenares de familias.

Xunto coa urxente necesidade de adoptar inmediatamente medidas para paliar as consecuencias polos desvatadores lumes, cumpre actuar para evitar que se podan reproducir no futuro. A comarcalización dos parques de bombeiros das grandes cidades segue sen ser unha realidade, os GES non compren a súa finalidade orixinal existindo "zonas de sombra" ás que os servizos de emerxencias tarda máis de 20 ou de 30 mnt.. en chegar, existindo, asemade, importantes carencias de persoal e medios materiais para cumprir as súas funcións en condicións de seguridade, ao tempo que pervive unha grande diversidade nas condicións laborais das traballadoras, en moitos casos sen dispor da formación técnica necesaria para atender os sinistros aos que deben enfrontarse. A realidade é que a poboación galega segue carecendo dun verdadeiro sistema integral e integrado de emerxencias, de carácter público, coordinado e cun mando único operativo, con cobertura eficaz en todo o territorio e para toda a poboación, e segue a sufrir as consecuencias de tal ausencia.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46059
Data envio: 29/12/2022 16:56:53.473

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Que actuacións realizou a Xunta de Galiza no 2022 para a comarcalización dos parques de bombeiros das cidades e con que resultado?

. Considera a Xunta de Galiza que se está cumprir fielmente a Lei de Emerxencias de 2007?

. Ten previsto a actualización ou reforma da Lei de Emerxencias de Galiza?

. Considera necesaria a actualización do Platerga e, no seu caso, ten prevista a súa modificación?

. E, no seu caso, que actuacións realizou para a mesma?

. Entende a Xunta de Galiza que os GES, actualmente existentes, e cos medios e recursos de que dispoñen cumpren a función que motivou a súa creación?

. Existe uniformidade nos EPIs, no material e nas condicións laborais do persoal dos distintos GES de Galiza?

. Tras os incendios no Courel, Valdeorras e no Parque do Invernadoiro considera a Xunta de Galiza que existen elementos do sistema de emerxencias que se poden mellorar?

. A existencia dun sistema público, integral e integrado, de emerxencias, coordinado e con mando operativo único permitiría unha mellor atención ás continxencias da poboación galega?

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46059
Data envio: 29/12/2022 16:56:53.473

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

María González Albert

Luis Bará Torres

Deputadoz e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/12/2022 16:55:22

María González Albert na data 29/12/2022 16:55:26

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2022 16:55:37

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46061
Data envio: 29/12/2022 17:01:34.711

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Mercedes Queixas Zas, Alexandra Fernández Gómez e **Carme González Iglesias**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a creación dun sistema de gardas de 24 horas nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, mediante Acordo de 15 de setembro de 2005, aprobou o Regulamento 1/2005 no que entre outros aspectos establecía os criterios para organizar o sistema de garda dos xulgados de instrución dos diferentes partidos xudiciais.

O Regulamento contempla diferentes sistemas de gardas dependendo do número de xulgados de instrución ou instancia e instrución cos que conte o partido xudicial, distribuíndose, esencialmente, en 6 grupos. Así, por exemplo establecíase que a garda ordinaria dun partido xudicial que contase con 10 ou máis xulgados de instrución será de 24 horas, mentres que os partidos que conten con 8 ou máis xulgados de instrución as gardas serán de carácter semanal. Neste último suposto a propia norma prevé a posibilidade de que o Consello Xeral do Poder Xudicial atendendo ao volume de asuntos penais tramitados, á poboación e ás características o partido xudicial, a proposta da Xunta de Xuíces e da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza, previo informe do Ministerio de Xustiza e da Comunidade Autónoma, poda aplicar o réxime de gardas de 24 horas.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46061
Data envio: 29/12/2022 17:01:34.711

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG recollendo as demandas realizadas tanto pola Xunta de Xuíces/Xuízas, dos diferentes operadores xurídicos e sociais dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña, así como atendendo aos informes favorábeis emitidos pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e polo Consello Xeral do Poder Xudicial solicitou neste Parlamento de Galiza que a Xunta de Galiza realizase as xestións necesarias para o establecemento nos xulgados de instrución de Vigo e A Coruña do sistema de gardas de 24 horas. Nomeadamente interesábase que emitise informe favorable á mellora unanimemente solicitada, tanto polas profesionais do mundo xudicial, como pola poboación de Vigo e A Coruña en xeral, da reforma do sistema de gardas nos devanditos partidos xudiciais.

Asemade o BNG presentou distintas iniciativas no Congreso como consecuencia das que o Goberno do Estado, dentro das súas competencias, asumiu o compromiso orzamentar para a implantación do sistema de gardas de 24 horas nos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña.

Xa que logo a efectividade da demanda realizada, destinada á mellora do funcionamento da administración de xustiza con implicacións inmediatas en intervencións urxentes doutros servizos esenciais e nos dereitos e liberdades das persoas.

Por outra banda, ilustrativo da importancia de contar cun sistema de gardas de 24 amósao o feito de que os partidos de Vigo e A Coruña son os únicos de todo e Estado que, contando con máis de 8 xulgados de instrución, non teñen establecido este sistema de garda. É dicir, en TODOS os partidos xudiciais do Estado con máis de 8 xulgados de instrución a súa veciñanza goza dun sistema de garda permanente.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46061
Data envio: 29/12/2022 17:01:34.711

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Considera innecesaria a Xunta de Galiza o establecemento dun sistema de gardas de 24 nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña?

. Entende inxustificada e carente de fundamento a petición realizada pola Xunta de Xuíces/Xuízas, e informada favorablemente pola Sala de Goberno do TSX de Galiza e o CXPX para o establecemento dun sistema de gardas de 24 nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña?

. Cal é o número de detidas e requisitoriadas presentados no ano 2021 nos Xulgados de Instrución dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña?

. Cal é o número de solicitudes de ordes de protección e medidas de afastamento tramitadas nos Xulgados de Garda dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña no ano 2021?

. Solicitou a Xunta de Galiza a emisión dalgún informe específico sobre a carga de traballo dos Xulgados de Garda de A Coruña e Vigo?

. No seu caso, cal foi a data e o resultado do referido informe?

. Considera a Xunta de Galiza que a poboación que abranguen, a actividade e carga de traballo que teñen e as singularidades que presentan xustifican que os partidos xudiciais de Vigo e A Coruña sexan os únicos Xulgados de Instrución de todo o Estado que non contan cun sistema de garda de 24 horas?

. Entende a Xunta de Galiza que o incremento dos índices de criminalidade experimentado fan urxente a implantación do referido sistema de garda?

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46061
Data envio: 29/12/2022 17:01:34.711

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Mercedes Queixas Zas

Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/12/2022 17:00:52

Mercedes Queixas Zas na data 29/12/2022 17:00:57

Alexandra Fernández Gómez na data 29/12/2022 17:01:06

Carmela González Iglesias na data 29/12/2022 17:01:13

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46062
Data envio: 29/12/2022 17:07:32.838

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cúmprense neste ano 2022 cen anos dende que a Illa da Creba, en Esteiro-Muros, se inscribira a nome de propietarios particulares en 1922, sorprendentemente no libro do Rexistro da Propiedade correspondente ao Concello de Outes malia a que o deslinde do Instituto Xeográfico Nacional de 1920 situábaa no termo municipal de Muros.

Dende aquela houbo todo tipo de actuacións na Illa, vinculada dende entón a pleitos pola súa propiedade e a determinadas actuacións que durante anos viñeron impedindo o acceso ao público.

A construción dunha edificación, o levantamento de valados, a instalación de vixiancia para impedir o paso, as obras de construción de espigóns, rampa e recheos que ocuparon máis de 5.000 metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre, construción dun peirao cunha ocupación de preto de 1.900 metros cadrados de dominio público, que malia a denegarse e ao pronunciamento da Xustiza no ano 2002 continúa en pé, plantación de abundante vexetación, na súa meirande parte piñeiros, instalación de fontes de enerxía renovábel, eólica e solar, etc., son algunhas das actuacións que se levaron a cabo na Illa dende os anos 80.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46062
Data envio: 29/12/2022 17:07:32.838

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para perplexidade da veciñanza de Esteiro, na actualidade, anúnciase en distintas páxinas como "A Creba, Private Island", e nas mesmas figura como unha "exclusiva vila de luxo atlántica". É dicir, destinada a usos turísticos.

As intensas mobilizacións sociais e de protesta dos anos 90, coincidindo coa solicitude de ocupación de zona marítimo-terrestre para construír unha rampa de atraque provista de pantalán frotante e protexida por dous espigóns, provocaron o posicionamento contrario á devandita construción por parte dos concellos de Muros e Noia e que a Xunta de Galiza remitira tamén un informe negativo, con data de 29 de xullo de 1997, ao Ministerio de Medio Ambiente por considerar que as obras solicitadas "poden incidir negativamente sobre as correntes da zona, e principalmente sobre o banco de ameixa babosa da Creba". No entanto, a día de hoxe os usos públicos da Illa continúan sen seren restaurados e sen que as distintas administracións tomen como propia a súa defensa.

Un espazo que fora clasificado como "espazo natural protexido" no anexo número 2 das normas complementarias e subsidiarias da provincia da Coruña e que fora recoñecido en resposta parlamentar ao BNG no Congreso dos Deputados, en novembro de 1998, como "clasificado como suelo no urbanizable de Protección de Especies Naturales", continúa hoxe -neste mesmo mes de maio- a ser obxecto de obras de pavimentación de vías e de construción de valados de pedra e cemento á beira do mar, sen que ninguén acerte a comprender quen e como se permiten.

Neste contexto e co coñecemento de todos os antecedentes de actuacións anteriores, cabe, máis que nunca, poñer en valor o acordo unánime do Parlamento Galego, do 19 de setembro de 2007, onde se instaba a Xunta a:

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46062
Data envio: 29/12/2022 17:07:32.838

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- "Levar adiante as actuacións necesarias para a restitución da titularidade pública da Illa da Creba conforme á planificación que se estableza para a protección das illas do litoral galego e a restitución da titularidade pública.

- Realizar un estudo sobre os valores medioambientais da Illa da Creba e dos fondos mariños, a fin de valorar a posibilidade de protexer este espazo a través dalgunha das figuras recollidas na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, ou de incluía na proposta para a ampliación da Rede Natura 2000 en Galiza.

- Facer as xestións necesarias a fin de axilizar o proxecto de restitución da zona de dominio público marítimo-terrestre, garantindo que as obras de restitución non afecten á actividade pesqueira e marisqueira desta zona."

É evidente que á vista dos case 15 anos transcorridos dende ese acordo e á vista tamén da inacción da Xunta en darlle cumprimento, cómpre actualizalo e reforzalo para reverter as actuacións que consolidaron a privatización da Illa da Creba e, polo tanto, iniciar e intensificar todas aquelas conducentes á súa recuperación para o uso público e mesmo ao recoñecemento da súa titularidade pública.

Os pasos dados para a non tan lonxana recuperación para o uso público das illas de Sálvora, Vionta e Cortegada poden e deben ser o referente dunha liña de actuación que conclúa coa devolución da Illa da Creba á súa histórica titularidade pública.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Segundo os datos da Xunta de Galiza, a que concello pertence a Illa da Creba?

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46062
Data envio: 29/12/2022 17:07:32.838

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cales son os límites entre o concello de Muros e o concello de Outes? Dende cando?.

. Considera o Goberno galego que os actos administrativos ditados por unha administración local diferente á do termo municipal ao que se adscribe a Illa da Creba son firmes e axustados a dereito? De ser así, en que se basea?

. Que información posúe a Xunta de Galiza sobre a propiedade da Illa da Creba?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2022

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 29/12/2022 17:06:38

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/12/2022 17:06:49

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2022 17:07:00

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46063
Data envio: 29/12/2022 17:11:28.370

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e **Iria Carreira Pazos**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a dotación de persoal especializado en salvamento, socorrismo e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2021 numerosos espazos, tanto naturais como instalacións acuáticas, non puideron abrir ao público pola imposibilidade de atopar persoal capacitado para prestar servizo de salvamento, socorrismo e primeiros auxilios, a pesar de existir inscritas no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galiza un número de persoas abondo para poder atender todos os espazos existentes en Galiza.

Ante tal situación a Xunta de Galiza decidiu regular novamente as condicións necesarias para o exercicio profesional das actividades de salvamento, socorrismo acuático e de primeiros auxilios nos espazos naturais e instalacións acuáticas de Galiza, o que realizou mediante o Decreto 152/2021, do 21 de outubro, publicado no DOG núm.216 do 10 de novembro de 2021.

Aínda que facilitar a posibilidade de acceso ao Rexistro Profesional de Socorristas, sen que en modo algún poda implicar unha relaxación dos requirimentos e da capacitación profesional para prestar un servizo tan importante para a seguridade das usuarias dos espazos acuáticos de Galiza, pode contribuír a incrementar o número de

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46063
Data envio: 29/12/2022 17:11:28.370

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas aptas para a prestación do servizo; como queda acreditado coa relación entre inscritas no Rexistro e traballadoras contratadas, estou non é abondo para garantir a súa presenza nos espazos acuáticos de Galiza. Seguramente impedir a precarización das traballadoras, e a estabilidade e dignificación do traballo é o vieiro necesario para a cobertura do servizo nos diferentes espazos acuáticos de Galiza e que o mesmo sexa prestado nas condicións de seguridade e profesionalidade que a exixe a protección das persoas usuarias.

Asemade a existencia de eventuais discrepancias entre a regulación actual e os requirimentos que en tempos anteriores posibilitaban o exercicio da actividade de socorrismo e salvamento acuático provocou inseguridade nas entidades contratantes deste servizo esencial para a apertura destes espazo de lecer e práctica deportiva, así como nos propios profesionais do sector.

E por iso a fin de clarexar a existencia dalgunha das disparidades que a vixente normativa xa está a producir, así como coñecer a efectiva resolución dos problemas que impediron que parte da cidadanía de Galiza non puidese desfrutar moitas das persoas dos espazos acuáticos de Galiza, o que tamén limita a oferta turística e de lecer de moitos lugares de Galiza, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Coñece a Xunta de Galiza se no ano 2021 algunhas instalacións acuáticas deixaron de abrir ao público, ou ampliar o seus horarios, na época de verán por non dispor de servizo de socorrismo e salvamento?

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46063
Data envio: 29/12/2022 17:11:28.370

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cal é o número de socorristas que, na tempada de verán, se precisa habitualmente en Galiza para o funcionamento en condicións de seguridade do espazos naturais e instalacións acuáticas existentes?

. Cal é o número de persoas inscritas nos rexistros profesionais de socorristas de Galiza?

. Que factores impiden a cobertura da totalidade das prazas necesarias para a apertura dos espazos acuáticos?

. A posesión do título de técnico superior en animación de actividades físicas e deportivas ao abeiro do disposto no real decreto 2048/1995 permite o exercicio actual da actividade profesional de socorrista e a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galiza?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46063
Data envio: 29/12/2022 17:11:28.370

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2022 17:10:43

Iria Carreira Pazos na data 29/12/2022 17:10:46

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/12/2022 17:10:56

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46064
Data envio: 29/12/2022 17:17:32.745

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Luis Bará Torres e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a presenza de persoas menores de idade en espectáculos taurinos nas Festas da Pascua 2022 en Padrón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 24 de setembro de 2015, após unha moción presentada polo BNG, o concello de Padrón acordou en sesión plenaria declararse contrario á celebración de festexos taurinos, así como declarar que o consistorio non participará, nin de forma directa nin de forma indirecta, na promoción ou impulso deste tipo de eventos. Non obstante, o goberno municipal do Partido Popular non respectou este acordo e no programa das "Festas da Pascua 2022" volveron a estar presentes as corridas de touros, vulnerando así a vontade manifestada maioritariamente pola representación da cidadanía.

Ante este feito, o propio domingo 17 de abril tivo lugar unha concentración de protesta no concello que mobilizou a un grupo numeroso de persoas que se manifestaron en contra da celebración deste espectáculo na que tamén estiveron presentes tanto organizacións políticas, como ecoloxistas e animalistas. Mentres que se desenvolveu a devandita concentración, as manifestantes puideron observar, do mesmo xeito que tamén o fixeron as forzas e corpos de seguridade que se atopaban no lugar por mor da protesta, como se permitiu a entrada de crianzas de curta idade ao interior do recinto no que se celebraba a corrida de touros.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46064
Data envio: 29/12/2022 17:17:32.745

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre lembrar que segundo a lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galiza, as persoas menores de 12 anos teñen prohibida a entrada a este tipo de espectáculos (artigo 16.2). Do mesmo xeito, en relación á presenza de menores nos festexos taurinos, en febreiro de 2018 o Comité dos Dereitos do Neno e da Nena emitiu as súas recomendacións a respecto do cumprimento da Convención sobre os Dereitos do Neno da Organización das Nacións Unidas, ratificada polo goberno estatal. Nestas recomendacións sinala que "co fin de previr os efectos nocivos da tauromaquia en nenos, o Comité recomenda que o Estado prohiba a participación de nenos menores de 18 anos como toureiros e espectadores en corridas de touros".

Con este tipo de espectáculos trátase de promover tradicións foráneas como as capeas, as touradas, tentadeiros e outros eventos de maltrato animal que nada teñen que ver coa nosa realidade cultural. Tal e como reflicten as enquisas e sondaxes de opinión que se levan realizado ao respecto, como pode ser a enquisa de Hábitos e Prácticas culturais do Ministerio de Cultura, o 99,6% da poboación galega declarou non asistir a festexos taurinos no último destes estudos realizado no período 2018-2019.

E por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

– Autorizou a Xunta de Galiza a celebración deste espectáculo taurino?

– Comparte o goberno galego os intentos de promover estes espectáculos de maltrato animal alleos á cultura galega?

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46064
Data envio: 29/12/2022 17:17:32.745

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Ten coñecemento o goberno galego da presenza de persoas menores de 12 anos no espectáculo taurino que tivo lugar o pasado domingo 17 de abril no marco das "Festas da Pascua 2022"?

– Realizouse algún tipo de denuncia, identificación de atestado ante este feito?

– Ten iniciado o goberno galego algún tipo de expediente de sanción ante estes feitos?

– Que medidas ten previstas para dar cumprimento ás recomendacións feitas polo Comité dos Dereitos do Neno e da Nena da ONU no referido á presenza de menores de idade en corridas de touros?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2022

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/12/2022 17:16:42

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46064
Data envio: 29/12/2022 17:17:32.745

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2022 17:16:47

Iria Carreira Pazos na data 29/12/2022 17:16:57

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46065
Data envio: 29/12/2022 17:23:35.901

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e **María González Albert**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de creación dun novo xulgado de primeira instancia en Ourense para a súa especialización en dereito de familia e capacidade das persoas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Reiterando o manifestado por este grupo parlamentar en anteriores iniciativas, así como o expresando por diferentes colectivos e operadores xurídicos de Ourense, o Xulgado de Primeira Instancia núm.6 do partido xudicial de Ourense ven soportando dende hai anos unha elevadísima carga de traballo que excede con moito o máximo establecido polo Consello Xeral do Poder Xudicial e que para evitar un inmediato colapso obrigou a adopción de medidas extraordinarias de apoio e reforzo e a un seguimento específico por parte do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Como é ben sabido e recorrentemente invocado pola Xunta de Galiza para tentar xustificar a súa negativa ás demandas de incremento da pranta xudicial de Galiza, o Consello Xeral do Poder Xudicial e o Ministerio de Justicia do Goberno do Estado acordaron a fixación dun módulo orientativo para determinar "a carga de traballo que poda soportar un órgano xurisdicional".

No Anexo do referido Acordo establecese en 1.323 o número de entrada de asuntos que podería soportar un Xulgado de Familia.

CSV: BOPGDSPG-fw6CqgGa8-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 46065
Data envio: 29/12/2022 17:23:35.901

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pois ben nos últimos 5 anos, mesmo incluíndo o ano 2018 no que as funcionarias de Administración de Xustiza víronse abocadas a unha folga de 4 meses de duración, os asuntos que tiveron entrada no Xulgado de Primeira Instancia núm.6 de Ourense (que ten atribuído en exclusiva os asuntos propios do dereito de familia, capacidade das persoas...) exceden con moito o nivel máximo establecido polo CXPX.

Así, segundo a estadística xudicial elaborada polo Consello Xeral do Poder Xudicial o número de entrada de asuntos no Xulgado de Familia de Ourense foi:

EXERCICIO	ASUNTOS INGRESADOS
2021	2.292
2020	2.075
2019	2.238
2018	2.029
2017	2.059
2016	2.036

Como consecuencia de tan elevada carga de traballo e do elevadísimo rendemento da oficina xudicial, o Xulgado presenta unhas taxas de pendencia moi superiores á media, polo que resulta incompresíbel que a Xunta de Galiza non propoña a creación dun novo xulgado de Primeira Instancia no partido xudicial de Ourense.

A finais do mes de marzo de 2022 á Comisión Mixta d Xustiza en Galiza acordou propor ao Ministerio de Justicia a creación de 7 novos órganos xudiciais, número extraordinariamente superior aos creados na última década, a pesares do que non se considerou necesario incrementar a planta xudicial de Primeira Instancia no partido de Ourense.

